

**MEMORIA
DO
CURSO**

2022-2023



CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE

ÍNDICE

A. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO.....	4
1. Descrición.....	4
2. Número de unidades.....	4
3. Alumnado matriculado neste Centro.....	5
4. Órganos unipersoais de goberno:.....	6
5. Órganos colexiados de goberno.....	6
6. Órgano colexiado consultivo: Comisión de convivencia.....	9
7. Órganos de coordinación docente.....	10
8. Departamento de orientación.....	12
9. Horario.....	13
10. Servizos complementarios.....	17
B. MEMORIAS DOS DIFERENTES EQUIPOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....	18
1. Órganos de coordinación docente.....	18
1.1. Segundo ciclo de Educación Infantil.....	18
1.2. Primeiro de Educación Primaria.....	27
1.3. Segundo de Educación Primaria.....	36
1.4. Terceiro de Educación Primaria.....	43
1.5. Cuarto de Educación Primaria.....	50
1.6. Quinto de Educación Primaria.....	57
1.7. Sexto de Educación Primaria.....	63
2. Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	71
3. Equipo de Dinamización da lingua galega.....	73
4. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.....	75
C. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.....	76

1. Pedagogía terapéutica.....	76
2. Audición e linguaxe.....	81
D. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	84
E. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA, ASÍ COMO GRUPOS DE TRABAJO.....	91
1. Dinamización da biblioteca.....	91
2. Dinamización das TIC (tecnoloxías da información e comunicación).....	94
3. <i>Contratos-Programa</i>	104
4. <i>Voz Natura</i>	111
5. Radio na biblio.....	116
F. ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.....	119
G. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO POR PARTE DO PERSOAL DE SECRETARÍA E DOS MEMBROS DO EQUIPO DIRECTIVO.....	122
H. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	122
I.- ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE CUARTO DE PRIMARIA.....	124
J. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2022/2023.....	124
K. AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.....	127
L. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA.....	129
M. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	131
N. NECESIDADES DO CENTRO.....	132
Ñ. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS AO PRINCIPIO DE CURSO NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.....	133
O. AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.....	133
P. VALORACIÓN DO CURSO 2022-2023.....	134

A. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO

1. Descrición

Zona educativa: A Guarda – Santa María

Código: 36003959

Domicilio: Rúa Tui, 15. 36780. A Guarda. Pontevedra

Teléfono: 886110086/7/8

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/>

Tipo: Centro Público de Educación Infantil e Primaria

Centro ao que está adscrito: I.E.S. A Sangriña, A Guarda

2. Número de unidades

Educación	Primeiro ciclo						TOTAL
Infantil	1º		2º		3º		
	0		0		0		0
	Segundo ciclo						
Infantil	4º		5º		6º		
	1		1		1		3
Educación	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Primaria	1	1	1	1	1	1	6
Unidades totais							9

A mestra de relixión con base no noso centro é compartida co CEIP Nicolás Gutiérrez Campo, compartindo horario segundo as necesidades. Ademais encargouse da Coordinación do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar.

A orientadora tamén é compartida co centro Nicolás Gutiérrez Campo "As Solanas", sendo o noso o centro base. Atende ao noso centro os martes, mércores e venres de 9:00 a 14:00 horas. Polas tardes está no

centro os primeiros, terceiros e, de ser o caso, os quintos martes de cada mes. Aínda que resultou un avance ser o centro base, tendo en conta a cantidade de necesidades existentes, o ideal sería que non estivera compartida debido á elevada carga de traballo que supón xa o noso colexio.

O mestre de inglés impartiu esta materia no segundo ciclo de educación Infantil e en toda a educación primaria, e unha sección bilingüe de plástica en 1º e 2º de primaria. Tamén se encargou da coordinación da sección bilingüe e da auxiliar de conversa. Este curso, a auxiliar foi compartida con Solanas no que tivo o seu centro base. Acudiu ao centro os martes e os mércores. Nese horario atendeu as dúas horas da sección bilingüe en Plástica de 1º e 2º de Primaria e procurouse que estivese, como mínimo, unha sesión en cada curso de Infantil e dos restantes de Primaria.

A mestra de filoloxía francesa realizou as tarefas propias dunha mestra de primaria sendo a titora do 4º curso desta etapa ao non haber alumnado para esta lingua estranxeira. O posto da titular dunha praza de primaria que se atopa en comisión de servizos foi ocupado por unha mestra interina que se encargou da titoría de 1º de Primaria.

O mestre de Música, ademais da dirección do centro, impartiu unha sesión semanal de Educación Musical no segundo ciclo de educación infantil e en todos os cursos de Primaria, ademais de labores de reforzo segundo as necesidades do centro en cada momento.

O mestre de Educación Física con destino definitivo no centro, impartiu esta materia en toda a Primaria e tres sesións de Psicomotricidade en Educación Infantil. Ademais fixo apoio en Lingua galega en 5º de Primaria e é secretario do centro.

Este ano académico seguimos a contar cunha segunda mestra de Pedagogía Terapéutica dedicada principalmente ao alumnado de Atención Preferente e como complemento á outra mestra de P.T. que exerceu labores de Xefatura de Estudos. Foi asignada en Comisión de servizos. Tamén está en Comisión de Servizos por Atención Preferente a alumnado NEE e a tempo completo, a mestra de A.L.

O aumento de alumnado con NEAE fixo necesario seguir contando cunha coidadora para atender as necesidades dun alumno durante o tempo de permanencia no centro. A mediados de curso decidiuse prescindir da segunda coidadora posto que non se consideraba necesaria.

3. Alumnado matriculado neste Centro.

Ao longo do curso houbo unha sensible variación na matrícula debido a varias altas e baixas. Ao remate de curso a matrícula era a seguinte:

Educación Infantil	4º curso	7
	5º curso	12
	6º curso	22
	Total Educación Infantil	41
Educación Primaria	1º curso	18
	2º curso	19
	3º curso	14
	4º curso	23
	5º curso	14
	6º curso	15
	Total Educación Primaria	102
Total centro		144

4. Órganos unipersonais de goberno:

CARGO	NOME E APELIDOS	TOMA DE POSESIÓN
Director	D. Javier Constenla Ribadeo	01-07-2019
Xefa de estudos	Dna. Marcolina Núñez Franco	01-07-2019
Secretario	D. Luis Alberto Alonso Vicente	01-07-2019

5. Órganos colexiados de goberno.

5.1. Claustro de mestras e mestres

4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)	Dona Isabel Martínez Álvarez
5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)	Dona María del Carmen González Barbosa
6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)	Dona Iris Rodríguez Rodríguez

1º EDUCACIÓN PRIMARIA	Dona Cristina Rodríguez Pumar
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	Dona M ^a Isabel de la Santísima Trinidad Gómez
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	Dona Mercedes Sánchez García
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	Dona Jennifer Otero González
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	Dona Belén Bascoy Cao
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	Dona Gloria Inés Vázquez Castro
APOIO EDUCACIÓN INFANTIL:	Dona María Montserrat Garcés Domínguez
AUDICIÓN E LINGUAXE:	Dona Beatriz Mauri Martínez
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Dona Marcolina Núñez Franco Dona Nerea Costas Pereira
ORIENTADORA	Dona Éster Pérez Martínez
EDUCACIÓN FÍSICA:	Don Luis Alberto Alonso Vicente
INGLÉS:	Don Marcos Mazás Fuentes
MÚSICA:	Don Javier Constenla Ribadeo
RELIXIÓN CATÓLICA:	Dona Beatriz Lomba Portela
PROGRAMA PROA+	Dona María Alonso Cerqueira

Formaron parte do claustro temporalmente como substitutos do profesorado que estivo de baixa, os seguintes mestres e mestras:

ORIENTACIÓN	Dona Belén Giménez Solla (13/09/2022 - 31/06/2023)
-------------	---

5.2. Consello Escolar

Durante este curso produciuse a renovación parcial quedando así a constitución do mesmo:

SECTOR	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	Don Javier Constenla Ribadeo
SECRETARIO	Don Luís Alberto Alonso Vicente
XEFA DE ESTUDOS	Dona Marcolina Núñez Franco
REPRESENTANTES PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS	Don Daniel Alonso Pérez Dona Gemma María Álvarez González Don Luis Eduardo Castro Rodríguez (ANPA) Dona Leticia Martínez Pérez Dona Zaira Rodríguez Vicente
REPRESENTANTES PROFESORADO	Dona Nerea Costas Pereira Dona María del Carmen González Barbosa Dona Jennifer Otero González Dona Éster Pérez Martínez Dona Iris Rodríguez Rodríguez
REPRESENTANTE CONCELLO	Dona Fátima Rodríguez Marcos
REPRESENTANTE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS	Dona María Teresa Pérez Cadilla

O Consello Escolar reuniuse, como é preceptivo, como mínimo unha vez por trimestre e cando se considerou necesario. Os acordos tomados referentes ás propostas feitas sempre foron sometidos a valoración e a discusión por parte dos seus membros.

As reunións realizadas este curso foron as seguintes:

05/09/2022	12:00	Extraordinario
------------	-------	----------------

04/10/2022	18:00	Ordinario
12/12/2022	14:05	Ordinario
17/01/2023	18:00	Ordinario
30/01/2023	14:00	Extraordinario
17/02/2023	13:30	Extraordinario
14/03/2023	18:00	Ordinario
30/03/2023	14:15	Extraordinario
16/05/2023	18:00	Ordinario
29/06/2023	12:00	Ordinario

5.3. Comisión Económica

Director: Don Javier Constenla Ribadeo
Secretaria: Don Luís Alberto Alonso Vicente
Representante do profesorado: Dona Nerea Costas Pereira
Representante das familias: Dona Zaira Rodríguez Vicente

A comisión económica reuniuse en sesión ordinaria o día 17 de xaneiro de 2023 para revisar as contas do ano 2022 e levalas ao Consello Escolar. Debido a varios ingresos realizados pola Consellería no ano 2023 que tiveron que ser incluídos nas contas do ano 2022, celebráronse dúas reunións ordinarias máis desta Comisión os días 30 de xaneiro de 2022 e 17 de febreiro de 2023.

6. Órgano colexiado consultivo: Comisión de convivencia.

A súa composición é a seguinte:

Presidente:	Don Javier Constenla Ribadeo
Representante do profesorado e secretaria	Dona Marcolina Núñez Franco
Orientadora:	Dona Belén Giménez

Coordinadora de coeducación e representante das familias	Don Luis Eduardo Castro Rodríguez
--	-----------------------------------

Administración e servizos:	Dna. M ^a Teresa Pérez Cadilla
----------------------------	--

Mantivéronse tres reunións, unha por trimestre, para dar conta da evolución da Convivencia no centro. A continuación recóllense as datas das mesmas:

04/10/2022 - Reunión extraordinaria.

17/01/2023 - Reunión extraordinaria.

29/06/2022 - Reunión extraordinaria.

A convivencia este curso veuse alterada principalmente pola mala relación entre determinados alumnos do grupo de 6º de primaria e polos comportamentos disruptivos dun neno de educación infantil.

A maiores disto só se usou a aula de convivencia en varias ocasións. Para o ano próximo seguiremos tendo esta medida como correctiva para comportamentos disruptivos na aula. Nas sesións de avaliación foron recollidos informes pola dirección do centro que nas reunións a transmitiu a este órgano.

7. Órganos de coordinación docente.

2º Ciclo de Educación Infantil	<p>Dna. Isabel Martínez Álvarez (Titora de 4º)</p> <p>Dona María del Carmen González Barbosa (Titora de 5º)</p> <p>Dona Iris Rodríguez Rodríguez (Titora de 6º)</p> <p>Dna. María Montserrat Garcés Domínguez (Mestra de apoio e coordinadora)</p>
Educación Primaria	<p>Dona Cristina Rodríguez Pumar (Titora 1º)</p> <p>Dona M^a Isabel de la Santísima Trinidad Gómez (Titora 2º)</p> <p>Dona Mercedes Sánchez García (Titora 3º)</p> <p>Dona Jennifer Otero González (Titora 4º)</p> <p>Dona Belén Bascoy Cao (Titora 5º)</p> <p>Dna. Gloria Inés Vázquez Castro (Titora 6º)</p>

	<p>Don Marcos Mazás Fuentes (Inglés)</p> <p>Don Luís Alberto Alonso Vicente (Ed. Física)</p> <p>Dona Beatriz Lomba Portela (Relixión)</p> <p>Don Javier Constenla Ribadeo (Música)</p> <p>Dona Marcolina Núñez Franco (PT)</p> <p>Dona Nerea Costas Pereira (PT)</p> <p>Dona Ester Pérez Martínez (AL)</p> <p>Dona María Alonso Cerqueira (Mestra PROA+)</p>
<p>Dinamización da Lingua Galega</p>	<p>Dona Belén Bascoy Cao (Coordinadora)</p> <p>Don Luís Alberto Alonso Vicente</p> <p>Dona Marcolina Núñez Franco</p> <p>Dona Gloria Inés Vázquez Castro</p>
<p>CCP Comisión de Coordinación Pedagóxica</p>	<p>Don Javier Constenla Ribadeo (presidente)</p> <p>Dona Marcolina Núñez Franco (vicepresidenta e PT)</p> <p>Dona Belén Giménez Solla (orientadora e secretaria)</p> <p>Dona María Montserrat Garcés Domínguez (coordinadora Infantil)</p> <p>Dona Cristina Rodríguez Pumar (titora de 1º)</p> <p>Dona Mª Isabel de la Stma. Trinidad Gómez (titora de 2º)</p> <p>Dona Mercedes Sánchez García (titora de 3º)</p> <p>Dona Jennifer Otero González (titora de 4º)</p> <p>Dna. Belén Bascoy Cao (titora de 5º e coordinadora EDLG)</p> <p>Dna. Gloria Inés Vázquez Castro (titora de 6º)</p> <p>Dona Nerea Costas Pereira (PT)</p> <p>Dona Ester Pérez Martínez (AL)</p> <p>Dona Beatriz Lomba Portela (coordinadora da biblioteca)</p>
<p>Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares</p>	<p>Todo o profesorado.</p> <p>Dona Isabel Martínez Álvarez (coordinadora)</p>

Dinamización da Biblioteca	Dna. Montserrat Garcés Domínguez Dona Beatriz Lomba Portela (coordinadora) Dona Isabel Martínez Álvarez Don Marcos Mazás Fuentes Dona Jennifer Otero González Dona Cristina Rodríguez Pumar
Dinamización das TIC	Don Javier Constenla Ribadeo Dona Nerea Costas Pereira (coordinadora) Dona Ester Pérez Martínez
Voz Natura	Dona María del Carmen González Barbosa Dona M ^a Isabel de la Stma. Trinidad Gómez (Coordinadora) Dona Mercedes Sánchez García
Convivencia	Dona María Alonso Cerqueira Don Javier Constenla Ribadeo Dona Belén Giménez Solla (coordinadora) Dona Marcolina Núñez Franco

8. Departamento de orientación

Xefa do departamento	Dona Belén Giménez Solla
Coordinadora de Educación Infantil	Dona Montserrat Garcés Domínguez
Titora de 1º	Dona Cristina Rodríguez Pumar
Titora de 2º	Dona M ^a Isabel de la Santísima Trinidad Gómez
Titora de 3º	Dona Mercedes Sánchez García
Titora de 4º	Dona Jennifer Otero González
Titora de 5º	Dona Belén Bascoy Cao

Titora de 6º	Dona Gloria Inés Vázquez Castro
Profesora de Audición e linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez Martínez
Profesora de Pedagogía Terapéutica e compoñente do equipo directivo	Dona Marcolina Núñez Franco
Profesora de Pedagogía Terapéutica	Dona Nerea Costas Pereira

9. Horario

O horario lectivo foi de xornada continuada en sesión única de mañá. O alumnado accedía ao centro a partir das 8:50 e a entrada ás aulas produciase ás 9:00 horas. A hora de saída foron as 14:00.

A distribución horaria en Infantil e Primara coincidiu tanto nos tempos de recreo como nas sesións lectivas.

O horario foi o seguinte:

Educación infantil e primaria	
1ª sesión	9:00 – 9:55
2ª sesión	9:55 – 10:50
3ª sesión	10:50 – 11:45
RECREO	11:45 -12:15
Tempo de lectura	12:15 - 12:30
4ª sesión	12:30 - 13:15
5ª sesión	13:15 - 14:00

As tres primeiras sesións foron de 55 minutos para deixar 15 minutos despois do recreo para a hora de ler. As sesións de despois do recreo foron de entre 35 e 45 minutos.

O horario de permanencia do profesorado foi de 8:45 a 14:15 e tres horas a tarde dos martes. Ademais de cumprir con este horario, o profesorado asistiu ás sesións de avaliación que por falta de tempo fixéronse fóra do horario de permanencia obrigada.

O horario da tarde do martes organizouse do seguinte xeito:

Cada martes permaneceu no Centro de 16:00 h a 17:00 h para atender ás familias, de 17:00 a 18:00 para atender ás distintas reunións de coordinación de ciclo, CCP, actividades extraescolares ou reunións informativas e a sesión de 18:00 a 19:00 dedicábase as reunións das diferentes dinamizacións ou consellos escolares de ser o caso.

Na programación xeral estableceuse un horario para a tarde dos martes, co fin de facer unha distribución das reunións dos equipos de coordinación docente e dinamizacións ao longo do mes.

1º martes	16:00 a 17:00.-Atención ás familias 17:00 a 18:00.-Reunión de Claustro. 18:00 a 19:00.-Dinamizacións: Biblioteca, E.D.L.G. ,TIC e Voz Natura ou Consello Escolar (de ser o caso)
2º martes	16:00 a 17:00.-Atención ás familias 17:00 a 18:00.-Reunión do equipo de Extraescolares. 18:00 a 19:00.-Dinamizacións: Biblioteca, E.D.L.G., TIC e Voz Natura
3º martes	16:00 a 17:00.-Atención ás familias/ Reunión do departamento de orientación 17:00 a 18:00.-Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Reunión do Departamento de Orientación 18:00 a 19:00.-Dinamizacións: Biblioteca, E.D.L.G., TIC e Voz Natura
4º martes	16:00 a 17:00.-Atención ás familias 17:00 a 18:00.-Reunión de cursos ou ciclos. 18:00 a 19:00.-Dinamizacións: Biblioteca, E.D.L.G., TIC e Voz Natura

Valoración do cumprimento dos horarios:

En canto aos horarios das actividades programadas para os martes pola tarde, tratouse de respectalos aínda que en ocasións algunha reunión se alargou sobre o horario da seguinte. En ocasións pola cantidade de temas a tratar pero tamén debido a que non se comezan as reunións con puntualidade.

Fíxose algún cambio na orde, motivado polas datas de avaliación da PXA, estado de contas ou a xestión de orzamento, días festivos,...

A celebración das reunións dos martes realizadas neste curso quedan recollidas na seguinte táboa:

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO
1 e 6.- Claustro 5.- Consello escolar 13.- Extraescolares 20.- CCP 27.- Cursos/ciclos	4.- Claustro e C.E. (PXA) 11.- Extraescolares 18.- CCP 26.- Cursos/ciclos.	8.- Extraescolares 15 e 29.- Claustro 22.- Cursos/ciclos 29.- CCP	12.- Consello escolar 12* e 19.- Avaliación 20.- Atención ás familias *(Adiantouse do martes ao luns)	10.- Extraescolares 17.- Claustro 17 e 30.- C.E. 24.- Cursos/ciclos 31.- CCP
FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
7.- Claustro 14.- Extraescolares 17.- C.E. 28.- Cursos/ciclos	7.- Extraescolares 14 e 30.- Claustro e C.E. 21 e 27.- Avaliación 28.- Familias	11.- Extraescolares 18.- CCP 25.-Cursos/ciclos	9.- Extraescolares 16.- Claustro e C.E. 23.- Cursos/ciclos 30.- CCP	6 e 29.- Claustro 12* e 19.- Avaliación 20.- Atención ás familias 27.- CCP *(Adiantouse do martes ao luns)

Este ano non houbo actividades extraescolares da ANPA no centro. Decidiuse abrir a biblioteca as tardes dos xoves coincidindo coas clases de balonmán da Deputación no pavillón do centro. Eses días o profesorado fixo garda no centro para que o alumnado e as familias puidesen acceder á biblioteca.

No horario lectivo de primeiro a sexto de Primaria contouse con dúas sesións en cada curso con apoios para traballo variado na procura da adquisición das competencias clave dentro dos Contratos-Programa.

A mestra de apoio de Infantil fixo reforzo en todas as aulas de Educación infantil.

Recuperáronse as zonas de recreo previas á pandemia ao desaparecer os grupos burbulla. Quedaron establecidas 3 zonas para primaria (patio do Sol, pavillón e patio de Primaria) con dous mestres ou mestras de garda. Tamén tiñan establecidos días para o uso de tenis de mesa e das cociñas da zona cuberta da fachada principal. En días de choiva o patio realizouse no pavillón. O alumnado tamén puido acudir á biblioteca durante o tempo de recreo.

O alumnado de Infantil usou o seu patio e a aula de psicomotricidade. Tamén tiveron asignados dous días de uso do patio do sol. En caso de non acudir podía empregalo o alumnado de primaria. Os recreos de infantil estiveron vixiados por dúas mestras ou mestres.

Foi preciso establecer dous Programas de adquisición de linguas para dous alumnos chegados do estranxeiro.

Os horarios de docencia cos/as alumnos/as desenvolvéronse sen dificultades como estaban programados, facendo os cambios trimestrais dos apoios nas aulas e apoios de PT e AL segundo as altas e baixas do alumnado con necesidades educativas.

Claustro de mestres e mestras reuniuse oficialmente os días

01/09/2022	10:00	Ordinario
06/09/2022	09:30	Ordinario
04/10/2022	17:00	Ordinario
15/11/2022	17:00	Ordinario
29/11/2022	17:00	Extraordinario
17/01/2023	17:00	Ordinario
07/02/2023	17:00	Ordinario
14/03/2023	17:00	Ordinario
30/03/2023	14:00	Extraordinario
16/05/2023	17:00	Ordinario
06/06/2023	17:00	Ordinario
29/06/2023	10:00	Ordinario

Fixéronse dun xeito informal reunións informativas cando a situación o requiriu para concretar certas actuacións relativas ás conmemoracións ou a informacións urxentes.

A asistencia aos claustros como a estas reunións foi maioritaria. A ausencia dalgún membro estivo xustificada.

Os grupos de traballo de Dinamización da Lingua Galega, Biblioteca, Voz Natura e Tics tiveron as súas reunións de traballo as tardes dos martes na terceira hora de traballo.

DIFICULTADES ATOPADAS

Houbo certos atrancos á hora de cubrir as ausencias do profesorado, sempre xustificadas, pero que en ocasións puntuais chegaron a faltar ata 3 mestres/as simultaneamente.

Producíronse altas e baixas de alumnado ao longo do curso, principalmente na primeira metade o que implicou un traballo extra na aclimatación das novas nenas e nenos na dinámica do centro e das aulas ademais dos xa mencionados Grupos de adquisición de linguas que supuxeron unha sobrecarga de traballo para o profesorado e para a Xefatura de estudos.

A hora de reunión dos equipos de dinamización en ocasións quedou solapada pola prolongación da reunión anterior, en parte pola falta de puntualidade no inicio das mesmas.

Os cambios de clase están marcados por unha breve melodía, o atraso dun profesor ou profesora provoca o encadeamento de pequenos atrasos nos cambios de profesorado, complicándose cando falta algún profesor e hai que facer garda.

PROPOSTAS DE MELLORA

Seguir poñendo e aumentando as horas de apoio nas aulas, na medida que o permita a dispoñibilidade horaria.

Preferiblemente que se fagan apoios nas aulas e non sacar ao alumnado fóra.

Mellorar a puntualidade nas reunións.

10. Servizos complementarios.

Este curso a ANPA continuou xestionando o comedor escolar.

O número de comensais diarios e non fixos foi de unha media de 11 alumnos e alumnas ao día.

O servizo que se presta á comunidade escolar desde a ANPA xestionando este servizo é moi de agradecer.

B. MEMORIAS DOS DIFERENTES EQUIPOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

1. Órganos de coordinación docente.

1.1. Segundo ciclo de Educación Infantil.

Titoras	4º de educación infantil	Dona Isabel Martínez Álvarez
	5º de educación infantil	Dona María del Carmen González Barbosa
	6º de educación infantil	Dona Iris Rodríguez Rodríguez
Especialistas	Apoio	Dona María Montserrat Garcés Domínguez
	Educación musical	Don Javier Constenla Ribadeo
	Relixión	Dona Beatriz Lomba Portela
	Lingua Estranxeira e Plástica	Don Marcos Mazás Fuentes
	Auxiliar de Conversa	Dona Dorene Elizabeth Sanchez
	Psicomotricidade	Don Luís Alberto Alonso Vicente
D. Orientación	Especialista Audición e Linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Dona Marcolina Núñez Franco Dona Nerea Costas Pereira

	Xefe do Departamento de Orientación	Dona Belén Giménez Solla
--	-------------------------------------	--------------------------

Distribución de alumnado por aula (variou ao longo do curso)

4º Educación Infantil	2	5	7
5º Educación Infantil	8	4	12
6º Educación Infantil	8	14	22
Total alumnado 2º ciclo de educación infantil	18	23	41

1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

3 ANOS:

Os obxectivos propostos neste curso foron superados sen dificultade pola maioría dos alumnos/as. Os relativos a autonomía persoal e hixiene están todos acadados. Atópanse certas dificultades na linguaxe e expresión dalgún cativo aínda que se observa bastante evolución dende principios de curso. Están todos iniciados en aspectos lóxico-matemáticos e de lecto-escritura. Os obxectivos relativos as artes, foron acadados na súa maioría.

4 ANOS:

Os obxectivos propostos neste curso foron superados sen dificultade pola maioría dos alumnos. Os relativos a autonomía persoal e hixiene están todos acadados.

Están iniciados na lecto-escritura...habendo moitos nenos que están progresando na etapa alfabética, e algúns xa van sendo capaces de ir lendo palabriñas, A representación do seu esquema corporal vai sendo bastante completo, aparecendo en case todos en todos eles ben diferenciadas a partes principais do corpo: cabeza, tronco, brazos, mans, pernas e pes ...e xa nalgúns ..aparecen outros detalles. Tamén coñecen a serie numérica, e asocian número con cantidade (a excepción está en catro nenos), tendo que seguir traballando a súa grafía.

5 ANOS.:

En xeral, os resultados académicos globais obtidos son satisfactorios, aínda que houbo dificultades específicas de determinados alumnos e alumnas que precisan atención individualizada.

O apoio recibido foi moi útil para adaptar o traballo ao alumnado con NEE. Sobre todo, todos os relacionados co seu coidado persoal, e a relación cos compañeiros.

2. Análise das dificultades.

3 ANOS: O horario establecido foi axeitado. A única excepción é que na hora de lingua estranxeira, resulta complicado sacarlle o máximo proveito a sesión xa que era a última hora da mañá e se notaba o cansancio dos nenos.

Poderíase resaltar que ao tratarse dun grupo de nenos/as tan reducido atópanse dificultades á hora de establecerse relacións sociais nos momentos de xogo libre. Por outro lado, dúas crianzas cústalles despedirse das súas familias polas mañás. Tamén se pode resaltar o caso dunha familia chega tarde todas as mañás e con retraso a recoller ao neno ao mediodía.

Tamén por esta razón tivemos que reducir a preparación do picoteo a unha vez á semana xa que ao ser tan poucos nenos/as perdían a motivación.

O horario da mestra de apoio foi modificado pola necesidade que presentou a aula de 6º de ed. Infantil de ter mais axuda durante a xornada escolar. Polo tanto, o meu apoio foi reducida a dúas sesións semanais. Isto non supuxo moito problema polo número reducido de alumnado de 3 anos.

As actividades propostas a nivel de centro foron axeitadas.

4 ANOS: O horario establecido foi axeitado. A coordinación cos mestres que interveñen no curso, foi correcta. O horario da mestra de apoio foi modificado pola necesidade que presentou a aula de 6º de ed. Infantil de ter mais axuda durante a xornada escolar. Polo tanto, o meu apoio foi reducido a dúas sesións semanais

Voto en falta un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO), xa que hai numerosas dificultades na linguaxe oral, e sería moi proveitoso para os nenos ter unha hora semanal coa mestra de AL.

As actividades propostas a nivel de centro foron axeitadas.

5 ANOS: O horario establecido foi axeitado, xa que os especialistas tiñan as súas sesións despois do recreo.

A coordinación cos mestres foi correcta. O apoio recibido foi moi útil para adaptar o traballo ao alumnado con NEE. O horario da mestra de apoio foi modificado pola necesidade que presentou a aula de 6º de ed. Infantil de ter mais axuda durante a xornada escolar. Polo tanto, o meu apoio foi aumentado en varias

sesións semanais. Os apoios quedaron ben repartidos, dándome a liberdade para programar actividades das que necesito mais axuda polas características propias da aula.

A coordinación foi boa, comentando as diferentes situación que foron xurdindo e buscando solucións en conxunto.

Para a visita á biblioteca tivemos unha hora semana designada, a cal foi un pouco complicada porque coincidía coa sesión antes da merenda e fíxéronse moi curtas. Deste xeito cada semana, dividíamos o grupo coa mestra de apoio e tiñamos unha sesión de TIC e unha sesión de Obradoiro da linguaxe.

Ao longo de todo o curso procuramos que as actividades fosen o mais manipulativas e estimulantes posible, así coma apoiándonos na colaboración coas familias.

Atopámonos cunhas familias pouco colaboradoras e con algunhas dificultades de relación entre elas.

-3. Análise dos resultados obtidos.

3 ANOS: Foi moi positivo poder facer de novo os talleres interciclo xa que é unha proposta que gusta moitísimo ao alumnado de ed. Infantil e lles transmite moitos valores e coñecementos.

4 ANOS: Paréceme positivo aproveitar a nosa contorna e seguir facendo pequenas excursións polos arredores

5 ANOS:

-Tamén foi moi positiva a relación cos compañeiros e compañeiras, . O emprego das instalacións do centro é moi positiva, xa que os nenos e nenas de infantil poden participar e desfrutar de todo o centro.

- Foi de agradecer a labor das mestras de A.L , P.T., apoio de infantil e coidadora pois o apoio recibido foi moi útil para adaptar o traballo ao alumnado con NEE.

- Moi boa resposta por parte do Departamento de Orientación ante as N.E.A.E. dos nenos e nenas de infantil

-4. Propostas concretas de mellora.

Debido o número tan reducido de alumnos/as na aula de 3 anos, poderíamos organizar máis actividades de grupos mixtos, tipo talleres ou conmemoracións xa que resulta sempre moi motivador e beneficioso.

Na medida do posible, un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO), xa que serviría para detectar e traballar algunhas dificultades do alumnado

- Mellorar o patio do sol para poder realizar máis actividades alí

5. Conclusións

- **A nivel alumnado:** Na aula de 4 a evolución no proceso de ensinanza-aprendizaxe foi boa. É unha clase traballadora e que se motiva con moita facilidade. Disfrutan xogando e participando nas actividades e xogos propostos

Na aula de 5 anos, o nivel de satisfacción co alumnado é alto, notándose gran melloría con respecto ao principio de curso. En xeral veñen contentos á escola e conseguiron os obxectivos propostos. Procurárase encarrilar a metodoloxía de traballo hacia un camiño máis manipulativo e experimental. Resultou moi positivo que o alumnado de 5 anos tivera un momento de convivencia coa mestra e nenos de primeiro de primaria, visitando a súa aula e preguntando as súas inquietudes cara o vindeiro curso.

-A nivel familias:

As familias de 3 anos participaron de diferentes xeitos na vida da aula, contando contos, explicando a súa profesión, no taller de cociña ou presentando a novos membros da familia. Móstranse responsables e participativos nas propostas que se lle plantexaron.

O facer unha entrada escalonada en ed. Infantil, dando unha marxe de 10 minutos para chegar pola mañá, tivo boa acollida por parte das familias e deu marxe a entrar mais tranquilos a aqueles nenos/as que lles custa despedirse das súas familias.

Na aula de 4 anos gustaríame para o curso que ven que as familias participasen máis nas actividades de aula e darlle un maior protagonismo.

Na aula de 5 a relación entre elas non é de todo doada aínda que parece mellorar. Este último trimestre pedíuselles máis colaboración e a súa implicación foi máis positiva. Hai algunhas familias coas que temos dificultades de comunicación e participación, polo idioma ou pola comprensión das notas que enviamos

-A nivel profesorado ou centro:

Na xornada de portas abertas, para o vindeiro curso, sería aconsellable que se encargase da acollida ás familias a mestra de apoio, pois dispón dun horario "máis flexible" e, supostamente, será a que acolla aos nenos de tres anos do seguinte curso.

Solicitar unha persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación a tempo completo no centro, dada a cantidade de alumnado con necesidades presentes no mesmo

EDUCACIÓN FÍSICA**- 1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron:**

Os obxectivos foron acadados por todo o alumnado de EI.

-2. **Análise dos resultados obtidos:** os resultados son excelentes e todo o alumnado obtén a cualificación de "sen dificultade" nos seus correspondentes ítems na terceira avaliación.

- 3 Propostas concretas de mellora:

No vindeiro curso vou desenvolver algunhas sesións de psicomotricidade no ximnasio do centro, para poder empregar con este alumnado outros espazos e outros materiais.

-4 **Conclusións:** o alumnado de EI gozou enormemente nas sesións de psicomotricidade, porque lles gusta moito o movemento e o xogo. Nas sesións de 6º EI contei coa inestimable axuda da cuidadora Amalia, xa que nesa clase hai un neno diagnosticado de TEA. Pero as condutas máis problemáticas e disruptivas non foron precisamente manifestadas por ese neno, senón por varios dos seus compañeiros de clase, especialmente por un neno procedente de Cuba.

MUSICA**1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.**

Ao longo do curso traballáronse a maioría de contidos precisos para acadar os obxectivos establecidos. O grao de consecución dos mesmos é aceptable. Agás tres nenos, todo o alumnado acadou os obxectivos ao remate do ciclo.

Por outra banda realizáronse as programacións PROENS e estase a dotar de contidos a aula virtual do centro para estes cursos.

2. Análise das dificultades.

A actitude foi moi boa no grupo de 3 anos aínda que, para ser un grupo moi reducido, era preciso lembrar certas normas con frecuencia. Os resultados foron bos.

O grupo de 4 anos tivo en xeral unha boa actitude aínda que nalgún caso a participación foi mellorable. A maior dificultade atopouse no caso do alumnado de 6º de infantil que se amosou moi inqueda e cunha falta de atención considerable. Ademais é un grupo moi numeroso polo que foi complicado desenvolver as sesións como se tiña previsto e quedaron varias sen poder levarse a cabo. Non foi posible a atención á diversidade neste grupo do xeito que sería desexable. Os resultados a pesar de todo son positivos na maioría dos casos.

A valoración final é moderadamente satisfactoria.

3. Análise dos resultados obtidos.

Os alumnos e alumnas de 4ºe 5º de infantil acadaron os obxectivos marcados.

Os resultados en 6º, son positivos salvo entres casos.

Globalmente podemos considerar os resultados bos e, en xeral.

4. Propostas concretas de mellora.

Tendo en conta a análise anterior propónse:

- ✓ Rematar as programacións de aula, levalas a cabo e recoller propostas de mellora.
- Rematar de dotar os cursos da aula virtual de contido útil tanto para o desenvolvemento das sesións como para as familias nos fogares, tanto para as aprendizaxes como para o lecer.
- Continuar na procura de cancións a traballar e incluír máis danza que melloren as existentes.
- Mercar ou fabricar máis recursos que permitan a manipulación e experimentación sonora.
- Realizar actividades noutros espazos do centro (patios, ximnasio,...)

5. Conclusións.

O desenvolvemento do curso foi aceptable e os resultados satisfactorios a pesares dos atrancos salientados.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos

Os obxectivos xerais propostos foron alcanzados.

2. Análise dos resultados obtidos

En xeral, os resultados obtidos son satisfactorios. O alumnado mostrouse atento e cunha actitude positiva de cara ó idioma inglés. En canto a superación dos items, non todo o alumnado puido superalos. Houbo algún caso illado que non os superou, pero a maioría conseguíuno sen dificultade.

3. Análise das dificultades atopadas

Trátanse de tres grupos moi heteroxéneos. Existen distintos niveis dentro dos diferentes grupos, e varios alumnos/as precisan de apoio para poder atender e seguir as sesións sen dificultade.

En 4º de infantil adaptáronse moi ben ás rutinas de inglés pero ao ter a sesión a última hora, algún alumno estaba moi canso.

En 5º de infantil as clases foron moi satisfactorias. Aínda que houbo pequenas liortas aisladas, o grupo mostrouse moi motivado por aprender.

En 6º de infantil as constantes interrupcións fixeron moi difícil o desenvolvemente das clases. Por outro lado, fixo falta prestar especial atención a un alumno con TEA, ó que lle custaba prestar atención e actividades de imitación como cancións. Houbo algún outro alumno que mostrou un comportamento moi disruptivo durante todo o curso.

4. Propostas concretas de mellora

Non contar cunha aula con recursos propios para o desenvolvemento das sesións, dificultou considerablemente o desenrolo destas.

ATENCIÓN EDUCATIVA

1.-Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

O grao de consecución dos obxectivos propostos foi positiva a nivel xeral. Modificouse, en parte, a temática da programación que tiñamos doutros anos debido a que houbo que xuntar a os grupos de 3 e 4 anos. Así pois, houbo que facer unha "mestura" dos temas a traballar: normas do sinde(era a temática de 3) e fomento da autoestima (temática de 4), xurdindo así "Cousas que podemos facer no Sinde". Traballamos normas do centro: desprazamentos, normas de cortesía, turnos e esperas,... fomentouse a súa autoestima e mellorar a sensación de inclusión e pertenza a un grupo tan importantes nestas idades. Na aula de 5

fixemos xogos e actividades de emocións e diferentes formas de expresións marcadas na programación. Con todas elas acadáronse os obxectivos que se perseguían.

2.- Análise das dificultades

O traballo cos nenos de 3 anos xunto cos de 4, no primeiro trimestre foi bastante difícil, xa que os nenos de 3 non teñen adquirido un hábito de traballo nin atención.

O traballo cos nenos de 5 anos tamén resultou bastante dificultoso, pois custáballes centrar a súa atención e logo non quedaba tempo para realizar actividades con eles. Hai que ter en conta que primeiro facíamos a hora de ler tódolos nenos xuntos do grupo clase

3.- Análise dos resultados obtidos.

Os resultados obtidos foron satisfactorios e gustaríame citar que en datas sinaladas traballouse de xeito conxunto co alumnado de Relixión na elaboración de adornos para o Nadal ou actividades relacionadas coa Paz e outras conmemoracións. Foron actividades con moi boa acollida entre os nenos/as dos tres niveis.

4.- Propostas concretas de mellora.

Para o vindeiro curso se se van a seguir mesturando cursos por cuestións organizativas do centro, é mellor facer unha revisión da temática a traballar

RELIXIÓN INFANTIL

1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Os obxectivos propostos foron adquiridos en xeral.

2. Análise das dificultades.

Non houbo dificultades a destacar.

A agrupación dos alumnado de 4º e 5º de EI foi boa xa que trátase dun grupo pequeno. Axúdanse uns a outros e comparten os momentos de xogo.

Mencionar o grupo de 6º de EI son faladores e inquedos, cústalles gardar a quenda. Danse dous ritmos de traballo, un máis lento co resto do grupo clase. As súas producións poden ser máis coidadas ás veces polas presas de rematar e ir xogar.

Co alumno TEA adaptouse o material con pictos e empregáronse xogos para reforzar os contidos.

3. Análise dos resultados obtidos.

Os resultados son moi bos, en xeral son moi participativos e interesados en todo o que se lle propón.

Mencionar que como en anos anteriores traballouse de xeito conxunto Relixión e Atención educativa na elaboración de adornos para o Nadal e as actividades relacionadas coa Paz, neste curso o libro "Tengo un volcán" onde se identificaba o enfado e como xestionalo de xeito tranquilo para calmarse.

4. Propostas concretas de mellora.

Seguir traballando as normas da clase e mellorar o comportamento.

Favorecer situacións onde estes nenos poidan participar de forma mais activa.

Seguir adaptando o material e empregar co alumnado TEA empregado na aula e seguindo as indicación de PT e AL.

Adquirir material para un recuncho de xogo cando rematan as actividades.

5. Conclusións.

No traballo de clase tentaremos seguir traballando nesta liña porque os resultados son moi satisfactorios.

1.2. Primeiro de Educación Primaria.

Distribución do alumnado

ALUMNOS/AS	Nenos	Nenas	TOTAL
Primeiro	7	11	18

Compoñentes

Titora	Linguas, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Proxecto competencial	Dona Cristina Rodríguez Pumar
	Apoio	Dona M ^a Isabel de la Santísima Trinidad Gómez
	Música e danza	Don Javier Constenla Ribadeo

Especialistas	Relixión	Dona Beatriz Lomba Portela
	Lingua Estranxeira e Educación plástica e visual	Don Marcos Mazás Fuentes
	Auxiliar de Conversa	Dona Dorene Elizabeth Sanchez
	Educación Física	Don Luís Alberto Alonso Vicente
D. Orientación	Especialista Audición e Linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Dona Marcolina Núñez Franco Dona Nerea Costas Pereira
	Xefe do Departamento de Orientación	Dona Belén Giménez Solla

Introdución.

Comezamos o curso cun grupo de 17 alumn@s, 10 nenos e 7 nenas, que a maioría estiveron escolarizados no centro dende educación infantil. Destacar que un alumno chegou novo procedente de Brasil, outro de Marrocos e dous doutro centro da localidade.

Incorporouse en decembro deste curso un novo alumno procedente de Arxentina, o que aumentou o número de alumnos a 18.

Temos dúas sesións de contratos programa na modalidade de mellora das competencias matemática e lingüística, con apoio da mestra Isabel de la Santísima Trinidad.

Mantívose a sección bilingüe na materia de plástica que foi impartida por Marcos Mazás co apoio da auxiliar de conversa Dorene Sánchez dende o mes de febreiro ata maio.

En cuanto as NEAE, recibiron este curso apoio en lingua 2 alumnos coa mestra Marcolina Núñez, apoio en matemáticas tres alumn@s coa mestra Nerea Costas, e 3 alumn@s recibiron apoio de AL coa mestra Ester Pérez.

ÁREAS IMPARTIDAS POLA TITORA: LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES CÍVICOS E SOCIAIS.

1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron nas áreas da titoría.

O grupo é moi xoguetón e ruidoso en xeral, caracterizado tamén pola gran cantidade de necesidades que presentan.

Foise cumprindo coa programación pero non se deron todos os contidos deste curso e polo tanto non se rematan algúns dos libros.

O remate do ciclo é en segundo polo que se seguirán traballando no próximo curso, e se escollerán uns libros máis doados que faciliten o traballo neste grupo.

Agás tres alumnas todos/as aproban todas as materias. Estes tres alumnos, aínda que se aprecia unha gran melloría durante o curso, non acadan os mínimos, polo que para o curso seguinte seguirán recibindo os apoios e reforzos necesarios para axudarlles na súa evolución.

2. Análise das dificultades.

A transición de infantil a 1º foi doada, en canto a adaptación aos novos espazos e as normas. Resultou máis lenta en canto ao traballo, xa que o cambio é grande; o paso ao traballo nos libros, a falta de conciencia fonolóxica dalgúns alumn@s, o manexo do material matemático, as dificultades de aprendizaxe e a falta de atención dalgúns alumnos/as fixeron que o progreso fose máis lento do desexado.

As dificultades deste curso están marcadas pola diversidade existente na aula, os ritmos de aprendizaxe e capacidades son moi diferentes, hai un grupo de 8 alumn@s que van máis lentos e necesitaban de reforzo nas aprendizaxes.

A maior dificultade foi non poder atender na marcha diaria da aula os diferentes ritmos de traballo e autonomía, xa que 4 alumn@s demandan unha atención moi individualizada, e dada a falta de autonomía da clase en xeral, esta atención foi moi difícil dala, e provoca unha sensación de frustración o non poder atender todas as necesidades.


Non se remataron os libros de matemáticas e ciencias que se propuxeron para este curso pero pola continuidade do ciclo remataranse no próximo curso e completárase con libros máis doados para 2º.

3. Análise dos resultados obtidos.

Tres alumnos suspenden algunha materia. Os tres alumnos que non superan os mínimos están recibindo apoio de PT nas linguas, e dous deles en matemáticas e apoio de AL.

Na avaliación ordinaria fíxose a media coas cualificacións das tres avaliacións nas materias de CN, CS e Proxecto, nas materias de Matemáticas, LG e LC, é a nota da 3ª avaliación por ser unha avaliación continua como queda recollido na PD.

Os alumnos que asistían a PT e AL continuarán en 2º.



4. Propostas de mellora.

Solicítase o seguimento polo D.O. para o seguinte curso de dous alumnos.

Atender as necesidades individuais do alumnado en cuanto a NEAE.

Continuar cós apoios de PT e AL nos nenos/as que xa os estaban recibindo.

RELIXIÓN

1 Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Todo o alumando adquiriu os mínimos esixibles.

Quedou un tema sen traballar.

2. Análise das dificultades.

Sinalar en primeiro lugar que a sesión era a 1º hora da mañá e como fan a asemblea nese momento houbo moitos días que a clase quedábase na metade do tempo.

No grupo hai dos niveis e ritmos de traballo moi diferentes; un grupo moi bo que durante o curso adquiriu un nivel lectoescritor moi bo e que podían traballar practicamente sos con pequenos explicacións.

O outro grupo ademais de ter un nivel lento do traballo, o seu nivel de lectura e escritura era frouxo, empregaban maiúsculas, non eran quen de escribir palabras e frases de xeito individual, precisaban moito apoio e reforzo visual. A diminución do tempo da clase tampouco favorecía a este grupo.

Un alumno con moita falta de atención non acaba os seus traballos e moitas veces facíanse de xeito oral.

Coa alumna TEA, adaptouse o material con pictos e priorizouse traballar a autonomía e a adquisición do vocabulario mais próximo a ela relacionada dos contidos a traballar.

3. Análise dos resultados obtidos.

As cualificación son boas son moi participativos e interesados polo materia.

O grupo foi moi consciente da nova situación e cumpriu as normas de hixiene e distancia do protocolo na aula.

Os resultados do grupo.

Notas	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Nº alumnos					2	1	1		1	3

4. Propostas de mellora.

Tentar non coincidir a asemblea na hora de Relixión para aproveitar mellor o tempo de clase.

Fomentar a participación activa. Reforzar as quendas de palabra.

Seguir adecuando a metodoloxía, os tempos e os recursos ás necesidades do alumnos.

5. Conclusións.

No traballo de clase tentaremos seguir traballando nesta liña porque os resultados son moi satisfactorios.

EDUCACIÓN FÍSICA

-VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS: os obxectivos foron acadados por todo o alumnado, aínda que cómpre lembrar que unha nena con diagnóstico de TEA acadou os obxectivos só grazas á colaboración da coidadora Amalia, cuxo traballo agradezo desde estas liñas.

-ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS: os resultados son excelentes, agás no caso da nena antes citada.

-PROPOSTAS DE MELLORA: o próximo introducirei máis exercicios de ioga e relaxación nas sesións, sobre todo na parte final das mesmas.

-CONCLUSIÓN: o alumnado de 1o de EP amosouse motivadísimo, en xeral, nas sesións de EF, aínda que o nivel de atención de parte do alumnado foi bastante mellorable.

MÚSICA E DANZA

Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Ao longo do curso traballáronse a maioría dos contidos precisos para acadar os obxectivos establecidos aínda que non se acadou desenvolver por completo a programación. A actitude foi moi positiva a pesar de que o comportamento é mellorable posto que se amosan moi inquedados e inquedadas en xeral.


Análise das dificultades.

Como xa se citou, houbo que interromper a miúdo o desenvolvemento das clases para volver á calma e centrar a atención. Isto implicou que o ritmo da clase baixase sensiblemente e conlevou non ser posible desenvolver por completo a programación.

Os niveis da aula son moi dispares polo que resulta complicado traballar con todos á vez. Cunha nena escolleuse material alternativo máis axeitado ao seu nivel de desenvolvemento pero aínda así, a atención á diversidade é sumamente complicado nunha soa sesión.

Análise dos resultados obtidos.

O alumnado de primeiro obtivo resultados positivos excepto nun caso. A gráfica anterior reflicte as cualificacións. Da mesma podemos tirar a conclusión de que a maioría de cualificacións son moi boas.



Propostas concretas de mellora.

Tendo en conta a análise anterior propónse:

.Continuar con melloras que son aplicables ano tras ano:

.Reforzar individualmente, cando sexa posible, ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.

.Engadir aqueles recursos que se consideren de interese na aula virtual do centro para complementar aos xa existentes.

.Incluír novas actividades na programación e reducir a cantidade das mesmas.

.Fomentar o uso do galego por parte do alumnado.

.Continuar imprimindo a totalidade de fichas ao inicio de curso e entregárllelas ao alumnado.

.Realizar algunhas actividades noutros espazos do centro (patio, ximnasio,....)

.Revisar as programacións en PROENS en canto se rematen as unidades didácticas.

Conclusiones.

O desenvolvemento do curso e os resultados foron moderadamente satisfactorios.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS**1. Valoración do grao de consecución dos obxectivos**

Os obxectivos foron alcanzados. O alumnado mostrouse interesado e motivado, en xeral, cunha moi boa actitude cara a lingua estranxeira.

2. Análise dos resultados obtidos

Todo o alumnado superou esta materia. Os resultados foron os seguintes:

	Sobresaínte	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
Nº alumnos	6	4	1	4	3

3. Propostas de mellora

Este curso contamos cunha auxiliar de conversa durante todo o curso. Sen embargo, por imposibilidade horaria, esta só asistiu á hora de plástica. Sería de moita axuda que tamén puidera vir á hora de Inglés. A proposta de mellora é, entón, que aumentara as horas na escola.

Ademais, o centro deixou de contar con aula de inglés e as sesións impartíronse nas respectivas aulas. É primordial contar cunha aula de inglés que conte con recursos, materiais e na que o alumnado poida agruparse por parellas ou pequenos grupos para facilitar as actividades comunicativas.

4. Conclusiones

Este foi un grupo bastante disperso con algún alumno ó que lle custou moito entrar nas dinámicas de aula. Aínda así, a maioría formou parte directa de actividades orais e

comunicativas, e pouco a pouco foron asociando palabras a debuxos. Iniciáronse tamén na comprensión e expresión escritas.

SECCIÓN BILINGÜE – EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 1º

1. Valoración do grao de consecución dos obxectivos:

Os obxectivos foron alcanzados. O alumnado amosou unha boa actitude cara a materia de plástica en inglés.

2. Análise dos resultados obtidos:

O alumnado foi progresando moito ao longo de curso, todos eles melloraron moito en autonomía e na resolución das tarefas propostas. Os resultados obtidos foron os seguintes:

	Sobresaínte	Notable	Ben	Suficiente
Alumnado	6	7	2	3

Polo xeral as explicacións eran comprendidas, aínda que se era preciso explicábanse as tarefas de xeito individualizado. Leváronse a cabo proxectos semanais nos que se seguían unha serie de pasos para conseguir acadar o resultado final. Como todos os proxectos seguían a súa estrutura, a finais de curso foilles moi doado seguir as instrucións en lingua estranxeira.

3. Propostas de mellora:

Non se dispón dunha aula na que se dispoña de recursos e resultaría primordial dispoñer dunha.

4. Conclusión:

Poder ter esta materia en inglés é unha gran oportunidade para utilizar unha lingua estranxeira nun contexto diferente ao da clase de inglés. Facendo un bo uso dos recursos dispoñibles os resultados son notables. A auxiliar de conversa tivo un papel moi importante ó longo do ano.

1.3. Segundo de Educación Primaria

Distribución do alumnado

ALUMNOS/AS	Nenos	Nenas	TOTAL
Segundo	10	9	19

Compoñentes

Titora	Linguas, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Valores	Dona M ^a Isabel de la Santísima Trinidad Gómez
Especialistas	Apoio	Dona Cristina Rodríguez Pumar
	Educación musical	Dona Javier Constenla Ribadeo
	Relixión	Dona Beatriz Lomba Portela
	Lingua Estranxeira e Plástica	Don Marcos Mazás Fuentes
	Auxiliar de Conversa	Dona Dorene Elizabeth Sanchez

	Educación Física	Don Luís Alberto Alonso Vicente
D. Orientación	Especialista Audición e Linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Dona Marcolina Núñez Franco Dona Nerea Costas Pereira
	Xefe do Departamento de Orientación	Dona Belén Giménez Solla

Introdución.

Comezamos o curso cun grupo de 18 alumn@s, 8 nenos e 10 nenas, que a maioría estiveron escolarizados no centro dende educación infantil, unha alumna incorporase este curso ao grupo por ter que permanecer un ano máis no mesmo curso.

Incorporouse o 23 de febreiro deste curso un novo alumno procedente de Marrocos, o que aumentou o número de alumnos a 19. Este alumno é a primeira vez que está escolarizado en España polo que descoñece o noso idioma. Participou durante todo o curso nun grupo de adquisición de linguas.

Temos dúas sesións de contratos programa na modalidade de mellora das competencias matemática e lingüística, con apoio da mestra Cristina Rodríguez Pumar.

Mantívose a sección bilingüe na materia de plástica que foi impartida por Marcos Mazás Fuentes co apoio da auxiliar de conversa Dorene Elizabeth Sanchez, dende o mes de febreiro ata maio.

En cuanto as NEAE, recibiron este curso apoio en lingua 4 alumn@s coa mestra Marcolina Núñez, apoio en matemáticas un alumno coa mestra Marcolina Núñez, e 4 alumn@s recibiron apoio de AL coa mestra Ester Pérez Martínez. Algún alumno foi dado de alta durante o curso, quedando ao final do curso tre alumn@s recibindo apoio de PT en lingua e unha en matemáticas e 3 alumn@s que reciben apoio de AL.

ÁREAS IMPARTIDAS POLA TITORA: LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES CÍVICOS E SOCIAIS.

1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron nas áreas da titoría.

O grupo é participativo e amosa interese polas aprendizaxes aínda que moitos deles seguen amosando inmadurez emocional.

Foise cumprindo coa programación aínda que se necesita afianzar algúns contidos no próximo curso. O grupo progresou moito pero os diferentes ritmos de aprendizaxe e a atención individualizada que necesitan moitos deles impiden avanzar.

O remate do ciclo foi bo, os resultados son bos agás dúas alumnas que necesitan seguir con apoio nas linguas, outra alumna pasa ao seguinte curso cunha adaptación curricular, e outros dous alumnos debido aos seu ritmos de aprendizaxe posiblemente necesiten apoio na aula e adaptación dos traballos. Un alumno repite curso por non ter adquirido o idioma e estivo escolarizado no centro desde febreiro deste curso. Recibiu 10 sesións semanais de adquisicións de linguas, empeza a falar e entender o noso idioma.

Este curso foron avaliados polo D.O. dous alumnos, e outra alumna foi valorada por gabinetes externos e deixáronse os informes no D.O.

Pasóuselle o Badyg a este grupo ,os resultados están no D. O.

2.Análise das dificultades.


As dificultades deste curso seguen marcadas pola diversidade existente na aula ,os ritmos de aprendizaxe e capacidades son moi diferentes, hai un grupo de 6 alumn@s que van máis lentos e necesitaban de reforzo nas aprendizaxes. A partir do mes de febreiro a incorporación do neno marroquí sen coñecer o idioma foi unha dificultade engadida ao grupo.

A única materia que comparte aula coa titoría é inglés , e faise moi incomodo ter que despexar o espazo e a mesa de traballo na hora do especialista.

O tempo de escoita de Radio Papaventos nos corredores non me parece moi efectiva, non se escoita con claridade , o alumnado cansase e é difícil que manteñan a atención tanto tempo.

3.Análise dos resultados obtidos.

Na avaliación ordinaria fíxose a media coas cualificacións das tres avaliacións nas materias de CN, CS e Valores, nas materias de Matemáticas, LG e LC, é a nota da 3ª avaliación por ser unha avaliación continua como queda recollido na PD.



4.Propostas de mellora.

Atender as necesidades individuais do alumnado en cuanto a NEAE.

Poñer os apoios na aula na primeiras horas.

Maior coordinación entre o profesorado que atendemos ao mesmo grupo.

Dispoñer dun aula para o desenvolvemento da materia de inglés, materia que se imparte dúas ou tres sesións semanais dependendo do curso.

Escoitar Radio Papaventos un día á semana na hora de ler, pero na aula, desde a páxina do cole, penso que sería máis fácil manter a atención e escoitase moito mellor.

RELIXIÓN 2º PRIMARIA

1 Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Traballouse todo o programado.

Todo o alumando adquiriu os mínimos esixibles.

2. Análise das dificultades.

Hai varios ritmos de traballo dentro do grupo.

En ocasións perden o tempo falando demais ou a súa atención é dispersa.

3. Análise dos resultados obtidos.

As cualificación son boas son moi participativos e interesados polo materia.

Os resultados do grupo.

Notas	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Nº alumno								4		1

4. Propostas de mellora.

Fomentar a participación activa.

Reforzar as quendas de palabra e normas de comportamento.

Seguir dinamizando e preparar máis actividades e recursos tic na AV

5. Conclusións.

No traballo de clase tentaremos seguir traballando nesta liña porque os resultados son moi satisfactorios.

EDUCACIÓN FÍSICA

MEMORIA EDUCACIÓN FÍSICA 2º PRIMARIA

-VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS: os obxectivos foron acadados por todo o alumnado.

-ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS: os resultados son excelentes, agás no caso dunha nena que se amosou bastante apática na meirande parte das sesións de EF. Por outra banda, hai dous nenos con moi boas aptitudes físicas pero que buscaron en exceso o protagonismo e chamar a atención do resto da clase, o que provocou pequenos conflitos.

-PROPOSTAS DE MELLORA: o próximo curso introduciréi máis exercicios de ioga nas sesións, sobre todo na parte final das mesmas.

-CONCLUSIÓN: o alumnado de 2º de EP amosouse motivadísimo, en xeral, durante as sesións de EF, algúns incluso con revolucións de máis.

EDUCACIÓN MUSICAL MEMORIA FINAL DE CURSO

2º CURSO DE PRIMARIA


Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Levou a cabo a maior parte da programación e os contidos foron todos traballados. Os obxectivos considéranse acadados.

Análise das dificultades.

A actitude foi boa en xeral aínda que en ocasións danse perdas de tempo para centrar a atención e retomar a calma.

Análise dos resultados obtidos.



O alumnado de segundo obtivo resultados positivos na súa totalidade. A gráfica reflicte as cualificacións. Da mesma podemos tirar a conclusión de que, agás oito notables, todo o grupo obtivo cualificacións sobresaíntes.

Propostas concretas de mellora.

Tendo en conta a análise anterior propónse:

.Continuar con melloras que son aplicables ano tras ano:

- 1.Reforzar individualmente, cando sexa posible, ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.
 - 2.Engadir aqueles recursos que se consideren de interese na aula virtual do centro para complementar aos xa existentes.
 - 3.Modificar a programación cando se atopen elementos (actividades, recursos en liña, xogos, láminas,...) que sirvan para melloralas.
 - 4.Fomentar o uso do galego por parte do alumnado.
 - 5.Continuar imprimindo a totalidade de fichas ao inicio de curso e entregárllelas ao alumnado.
- 2.Realizar algunhas actividades noutros espazos do centro (patio, ximnasio,...).
 - 3.Realizar a programación LOMLOE en PROENS e revisala en canto se acabe cada unidade didáctica

Conclusións.

O desenvolvemento do curso e os resultados foron satisfactorios.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

1. Valoración do grao de consecución dos obxectivos

Os obxectivos foron alcanzados. O alumnado mostrouse interesado e motivado, en xeral, cunha moi boa actitude cara a lingua estranxeira.

2. Análise dos resultados obtidos

Todo o alumnado superou esta materia. Os resultados foron os seguintes:

	Sobresaínte	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
Alumnado	8	3	2	4	1

3. Propostas de mellora

Este curso contamos cunha auxiliar de conversa durante todo o curso. Foi moi positiva a presenza dunha auxiliar nativa na aula e posibilitou a atención máis individualizada do alumnado.

E por último, non se conta cunha aula de inglés e as sesións impartíronse nas respectivas aulas. A última proposta é que se volva contar con esta aula. As circunstancias no centro non permiten que isto mude para o próximo curso, mais era un gran recurso que o alumnado botou en falta. O ambiente da aula era un apoio en si mesmo para adquirir e traballar a lingua.

4. Conclusións

Foi un grupo con moito interese de cara á materia e que pouco a pouco se foi adaptando ás dinámicas da aula. De cara ao vindeiro curso procurárase que a falta dun espazo para a materia de inglés non supoña unha perda na calidade desta materia.

SECCIÓN BILINGÜE – PLÁSTICA 2º

1. Valoración do grao de consecución dos obxectivos:

Os obxectivos foron alcanzados. O alumnado amosou unha boa actitude cara a materia de plástica en

inglés.

2. Análise dos resultados obtidos:

O alumnado foi progresando moito ao longo de curso, todos eles melloraron moito en autonomía e na resolución das tarefas propostas. Os resultados obtidos foron os seguintes:

	Sobresaínte	Notable	Suficiente
Alumnado	8	10	1

Polo xeral as explicacións eran comprendidas, aínda que se era preciso explicábanse as tarefas de xeito individualizado. Os nenos foron capaces de seguir as instrucións na lingua estranxeira xa que os proxectos semanais tiñan unha estrutura similar. A auxiliar tivo un papel moi importante nesta materia.

3. Propostas de mellora:

Non se conta cunha aula de inglés, na que se poida levar a cabo esta materia. Non contar con elo dificulta o desenrolo das sesións debido a que se perde moito tempo buscando material, preparándose para empezar. Algún día o ordenador non estaba operativo ou non funcionaba a pantalla.

4. Conclusión:

Poder ter esta materia en inglés é unha gran oportunidade para utilizar unha lingua estranxeira nun contexto diferente ao da clase de inglés. Facendo un bo uso dos recursos dispoñibles os resultados son notables.

1.4. Terceiro de Educación Primaria

Compañentes do equipo docente:

Titora	Linguas, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Plástica e Visual e Proxecto Competencial.	Dona Mercedes Sánchez García
Especiali	Música e danza	Don Javier Constenla Ribadeo
	Relixión	Dona Beatriz Lomba Portela

stas	Lingua Estranxeira: inglés	Don Marcos Mazás Fuentes
	Auxiliar de conversa en lingua inglesa	Dona Doreen Sánchez
	Educación Física	Don Luís Alberto Alonso Vicente
D. Orientación	Especialista Audición e Linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Dona Marcolina Núñez Franco
	Xefe do Departamento de Orientación	Dona Belén Giménez Solla
Apoios	Profesorado de apoio	Dona Jennifer Otero González
		Dona María Alonso Cerqueira (Contratos Programa)

Distribución do alumnado

ALUMNOS/AS	Nenos	Nenas	TOTAL
Terceiro	8	6	14

- Valoración do grao de consecución dos obxectivos.

Os obxectivos propostos para este curso foron acadados por todo o alumnado deste curso, agás un alumno que non superou a área de Lingua Galega. Cumpriuse, en termos xerais, a programación prevista.

A nivel de competencias, foron acadadas en todos os casos cun nivel tamén moi satisfactorio na gran maioría dos casos.

O grupo participou en todas as actividades propostas polo diferentes equipos de dinamización. As familias, en todos os casos agás nun, mantiveron sempre unha actitude de respecto e sempre amosaron satisfacción co traballo levado a cabo na aula, colaborando sempre que se lles pediu. Fixéronse titorías regularmente todos os trimestres, na maioría dos casos convocadas por min e nalgúns pedidas por algunha familia.


Rematou o curso con dous alumnos recibindo apoio de PT, un en linguas e matemáticas e outro en linguas.

-Análise e valoración dos resultados (áreas da titora)


Os resultados acadados neste curso (no 3º trimestre) son os seguintes:

	INS	SUF	BEN	NOT	SOB	APROBADOS
Lingua castelá	0	1	1	3	9	14
Lingua galega	1	0	2	2	9	13
Matemáticas	0	0	2	4	8	14
CCNN	0	0	1	2	11	14
CCSS	0	1	0	3	10	14
E. Física	0	0	0	6	8	14
Inglés	1	1	0	4	8	13
Plástica	0	0	0	8	6	14
Música	0	0	1	4	9	14
Relix./ Prox.Comp.	0	0	0	6	8	14

Gráfico das cualificacións impartidas pola titora



As competencias, na avaliación ordinaria, acadáronse cun nivel moi satisfactorio, quedaron coas seguintes cualificacións:



- Problemas ou dificultades atopados na aula

Entre as dificultades atopadas neste curso destaco:

Os diferentes ritmos de aprendizaxe, que ás veces fan que se vexa afectado o rendemento da mestra cando non ten apoio.

As continuas interferencias e presións, sempre negadas, sobre o rendemento na escola por parte dunha familia, que fan que o neno afectado viva as actividades normais con angustia e tensión.

- No último tramo de curso, a interrupción en diferentes momentos para a instalación de encerados dixitais e de wifi no centro, que ademáis eran fonte de ruidos indesexados que interferían non normal desenvolvemento das clases.
- O menos uso da lingua galega por parte do alumnado, que nalgúns casos presenta moitas dificultades nesta lingua.
- Á marxe da docencia directa, foi un gran atranco a utilización da aplicación PROENS, que tivemos que comezar a utilizar cunha formación escasa e que supuxo unha inversión de tempo que incide negativamente na planificación do curso.

- Propostas de mellora

- Seguir fomentando o uso da lingua galega.
- Tratar de facer entender ás familias que non é necesaria presión que exercen sobre as nenas e nenos nalgúns casos.
- Promover máis o uso das TIC e da biblioteca nas diferentes materias, e asistir a ambos espazos con máis regularidade.
- Seguir aumentando as actividades competenciais.

- Conclusión

O maior obxectivo cara ao vindeiro ano é tratar de obter de cada alumno e alumna o maior grao de rendemento posible, que alcancen maior competencia nos diferentes ámbitos e responder ás súas potencialidades e características individuais. Os recursos empregados mediante apoios dentro da aula son de gran axuda e esperamos que continúen. Tamén quero continuar procurando que este alumnado forme un grupo unido, con relacións de respecto e colaboración por riba das afinidades, para manter o bo clima de traballo na aula.

Para rematar, quero agradecer ao equipo directivo o seu esforzo por adaptar os recursos do centro e apoiar sempre as diferentes iniciativas que se presentan.

MEMORIA POR ESPECIALIDADES

MÚSICA E DANZA


Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Ao longo do curso traballáronse todos os contidos programados de xeito satisfactorio. Os obxectivos considéranse acadados.

Análise das dificultades.

A actitude do grupo foi boa pero algúns nenos e nenas, en ocasións, amósanse inquedos/as e demasiado faladores. Porén non se considera unha dificultade nin moi grande nin fóra do esperable.

Análise dos resultados obtidos.



O alumnado de terceiro obtivo resultados positivos na súa totalidade. A gráfica anterior reflicte que a nota predominante foi o sobresaínte.

Propostas concretas de mellora.

Tendo en conta a análise anterior propónse:

- 1.Continuar con melloras que son aplicables ano tras ano:
 - 1.Reforzar individualmente, cando sexa posible, ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.
 - 2.Engadir aqueles recursos que se consideren de interese na aula virtual do centro para complementar aos xa existentes.
 - 3.Modificar a programación cando se atopen elementos (actividades, recursos en liña, xogos, láminas,...) que sirvan para melloralas.
 - 4.Fomentar o uso do galego por parte do alumnado.
 - 5.Continuar imprimindo a totalidade de fichas ao inicio de curso e entregárllelas ao alumnado.
- 2.Retomar a realización algunhas actividades noutros espazos do centro (patio, ximnasio,...)
- 3.Realizar a supervisión da unidades didácticas en PROENS a medida que se rematan.

Conclusións.

O desenvolvemento do curso e os resultados foron satisfactorios.

EDUCACIÓN FÍSICA

-VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS: os obxectivos foron acadados por todo o alumnado.

-ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS: os resultados son excelentes, aínda que unha parte do alumnado amosou exceso de competitividade e mal perder, sendo moi evidente isto último no caso dun neno en particular.

-PROPOSTAS DE MELLORA: tentarei introducir máis exercicios de ioga e relaxación na parte final das sesións de EF para rematar de xeito máis distendido as mesmas.

-CONCLUSIÓNS: o alumnado de 3º de EP participou con moita motivación e ruidoso entusiasmo nas sesións de EF, a pesar dos pequenos conflitos xurdidos polo exceso de competitividade xa comentado.

RELIXIÓN

1 Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

Todo o alumando adquiriu os mínimos esixibles.

Quedo un tema sen traballar por mor de actividades que coincidían nesa sesión.

2. Análise das dificultades.

Ao comezo do curso había dos ritmos de traballo ben diferenciados que durante o curso foi mellorando.

3. Análise dos resultados obtidos.

As cualificación son boas, bastante participativos e interesados polo materia.

Notas	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Nº alumno							1	4	2	

4. Propostas de mellora.

Seguir fomentando a participación activa de todo o alumnado.

5. Conclusións.

O resultado do curso foi satisfactorio en xeral, seguiremos traballando deste xeito e aproveitando todos os recursos á nosa disposición.

- Valoración do grao de consecución dos obxectivos:

Os obxectivos foron alcanzados. O alumnado mostrouse interesado e motivado cunha moi boa actitude cara a lingua estranxeira.

-Análise dos resultados obtidos:

Todo o alumnado, a excepción dun alumno con incorporación tardía ó centro, superou esta materia. Os resultados foron os seguintes:

	Sobresaínte	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
Alumnado	8	3	1	1	1

-Propostas de mellora:

Este curso contamos cunha auxiliar de conversa durante todo o curso.

E por último, este curso, de novo, non se puido contar con aula de inglés e as sesións impartíronse nas respectivas aulas. A última proposta é que se volva contar con esta aula. As circunstancias no centro non permiten que isto mude para o próximo curso, mais era un gran recurso que o alumnado botou en falta. O ambiente da aula era un apoio en si mesmo para adquirir e traballar a lingua.

-Conclusións

Foi un grupo con moito interese de cara á materia e que pouco a pouco se foi adaptando ás dinámicas da aula. Foi de grande axuda poder contar cunha auxiliar de conversa feito que motivou notablemente ao alumnado.

1.5. Cuarto de Educación Primaria.**- Compoñentes**

Titora	Linguas, Matemáticas, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, Educación plástica e Valores Sociais e Cívicos	Jennifer Otero González
	Educación musical	Javier Constenla Ribadeo
	Relixión	Beatriz Lomba Portela

Especialistas	Lingua Estranxeira	Marcos Mazás Fuentes
	Auxiliar de conversación	Dorene Elizabeth Sanchez
	Educación Física	Luís Alberto Alonso Vicente
D. Orientación	Especialista Audición e Linguaxe	Ester Pérez Martínez
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Marcolina Núñez Franco Nerea Costas Pereira
	Xefe do Departamento de Orientación	Belén Giménez Solla
Apoios	Mercedes Sánchez García (titora de 3ºE.P.)	
	Javier Constenla Ribadeo (Ed.Musical)	
	María Alonso Cerqueira (Programa PROA+)	

- Distribución do alumnado

ALUMNOS/AS	Nenos	Nenas	TOTAL
Cuarto	16	7	23

- Análise e valoración dos resultados

Os obxectivos propostos para este curso non foron acadados por todo o alumnado: dúas nenas permanecerán un ano máis en 4º de E.P. e catro nenos promocionan de maneira obrigada xa que non poden volver a quedar unha vez máis nun curso de primaria. Unha delas, ten como proposta facer adaptacións curriculares nas ciencias e matemáticas. Ademais, outro neno deixa dúas materias pendentes, unha delas proposta para adaptación curricular.

Dous nenos teñen xa adaptacións: un deles nas linguas e matemáticas e o outro, nas linguas, matemáticas e ciencias.

A metodoloxía empregada foi dinámica, activa, participativa, baseada no aprendizaxe mediante xogos, proxectos, actividades vivencias, manipulativas e atendendo ás características individuais dxs alumnxs. Os resultados acadados neste curso son os seguintes:

	INS	SUF	BEN	NOT	SOB	APROBADOS
--	-----	-----	-----	-----	-----	-----------

Lingua castelá	5	2	1	6	9	18
Lingua galega	6	2	0	9	6	17
Matemáticas	3	2	6	6	6	20
CCNN	2	3	1	8	9	21
CCSS	2	4	0	10	7	21
E. Física	0	0	1	10	12	23
Inglés	2	3	4	6	8	21
E. Artística	0	0	0	7	16	23
Relixión/ Valores	0	0	0	8	15	23

- Problemas ou dificultades atopados na aula


Entre as dificultades atopadas neste curso destaco a opinión contraria da familia dunha das nenas que van permanecer un ano máis en 4º de E. Primaria. Opóñense totalmente a que a súa filla repita posto que consideran que o despego co seu irmá mellizo vaille repercutir negativamente tanto a un coma ao outro.

- Reunións coas familias

Un aspecto moi importante a ter en conta no proceso de ensino-aprendizaxe é a relación familia- escola.

O primeiro contacto que tiveron coas familias do meu grupo, produciuse no mes de setembro, a través dunha reunión grupal. Nela informóuselle ós pais dos seguintes aspectos: funcionamento do centro, material escolar, saídas, horario de titorías ...

Ó longo de todo o curso mantiven frecuentes contactos informais cos pais/nais dos alumnos, maiormente telefónicas. Este tipo de contacto foi moi importante, xa que como titora a información que me



proporcionaron os pais. Igualmente me serviu para informar os pais sobre cambios no rendemento, comportamento e conduta dos seus fillos e fillas.

Tamén destaco o uso da axenda a través da cal comparto información diversa coas familias sobre todo, con aquelas que vana clases de reforzo para comunicarlle o traballado.

Xa de xeito máis formal, establecín a comunicación coas familias a través das titorías, establecendo unha hora semanal citada anteriormente que está recollida na Programación Xeral Anual. Outra forma de comunicación que mantiven cos pais foi as semanas anteriores a entregar os boletíns informativos que se entregan ó final de cada trimestre.

- Propostas de mellora

- . Implicar máis ás familias no proceso de ensinanza – aprendizaxe (E-A).
- . Promover máis o uso das TIC e da biblioteca nas diferentes materias.
- . Ampliar os recursos manipulativos.

- Conclusión

En xeral, os resultados obtidos son positivos e coas propostas citadas no punto anterior, no próximo curso, traballarase para que os resultados poidan ser aínda mellores.

MEMORIA POR ESPECIALIDADES

EDUCACIÓN FÍSICA

- Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron

Os obxectivos foron acadados por todo o alumnado.

- Análise dos resultados obtidos

Os resultados son ,en xeral, excelentes, a pesar da excesiva competitividade amosada por un grupo de nenos, sobre todo durante a práctica dos deportes de equipo e, moi especialmente, durante os partidos de fútbol. Isto produciu frecuentes actitudes disruptivas pola súa parte. Noutra orde de cousas, tamén hai un neno con dificultades motrices.

-Propostas de mellora

No próximo curso plantexarei máis exercicios de ioga e relaxación na parte final das sesións.

-Conclusións

O alumnado de 4º de EP participou con entusiasmo nas sesións de EF, porén houbo algúns pequenos conflitos a causa dos excesos de competitividade xa comentados.

EDUCACIÓN MUSICAL


- Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron

Os obxectivos propostos foron acadados e a programación levada a cabo na súa inmensa maioría.

- Análise das dificultades

A actitude do grupo cara a materia é boa pero o comportamento mellorable posto que adoitan ser ruidosos e faladores/as o que fai que sexan precisas continuas chamadas de atención coa perda de tempo correspondente.

- Análise dos resultados obtidos



O alumnado de cuarto obtivo resultados positivos na súa totalidade. A gráfica anterior reflicte que todo o alumnado obtivo cualificacións que oscilan entre o notable e o sobresáinte sendo este o maioritario.

- Propostas concretas de mellora

Tendo en conta a análise anterior proponse:

- Continuar con melloras que son aplicables ano tras ano:
 - Reforzar individualmente, cando sexa posible, ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.
 - Engadir aqueles recursos que se consideren de interese na aula virtual do centro para complementar aos xa existentes.

- Modificar a programación cando se atopan elementos (actividades, recursos en liña, xogos, láminas,...) que sirvan para melloralas.
- Fomentar o uso do galego por parte do alumnado.
- Continuar imprimindo a totalidade de fichas ao inicio de curso e entregárllelas ao alumnado.
- . Retomar a realización dalgunhas actividades noutros espazos do centro (patio, ximnasio, ...)
- . Revisar as unidades didácticas en PROENS a medida que se van rematando.

- Conclusións

O desenvolvemento do curso e os resultados foron satisfactorios.

RELIXIÓN

- Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron

Todo o alumnado adquiriu os obxectivos programados.

- Análise das dificultades

En xeral non hai dificultades a destacar, durante o curso houbo que frear a algún alumno con presas por rematar e mellorar os seus traballos.

En algunha ocasión o alumnado esquecía traer o material ou actividades feitas.

- Análise dos resultados obtidos

Notas	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Nº alumno							1	2	3	2

- Propostas de mellora

Fomentar a participación activa de todo o alumnado, a responsabilidade ante o traballo e o seu material.

Frear ese impulso por rematar rápido, reforzar o traballo ben feito e con xeito.

Seguir a reforzar e cumprir as normas da clase, gardar quendas dos compañeiros.

- Conclusións

O resultado do curso foi satisfactorio en xeral, seguiremos traballando deste xeito e aproveitando todos os recursos á nosa disposición.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Avaliación do grao de consecución dos obxectivos.

Os obxectivos foron alcanzados case na súa totalidade. O alumnado foi capaz de captar información máis relevante, memorizar e producir textos orais básicos, mostraron unha moi boa actitude cara a lingua estranxeira valorándoa e respectando as diferenzas que hai coas súas propias linguas. A maior dificultade atópase á hora de producir textos propios, tanto orais como escritos, cústalles aplicar nun contexto significativo as estruturas aprendidas.

- Análise dos resultados obtidos

Todo o alumnado superou esta materia, agás dous alumnos que non o fan despois de ter xa reforzo educativo: obtiveron un 4. Un deles está proposto para adaptación curricular para o ano que vén. O alumno con adaptación curricular supera a materia cun 5. Por outra parte un alumno ten un 5 con reforzo educativo. Os demais resultados foron os seguintes:

	IN	SU	BE	NT	SB
Alumnado	2	3	4	6	8

- Análise das dificultades

Este curso contamos cunha auxiliar de conversa durante todo o curso. Notouse moitísimo a presenza dunha auxiliar nativa na aula e posibilitou a atención máis individualizada do alumnado. E por último, non se puido contar con aula de inglés e as sesións impartíronse nas respectivas aulas. A última proposta é que se volva contar con esta aula. As circunstancias no centro non permiten que isto mude para o próximo curso, mais era un gran recurso que o alumnado botou en falta. O ambiente da aula era un apoio en si mesmo para adquirir e traballar a lingua.

- Propostas concretas de mellora

Foi un grupo con moito interese de cara á materia, pero moi falador e movido. Foi de grande axuda poder contar cunha auxiliar de conversa en 1 sesión semanal, feito que motivou notablemente ao alumnado. De

cara ao vindeiro curso procurárase que a falta dun espazo para a materia de inglés non supoña unha perda na calidade desta materia.

1.6. Quinto de Educación Primaria

Compoñentes do curso de quinto de primaria.

Titora	Linguas, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Plástica e Proxecto Competencial	Belén Bascoy Cao
Especialistas	Música e danza	Javier Constenla Ribadeo
	Relixión	Beatriz Lomba Portela
	Lingua Estranxeira	Marcos Mazás Fuentes
	Educación Física	Luís Alberto Alonso Vicente
D. Orientación	Luís Alberto Alonso Vicente (apoio en lingua galega) María Alonso Cerqueira (Proa +)	
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Nerea Costas Pereira Marcolina Núñez Franco
	Xefe do Departamento de Orientación	Belén Giménez Solla

ALUMNOS/AS	Nenos	Nenas	TOTAL
QUINTO	9	5	14

1. VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

Os obxectivos propostos para o 5º curso foron acadados por todo o alumnado, menos no caso dun neno que promociona obrigadamente, chegando o resto dos nenos e nenas aos mínimos esixibles establecidos e a adquisición do grao de competencias básicas plantexadas ao comezo deste curso.

Os resultados globais son bastante positivos. Trátase dun curso relativamente homoxéneo, con dous nenos que presentan dificultades na lecto-escritura, un deles recibe adaptacións nas probas de linguas. Este ano tivemos dúas incorporacións. O clima de traballo na clase foi no primeiro e segundo trimestre bo, pero no

terceiro trimestre o clima de aula empeorou.

Hai que salientar que en certas ocasión a alta competitividade entre o alumnado creou situacións de confusión tendo a necesidade de aclarar as prioridades e necesidades do grupo clase.

A relación entre os membros do grupo cambiou a medida que transcurriu o curso: facendo interrupcións constantes, aparecendo conflitos e creándose situacións negativas sobre todo á hora dos traballos e actividades en grupo.

As relacións coas familias en xeral foi boa salvo en algunhas ocasións onde púxose en dubida a profesionalidade da titora e de membros do equipo docente, así como do camiño a seguir, tendo en máxima consideración as calificacións numéricas e individuais ante as necesidades e prioridades da Educación Primaria. As faltas de asistencia foron case inexistentes e estiveron debidamente xustificadas.

En canto a planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, deu tempo a rematar casi a totalidade da programación en tódalas áreas, salvo algunha excepción, como en Matemáticas (Probabilidade) debido as frecuentes saídas no terceiro trimestre, interrupcións do alumnado e a coincidencia horaria.

En canto ao alumno con dificultades, recibiu apoio das especialistas de PT e doutros mestres dentro da aula e tamén dúas sesións fora. Tamén tivemos o apoio da mestra de Proa +

A metodoloxía empregada foi dinámica, activa, participativa, baseada na aprendizaxe por descubrimento, resolución de retos, proxectos, actividades vivenciais e manipulativas, atendendo ás características individuais do alumnado. Mencionar de forma especial a iparticipación na Radio Papaventos como unha actividade cun alto valor interdisciplinar e motivacional para a totalidade do alumnado.

2. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS:

Os resultados acadados foron moi satisfactorios. As tarefas diarias, a observación... permitiron unha constante readaptación do proceso. Hai que sinalar por outra banda a grande capacidade de traballo dos alumnos/as e o seu alto grado de autonomía. Os resultados foron os seguintes:

	INS	SUF	BEN	NOT	SOB	APROBADOS
Lingua castelá	0	2	1	7	4	14
Lingua galega	1	1	3	6	4	13 (1 exento)
Matemáticas	0	3	1	8	2	14

Ciencias N.	0	0	0	6	8	14
Ciencias S.	0	2	2	6	4	14
E. Física	0	0	0	8	6	14
Inglés	2	1	0	8	3	14
E. Artística	0	0	0	8	6	14
Relix/ Altern.*	0	0	0	9	5	14

3. PROBLEMAS OU DIFICULTADES ATOPADOS NA AULA:

No quinto curso nos se atoparon grandes dificultades. O desenvolvemento das clases foi o normal salvo os problemas citados no apartado 3.

REUNIÓN COAS FAMILIAS.

Ao comezo do curso escolar a titora mantivo unha reunión informativa cos pais e nais dos alumnos/as como toma de contacto para darlles a coñecer os obxectivos fixados para o curso, as normas da clase , o horario de titoría para poder informarse da evolución dos seus fillos/as e as normas a seguir no inicio do curso.

Ao longo do curso informouse aos pais e nais da evolución académica dos seus fillos/as por teléfono ou presencias cando fixo falta. A participación dos pais foi positiva e o trato maioritariamente foi cordial e enriquecedor.

4. PROPOSTA DE MELLORA.

Intentarase para o próximo curso continuar co traballo a nivel social do grupo para conseguir un bo clima de traballo e manter os mesmos resultados a todos os niveis.

5. CONCLUSIÓN.

En xeral os resultados de quinto foron bos en todos os aspectos.

MEMORIA POR ESPECIALIDADES:**LINGUA ESTRANXEIRA****. AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

Os obxectivos foron, en xeral, alcanzados. O alumnado foi capaz de captar información máis relevante, memorizar e producir textos orais, mostraron unha moi boa actitude cara a lingua estranxeira valorándoa e respectando as diferenzas que hai coas súas propias linguas. A maior dificultade atópase á hora de producir textos propios, tanto orais como escritos, cústalles aplicar nun contexto significativo as estruturas aprendidas.

. ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS

Non todo o alumnado superou esta materia. Dous alumnos non a superaron e outro superouno con reforzo educativo obtendo un 5. Os demais resultados foron os seguintes:

	Sobresaínte	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
Alumnado	3	8	0	1	2

. PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA.

Este curso contamos cunha auxiliar de conversa durante todo o curso. Notouse moitísimo a presenza dunha auxiliar nativa na aula e posibilitou a atención máis individualizada do alumnado. A seguinte proposta, polo tanto, é seguir contando con esta axuda ao longo do vindeiro curso e así que a axuda sexa máis espazada.

E por último, este curso, de novo, non se puido contar con aula de inglés e as sesións impartíronse nas respectivas aulas. A última proposta é que se volva contar con esta aula. As circunstancias no centro non permiten que isto mude para o próximo curso. O ambiente da aula era un apoio en si mesmo para adquirir e traballar a lingua.

. CONCLUSIÓN

Foi un grupo con moito interese de cara á materia e que pouco a pouco se foi adaptando ás dinámicas da aula. Foi de grande axuda poder contar cunha auxiliar de conversa feito que motivou notablemente ao alumnado. De cara ao vindeiro curso procurárase que a falta dun espazo para a materia de inglés non supoña unha perda na calidade desta materia.

EDUCACIÓN FÍSICA:

AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS QUE SE PROPUXERON:

Os obxectivos foron acadados por todo o alumnado.

ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS:

Os resultados son excelentes en xeral, aínda que cómpre lembrar que hai dous nenos excesivamente competitivos e outro con dificultades motrices.

PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA:

No próximo curso teño a intención de introducir máis xogos tradicionais e populares galegos.

CONCLUSIÓNS:

O alumnado de 5º de EP gozou enormemente nas sesións de EF. As sesións de natación na piscina municipal durante os meses de marzo, abril e maio foron, en xeral, moi ben aproveitadas polo alumnado, sobre todo por parte de dous nenos que non sabían nadar e que melloraron moito neste ámbito.

MÚSICA E DANZA


○ AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS QUE SE PROPUXERON.

Os obxectivos propostos considéranse acadados a pesar de que non se desenvolveu parte da programación posto que se dedicou tempo a actividades que non estaban programadas pero se consideraron interesantes.

○ ANÁLISE DAS DIFICULTADES.

Unha das dificultades principais foi a adaptación á situación epidemiolóxica que implicou a adaptación de certas actividades e o incremento do uso da aula ordinaria, que non está pensada para esta materia nin conta co material preciso, loxicamente. A actitude foi moi boa. Variáronse as actividades previstas inicialmente pero considéranse impartidos todos os contidos.

○ ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS.



O alumnado de quinto obtivo resultados moi positivos na súa totalidade. A gráfica anterior reflicte que todo o alumnado obtivo cualificacións positivas sendo maioritaria a de notable.

▪ PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA.

Tendo en conta a análise anterior proponse:

- Continuar con melloras que son aplicables ano tras ano:
 - Reforzar individualmente, cando sexa posible, ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.
 - Engadir aqueles recursos que se consideren de interese na aula virtual do centro para complementar aos xa existentes.
 - Modificar a programación cando se atopen elementos (actividades, recursos en liña, xogos, láminas,...) que sirvan para melloralala.
 - Fomentar o uso do galego por parte do alumnado.
 - Continuar imprimindo a totalidade de fichas ao inicio de curso e entregárllelas ao alumnado.
- Realizar algunhas actividades noutros espazos do centro (patio, ximnasio,...)
- Mellorar a adaptación do material que emprega o alumnado con NEE.
- Revisar as programacións en PROENS a medida que se vaian rematando as unidades didácticas

▪ CONCLUSIÓN.

O desenvolvemento do curso e os resultados foron satisfactorios.

RELIXIÓN CATÓLICA

○ ANÁLISE DAS DIFICULTADES

É un grupo participativo e traballador pero ao mesmo tempo hai alumnado falador que perde a explicación e non sabe que facer despois.

Hai interrupcións con cousas fora de lugar que facían perder o ritmo do traballo.

○ ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS

As cualificación son boas son moi participativos e interesados polo materia.

Notas	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Nº alumno							1	5		

PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA

Fomentar a participación activa de todo o alumnado.

Seguir a reforzar e cumprir as normas da clase.

○ CONCLUSIÓN

O resultado do curso foi satisfactorio en xeral, seguiremos traballando deste xeito e aproveitando todos os recursos á nosa disposición

1.7. Sexto de Educación Primaria

- Distribución do alumnado

ALUMNOS/AS	Nenos	Nenas	TOTAL
Sexto	8	7	15

- Compoñentes

Titora	Linguas, Matemáticas, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.	Dona Gloria Inés Vázquez Castro
Especialistas	Educación musical	Don Javier Constenla Ribadeo
	Relixión	Dona Beatriz Lomba Portela
	Lingua Estranxeira	Don Marcos Mazás Fuentes
	Auxiliar de conversa	Dona Dorene Elizabeth Sanchez
	Educación Física	Don Luís Alberto Alonso Vicente
PROA+	Programa Proa+	Dona María Alonso Cerqueira
D. Orientación	Especialista Audición e Linguaxe	Dona Ester Pérez Martínez
	Especialistas Pedagogía Terapéutica	Dona Nerea Costas Pereira Dona Marcolina Núñez Franco
	Xefe do Departamento de Orientación	Dona Belén Giménez Solla

1. VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

Os obxectivos propostos para o 6º curso foron acadados polo alumnado deste curso, chegando todo os nenos e nenas aos mínimos esixibles establecidos e a adquisición do grao de competencias básicas plantexadas ao comezo deste curso, a gas de dous alumnos: un neno que veu de Marrocos no segundo trimestre sen coñecemento básico das linguas oficiais e asistiu todo este tempo a un grupo de adquisición das linguas e outro neno que foi operado tendo unha convalecencia moi difícil e asistindo moi pouco ao colexio.

Os resultados globais son bastante positivos.. Trátase dun curso relativamente homoxéneo. O clima de traballo da clase tamén foi bo, porque hai poca diversidade de intereses e o tempo de resposta ante as tarefas é bastante igual, lóxicamente con excepcións. Hai que facer mención do traballo da profesora de PROA+ que permitiu facer un reforzo na aula e que todo os alumnos foran ao mesmo ritmo de traballo, aínda que lóxicamente os resultados non foran iguais.

O comportamento en xeral non é adecuado. Son xoguetóns e interrompen bastante o desenvolvemento da clase o que fai que a atención se disperse un pouco.É un grupo nada compacto,continuamente se producen momentos de choque ao non saber controlar as emocións.

A relación coas familias foi moi fluída; colaboraron ca marcha da clase informándose continuamente e con preocupación do comportamento ou os resultados académicos dos seus fillos, lóxicamente con algunhas excepcións.

En canto a planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe: deu tempo a rematar a programación en tódalas áreas.

Un alumno tivo en todas as asignaturas un profesor de apoio dentro da aula debido as súas condicións físicas. Outro alumno de orixen marroquí participou todo o tempo nun grupo de adquisición de linguas.Tamén contamos coa axuda da mestra de PROA+

A metodoloxía empregada foi dinámica, atendendo ás características individuais dos alumnos/as.

2. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS:

Os resultados acadados a nivel académicos son moi satisfactorios, a nivel de comportamento xa non foron tan satisfactorios. Houbo 2 excepcións: un neno NEE que debido a que foi operado outro neno que foi operado tendo unha convalecencia moi difícil e asistindo moi pouco ao colexio e outro que chegou de Marrocos que sen coñecemento básico das linguas oficiais e asistiu todo este tempo a un grupo de adquisición das linguas

As tarefas diarias, a observación, etc....permitiron unha constante readaptación do proceso mesmo de

análise que contribuíu a esta valoración positiva dos resultados.

Os resultados acadados en sexto de Educación Primaria son os seguintes:

	INS	SUF	BEN	NOT	SOB	APROBADOS
Lingua castelá	2	0	0	5	8	13
Lingua galega	1	1	1	3	9	14
Matemáticas	2	0	0	7	6	13
Ciencias N.	1	1	0	3	10	14
Ciencias S.	2	0	0	2	11	13
E. Física	0	0	1	7	7	15
Inglés	1	1	5	3	4	13
E. Artística	0	0	0	6	8	14
Relix/ Altern.*	0	0	1	3	11	15

PROBLEMAS OU DIFICULTADES ATOPADOS NA AULA:

No sexto curso nos se atoparon grandes problemas. O desenvolvemento das clases foi o normal como corresponde a nenos/as . Non houbo grandes dificultades e as que había podíanse solventar con facilidade.Os problemas atopados foron os relacionados co comportamento e roces entre o alumnado.

REUNIÓNS COAS FAMILIAS:

Ao comezo do curso escolar a titora mantivo unha reunión informativa cos pais e nais dos alumnos/as como toma de contacto con eles no patio por problemas do Covic ,para darlles a coñecer os obxectivos fixados para o curso, as normas da clase , o horario de titoría para poder informarse da evolución dos seus fillos/as e as normas a seguir co motivo de dita pandemia.

Ao longo do curso informouse aos pais e nais da evolución académica dos seus fillos/as por teléfono ou presencias se fixera falla.

A participación dos pais foi positiva e maioritaria e o trato cordial e enriquecedor.

3. PROPOSTAS DE MELLORA:

Intentarase no próximo curso mellorar o clima de traballo .

4. CONCLUSIÓN

En xeral os resultados de terceiro foron bos, pero no tema de comportamento hai moito que mellorar.

MEMORIA POR ESPECIALIDADES:

LINGUA EXTRANXEIRA

. AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais propostos para quinto de primaria foron alcanzados. O alumnado foi capaz de captar información máis relevante, memorizar e producir textos orais, mostraron unha moi boa actitude cara a lingua estranxeira valorándoa e respectando as diferenzas que hai coas súas propias linguas. A maior dificultade atópase á hora de producir textos propios, máis orais que escritos.

. ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS

	Sobresaínte	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
Alumnado	4	3	5	1	1

Todo o alumnado superou esta materia agás un alumno que se incorpora de Marrocos na segunda avaliación, sendo o primeiro contacto coa lingua inglesa. Hai outro neno con adaptación curricular que non é avaliado debido a que non asiste a un alto porcentaxe das clases por enfermidade.

. ANÁLISE DAS DIFICULTADES ATOPADAS

Unha das maiores dificultades atopadas foi a creación de textos escritos, aínda que a medida que avanzaba o curso ían realizando estas tarefas con menor dificultade.

. PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA.

Este curso contamos cunha auxiliar de conversa durante todo o curso, unha hora semanal. Notouse moitísimo a súa presenza na aula e posibilitou a atención máis individualizada do alumnado.

Este curso, de novo, non se puido contar con aula de inglés e as sesións impartíronse nas respectivas aulas. As circunstancias no centro non permitirán que isto mude para o próximo curso, mais era un gran recurso que o alumnado botou en falta. O ambiente da aula era un apoio en si mesmo para adquirir e traballar a lingua.

CONCLUSIÓN

Foi un grupo con moito interese de cara a materia e que pouco a pouco se foi adaptando ás dinámicas da aula. Foi de grande axuda poder contar cunha auxiliar de conversa durante 1 sesión á semana, feito que motivou notablemente ao alumnado. De cara ao vindeiro curso procurarase que a falta dun espazo para a materia de inglés non supoña unha perda na calidade desta materia.

EDUCACIÓN FÍSICA

AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS QUE SE PROPUXERON:

os obxectivos foron acadados por todo o alumnado, aínda que un neno tiña unha ACI nesta materia

○ ANÁLISE DAS DIFICULTADES:

A principal foi ter que desenvolver as sesións de EF no pavillón, pois isto dificultou en ocasións manter a atención do alumnado e evitar as actitudes disruptivas. Ademais o tamaño do pavillón obrigábame a forzar a miña voz continuamente para facerme oír. Tamén quero subliñar que hai varios nenos excesivamente impulsivos, demasiado competitivos. e con atención dispersa.

○ ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS:

Os resultados son moi bos, pero poderían ser mellores se a relación entre o alumnado fose máis axeitada. O máis gratificante foi acadar que dous nenos aprendesen a nadar durante as sesións na piscina municipal (que se desenvolveron nos meses de marzo, abril e maio).

○ PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA:

No próximo curso teño a intención de introducir máis xogos tradicionais e populares galegos.

- CONCLUSIONES:
 - O alumnado de 6º de EP participou, en xeral, con entusiasmo e motivación nas sesións de EF, a pesar dalgunhas actitudes disruptivas amosadas por parte do alumnado.

EDUCACIÓN MUSICAL

- **AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBTIVOS QUE SE PROPUXERON.**
 Quedou sen impartir parte da última unidade didáctica porque se realizaron outras tarefas que se foron considerando oportunas e interesantes. A pesar diso considérase que o currículo foi desenvolvido na súa maioría. Danse por acadados os obxectivos establecidos.
- **ANÁLISE DAS DIFICULTADES.**
 A actitude do alumnado cara a materia foi boa e o comportamento tamén o foi quitando casos puntuais que entran dentro do habitual. Dedícase tempo a tarefas que non estaban programadas polo que foi preciso modificar algunhas actividades.
- **ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS.**

CUALIFICACIÓN	6	7	8	9	10
Nº de alumnado	1	4	5	2	2

O alumnado de sexto obtivo cualificacións positivas na totalidade oscilando entre o 6 e o 10 sendo a máis habitual a cualificación de notable. Un alumno queda sen cualificar porque non asistiu gran parte do curso por enfermidade.

- **PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA.**

Tendo en conta a análise anterior proponse:

- Continuar con melloras que son aplicables ano tras ano:
 - Reforzar individualmente, cando sexa posible, ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.
 - Engadir aqueles recursos que se consideren de interese na aula virtual do centro para complementar aos xa existentes.

- Modificar a programación cando se atopan elementos (actividades, recursos en liña, xogos, láminas,...) que sirvan para melloralas.
- Fomentar o uso do galego por parte do alumnado.
- Continuar imprimindo a totalidade de fichas ao inicio de curso e entregárllelas ao alumnado.
- Elaborar a programación LOMLOE e revisala en PROENS en canto se acabe cada unidade didáctica.
- Realizar algunhas actividades noutros espazos do centro (patio, ximnasio,...)
- Empregar máis a aula de música.

▪ CONCLUSIÓNS.

O desenvolvemento do curso e os resultados foron satisfactorios. Os obxectivos xerais propostos para quinto de primaria foron alcanzados. O alumnado foi capaz de captar información máis relevante, memorizar e producir textos orais, mostraron unha moi boa actitude cara a lingua estranxeira valorándoa e respectando as diferenzas que hai coas súas propias linguas. A maior dificultade atópase á hora de producir textos propios, máis orais que escritos.

RELIXIÓN CATÓLICA

○ AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS QUE SE PROPUXERON

Todo o alumando adquiriu os mínimos esixibles. Agás un alumno que por enfermidade non asistiu a clase e non puido ser avaliado.

○ ANÁLISE DAS DIFICULTADES

Grupo participativo, traballador e con interese cara a materia.

Neste curso un alumno con disfuncionalidade motórica severa so asistiu á miña materia no 1º trimestre xa que no segundo foi operado e no 3º estivo de recuperación, ademais nas últimas semanas as horas que asistiu ao centro coincidiron con outras materias.

Como vai flexibilizar retomaremos o non traballado na medida do posible

○ ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS

Notas	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Nº alumno								1	2	4

É un grupo participativo e traballador e disposto a facer todo o que se lle propón. As cualificación son boas son moi participativos e interesados polo materia

PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA

Co alumno con disfuncionalidade motórica que vai repetir seguiremos adaptando o material empregando os recurso ao noso alcance sempre e cando a súa saúde o permita.

Dinamizar para que este alumno poida participar dun xeito mais activo.

○ CONCLUSIÓNS

O resultado do curso foi satisfactorio en xeral, seguiremos traballando deste xeito e aproveitando todos os recursos á nosa disposición.

2. Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estivo integrada polas persoas seguintes:

Don Javier Constenla Ribadeo (presidente)

Dona Marcolina Núñez Franco (vicepresidenta e PT)

Dona Belén Giménez Solla (orientadora) Secretaria

Dona María Montserrat Garcés Domínguez (coordinadora Infantil)

Dona Cristina Rodríguez Pumar (titora de 1º)

Dona Mª Isabel de la Santísima Trinidad Gómez (titora de 2º)

Dona Mercedes Sánchez García (titora de 3º)

Dona Jennifer Otero González (titora de 4º)

Dona Belén Bascoy Cao (titora de 5º e coordinadora EDLG)

Dona Gloria Inés Vázquez Castro (titora de 6º)

Dona Nerea Costas Pereira (PT)

Dona Beatriz Mauri Martínez (AL)

Dona Beatriz Lomba Portela (coordinadora da biblioteca)

Grao e consecución dos obxectivos propostos:

As reunións da CCP leváronse a cabo os terceiros martes do mes.

20/09/2022	17:00	Aula de artística
18/10/2022	17:00	Aula de artística
29/11/2022	17:00	Aula de artística
31/01/2023	17:00	Aula de artística
18/04/2023	17:00	Aula de artística
30/05/2023	17:00	Aula de artística
27/06/2023	10:00	Aula de artística

As actividades realizadas durante este curso foron as seguintes:

- ✓ Revisáronse as ACs.
- ✓ Revisión dos Plans de Reforzo propostos polo D.O.
- ✓ Revisáronse trimestralmente os apoios de PT e AL.
- ✓ Planificáronse as avaliacións do centro.
- ✓ Realizouse a Concreción Curricular de Centro.
- ✓ Comezouse a realizar unha coordinación vertical. Está realizada a das linguas e as matemáticas.
- ✓ Supervisouse a realización das programacións na aplicación PROENS.
- ✓ Pasáronse probas de comprensión lectora en 3º de primaria, o Badyg en 2º de primaria en dúas sesións e en 6º de educación infantil tamén en dúas sesións.
- ✓ Comezouse a revisión do Plan de Convivencia.
- ✓ Revisáronse os casos de alerta escolar.
- ✓ Coordinouse a realización de actividades de posta en valor da diversidade.
- ✓ Modificación de algúns documentos do centro (Anexos PXAD)

Este curso funcionou a aula de convivencia como se establecera na PXA, pasaron por esta aula **un neno**.

Análise dos resultados

O traballo da CCP foi axustado ás necesidades ordinarias do centro.

Dificultades atopadas:

Non foi posible rematar a revisión do Plan de convivencia, entre outras cousas porque, a día de hoxe, non temos os resultados da enquisa de convivencia realizada por alumnado, profesorado e familias.

Propostas de mellora

- Seguir traballando na mesma liña propoñendo novos obxectivos en pro dunha boa coordinación e un bo clima de convivencia. Para iso considérase oportuno que o equipo de dinamización da convivencia estea formado por persoas que non pertencen a outros grupos.
- Rematar a revisión do Plan lector, do Plan de Atención á Diversidade e do Plan de Convivencia.
- Realizar as programacións LOMLOE de 2º, 4º e 6º de primaria na aplicación PROENS.
- Concretar os mínimos esixibles por curso nas materias de CN e CS para rematar a coordinación vertical.
- Seguir coa aula de convivencia segundo se recolle no Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Realizar a adaptación dos Proxectos cando sexa preciso.
- Revisar as NOFC para adaptalas a lexislación publicada en datas recentes.

3. Equipo de Dinamización da lingua galega.

AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS QUE SE PROPUXERON.

Os obxectivos propostos no Proxecto de fomento do uso do galego foron conseguidos maioritariamente.

Procuramos acadar un meirande uso do galego pola nosa comunidade educativa. Hai que recoñecer que éste é un obxectivo moi ambicioso e complicado porque, por desgraza, tanto o noso alumnado como as súas familias, agás algunhas excepcións, aínda que coñezan o idioma galego e o empreguen, seguen considerándoo unha lingua de andar por casa, moi por debaixo do castelán e do inglés. Por iso moitas familias galegofalantes cambian ao castelán cando se dirixen aos seus fillos. A consecuencia de todo o anterior é a escasa consideración que unha parte do noso alumnado ten polo galego.

ANÁLISE DAS DIFICULTADES:

As actividades propostas resultaron moi enriquecedoras. No colexio fixéronse moitas actividades para promover o emprego do galego. As actividades realizadas dentro do Proxecto "REDESCUBRINDO A

GUARDA" que foron coordinadas conxuntamente con Bibliosinde. Realizáronse actividades moi variadas e enriquecedoras.

ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS

As actividades propostas resultaron moi enriquecedoras. No colexio fixerónse moitas actividades para promover o emprego do galego, unha delas foi proporcionarlle ao alumnado un carné "Fala en lingua Galega" que terían que cubrir cando os mestres lle deran algún punto por falar na nosa lingua. As actividades realizadas dentro do Proxecto "Redescubriendo A Guarda" que foron coordinadas conxuntamente con Bibliosinde. Realizáronse actividades moi variadas e enriquecedoras.

As actividades programadas para festexar o Día das Letras Galegas, homenaxeando a Francisco Fernández del Riego, realizáronse correctamente. Por un lado, o alumnado dos diferentes centros elaborou un marcapáxinas que tiña un código QR e dependendo do colexio que o fixera nos levaba a escoitar a súa biografía, un rap ou un Podcast. A continuación, mezclamos todos os marcapáxinas, dos diferentes centros, para finalmente repartilos polos diversos recunchos do noso pobo.

No centro tamén decoramos un recuncho con información variada deste escritor.

Continuamos traballando co Blog de Dinamización da Lingua Galega.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Continuar afondando na coordinación cos diferentes equipos do centro na realización das actividades de normalización.

Para o curso que ven, dependendo da situación, tentaremos levar a cabo as tarefas programadas con normalidade, de acordo co proxecto que se escolla para o vindeiro curso.

Realizar unha encuesta de avaliación do traballo realizado polo equipo.

Seguir traballando para acadar que o galego sexa unha lingua de uso habitual.

CONCLUSIÓN

A maioría das actividades levadas a cabo resultaron atractivas para o alumnado e, incluso, para as súas familias.

Nos vindeiros cursos seguiremos afondando neste tipo de tarefas na procura de seguir fomentando o uso do galego na nosa comunidade educativa.

4. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Actividades Extraescolares e Complementarias

O centro recuperou a normalidade en relación ás actividades extraescolares e complementarias, facendo agrupacións de diferentes niveis para saídas e todo tipo de actividades. Retomáronse as excursións finais de curso dos ciclos e a celebración de todo o alumnado do día de fin de curso.

Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron

Leváronse a cabo a maior parte das actividades propostas na programación xeral, so algunha delas foron aprazadas ou canceladas por causas metodolóxicas. As saídas e actividades que se fixeron foron as seguintes:

- Primeiro trimestre: saída ao montiño polo alumnado de infantil, 1º e 2º de primaria saíron a coñecer os recunchos máis significativos da nosa vila, polo Samaín certame de cabazas e postais sobre o lugar que máis medo lles da da Guarda. Inauguración da biblioteca coa proxección do vídeo "Callejeros viajeros" e posta en marcha das mochilas viaxeiras. Festa do magosto, saída a Avelaíña por 3º de primaria e o San Xerome por 4º de primaria. O 25 de Novembro levouse a cabo a actividade "Zapatos rojos" promovida polo o equipo da biblioteca con motivo do Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller. Volve a celebrarse o festival de Nadal con actuacións para as familias, visita dos Reis Magos e a tradicional chocolatada.

- Segundo trimestre: día da paz coa posta en escena do símbolo da paz composto polos nenos e nenas do cole no patio de primaria e cantando a canción "Cor esperanza" de Diego Torres. Tamén se fixo con este motivo o 1º apadriñamento lector. Saída ao Concello de 5º e 6º de primaria a unha exposición sobre o cambio climático, tamén tiveron un obradoiro sobre as aves do inverno da Guarda co Naturista coxo no estuario do Miño. Nova campaña de recollida de pilas de Pilabot. Taller de desgustación de produtos típicos do entroido e festa de disfraces no cole. Concurso para as familias para deseñar o logo da radio escolar: radio Papaventos. Saída á Rosaleira e o CPI. A Mata polo alumnado de 1º e 2º de primaria. Obradoiros de Judo no centro deportivo para todo o cole. Entrevistas a mulleres relevantes da Guarda relacionadas co mar con motivo co Día internacional da muller. Os nenos e nenas de 5º de primaria tiveron unhas charlas de sexualidade promovidas pola AMPA e outro ofertado polo concello titulado "lentes violetas". No Día do consumidor: vídeos no blogue de Voz Natura. Os rapaces de infantil saíron ao Castelo de Santa Cruz. Todo o alumnado disfrutou dun obradoiro de percusión con material de refugallo a cargo do grupo Matrácala.

Obradoiro "Nós mesmas" incluído no contrato-programa "Inclúete". Polo Día da saúde o equipo de voz Natura organizou unha práctica para observar o azucre que conteñen algún alimentos.

- 3º trimestre: obradoiro de primeiros auxilios impartido polo GES para todo o profesorado voluntario, saída á pastelería Rogelio para 1º e 2º. Obradoiros para 5º e 6º de primaria impartidos pola asociación Érguete Baixo Miño. Excursión a Viana do Castelo de 3º e 4º de primaria. Segundo apadriñamento lector no Día do acoso. Obradoiro de Seguridade Vial para 5º de primaria a través do Plan director. Obradoiro de degustación dos produtos típicos das diferentes culturas que temos presentes no cole, con motivo do Día da Diversidade Cultural. Visita ao IES A Sangriña do alumnado de 6º de primaria. Saída fin de curso a Indiana Bill de Ed. Infantil e a Corazón de Carballo para 1º e 2º de primaria. 5º e 6º viaxe a Asturias e a festa de fin de curso para todos, no Club de tenis Codesal.

2. Análise das dificultades

As actividades que van xurdindo durante o transcurso do curso, que non estaban planificadas dentro do calendario escolar, supoñen un aumento da carga de traballo para algúns mestres/as, sabemos que en moitas delas é imposible a súa previsión xa que proveñen de entidades externas ao centro.

O prezo excesivo do transporte para as excursións educativas fai case imposible organizar saídas a outros concellos, incluso algunhas das saídas dentro do concello teñen un prezo desorbitado.

A organización da saída conxunta de todo o cole en fin de curso, faise complicada por ter que ser planificada con moita antelación e non poder saber as condicións metereolóxicas para ese día.

C. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

1. Pedagogía terapéutica

Neste curso 2022-23 o centro contou con dúas mestras especialistas en PT, unha delas concedida por atención preferente en comisión de servizos para o alumnado NEE dadas as necesidades do centro.

Partindo disto, elaboráronse os horarios tendo en conta a previsión do ano anterior e as novas incorporacións.

Foron atendidos polas mestras de PT un total de 24 alumnos e alumnas dos seguintes cursos:

Nº alumnos/as	Curso
1	6º Ed. Infantil

5	1º E. Primaria
5	2º E. Primaria
3	3º E. Primaria
6	4º E. Primaria
2	5º E. Primaria
2	6º E. Primaria

Foron atendidos dentro e fóra da aula de PT seguindo os criterios fixados no DO plasmados na PXAD e atendendo ás NEE, AC e ás necesidades específicas de cada neno/a.

A aula de PT tamén foi utilizada pola mestra da ONCE que ten unha sesión semanal cun neno de 6º de Primaria.

Ao longo do curso mercamos material para o alumnado NEE: xogos de madeira, xogos de mesa e libros de diferentes temática.

1. Grao de consecución dos obxectivos propostos.

Os obxectivos traballados con cada alumno/a estiveron enfocados en función das necesidades concretas que presentaban cada un deles e quedaron recollidos nos programas de intervención individual e nas ACS.

O balance final do curso foi satisfactorio en xeral. Realizaronse agrupamentos con alumnos de diferente nivel para facilitar os horarios dos apoios.

Dende o D.O, facíase un seguimento semanal do alumnado facendo unha valoración xeral sobre os resultados das medidas aplicadas, tendo en ocasións que modificar ou ampliar os tipos de apoios, medidas e horarios

Traballáronse os obxectivos fixados nos programas de intervencións. Co alumnado NEE ,da etapa de educación infantil , traballouse para facilitar a inclusión as actividades da aula, ademais de realizar un apoio previo traballando certos contidos curriculares co obxectivo de facilitar a realización de actividades grupais na aula.

En educación primaria, acadáronse os obxectivos propostos para este curso na maioría do alumnado aínda que non se pode falar dun grao xeral de consecución dos mesmos porque cada neno ten o seu ritmo de aprendizaxe e unhas necesidades específicas propias.

No caso das ACS seguíronse os contidos relacionados cos obxectivos propostos na propia adaptación partindo dos aprendizaxes previos do alumnado.

O alumnado que recibiu apoio neste curso foi o seguinte:

- Alumno de 6º infantil : realizáronse catro sesións de apoio dentro e fora da aula. Utilizouse o uso da axenda para xestionar o contacto diario coa familia, os gabinetes e atención temperá. Ademais, neste curso académico atendendo o decreto 229 /2011 do 7 de decembro e a orde 8 de setembro do 2021, se realizan medidas ordinarias como adecuación da metodoloxía, procedemento de avaliación, organización de espazos e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria e medidas extraordinarias como os apoios dos especialistas de PT e AL en coordinación coa mestre titora.
- Alumnado de 1º primaria: foron atendidos cinco alumnos/as. O apoio das materias repartíronse entre ámbalas dúas mestras de pedagogía.

O principio de curso valorouse o grado de competencia dunha alumna, xa que na avaliación inicial observouse que non presenta o nivel esperado. Chamouse ao EOE para pedir unha ACS, que foi aceptada nas áreas instrumentais. Decidiuse traballar contidos básicos de autonomía e comunicación.

Por outro lado, foron atendidos dous alumnos de nova incorporación o centro desde principio do curso nas materias instrumentais (linguas e matemáticas), presentaban dificultades de aprendizaxe persistentes. Tráballouse a iniciación na lecto escritura e foron atendidos na materia de matemáticas para mellorar a adquisición da recta numérica, a resolución de problemas e o pensamento lóxico. Por último, no segundo trimestre se incorporaron dous alumnos novos para mellorar a súa conciencia fonolóxica e a adquisición do proceso lecto escritor. Tres alumnos non superan os obxectivos mínimos polo que promocionan cun plan de reforzo nas materias suspensas.

- Alumnado de 2º primaria: Os apoios nesta aula foron variando segundo as necesidades. Nun primeiro momento, solicitouse o apoio de 4 alumnos por dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais. No segundo trimestre, un alumno foi dado de alta no apoio de lingua. Durante o terceiro trimestre, matriculouse un alumno estranxeiro, foi necesario con este alumno facer unha inversión lingüística na lingua castelá. Por outro lado, dicir que unha nena non supera os obxectivos mínimos e foi proposta realizar unha ACS. Os apoios de lingua leváronse a cabo na aula de PT e o apoio de matemáticas dentro da aula ordinaria.
- Alumnado de 3º de primaria: Nesta aula foron atendidos tres alumnos para traballar os obxectivos das áreas instrumentais. Un alumno tivo o reforzo da mestra de PT desde setembro, outro deixou o centro ao final do primeiro trimestre e o terceiro incorporouse o centro no segundo trimestre. Na segunda avaliación a mestra comenta a necesidade de incorporarse o reforzo. Un deles non acadou os

obxectivos mínimos polo que promociona con materias pendentes cun plan de reforzo. Os apoios de lingua leváronse a cabo na aula de PT e o apoio de matemáticas dentro da aula ordinaria (durante o primeiro trimestre).

- Alumnado de 4º de primaria: comezouse o curso realizando un agrupamento con cinco nenos/as para traballar as diferentes dificultades de aprendizaxe nas areas instrumentais o longo do curso e incorporouse outra nena no segundo trimestre. Unha alumna non alcanzaron os obxectivos mínimos e é proposta para permanecer un ano mais neste curso.

Dous alumnos promocionan pero no vindeiro curso van precisar certos apoios e a implementación de medidas ordinarias, como adecuación da metodoloxía, procedementos de avaliación e adecuación do ritmo de aprendizaxe realizando certas actividades multinivel dentro do grupo (D. 229/2011 e O.8 setembro.2021).

Dous alumnos presentan unha ACS , son avaliados segundo os obxectivos propostos nestes materias.

Por ultimo, un alumno non alcanza os obxectivos, pasa de curso por imperativo legal. É proposta para realizar unha ACS nas áreas de matemáticas e nas ciencias.

- Alumnado de 5º de primaria: Neste curso foi atendido desde setembro un neno durante unha hora a semana para mellorar a expresión escrita e oral, a fluidez lectora e o uso de vocabulario. Tras a avaliación do segundo trimestre, e por petición da titora aumentouse unha sesión máis a neste alumno e incorporouse outro neno da clase.
- Alumnado 6º primaria: Cumpríronse os obxectivos previstos na ACS (O. 8 de setembro 2021) dun neno de 6º con discapacidade motora. Este neno, debido a unha operación, faltou o centro durante varios meses, sendo necesario facer unha incorporarase o centro cun horario reducido. Tras esta situación , consideramos que o mellor é a permanencia deste alumno un ano máis no centro. Haberá que facer unha nova adaptación para 6º e seguir realizando adaptacións de acceso en tódalas materias.
- No último trimestre, incorporouse un novo alumno procedente do estranxeiro, foi necesario realizar un grupo de adquisición de linguas.

2. Dificultades atopadas

- Foi complicado elaborar o horario das PT o ter que casar o noso horario coas necesidades educativas e os horarios dos cursos.

- Non se atenderon a todos os alumnos e alumnas que o precisaron por falta de tempo no horario, priorizouse e recomendouse o reforzo educativo por parte dos titores naqueles casos que se considerou posible.
- Houbo algunhas sesións nas que as dúas PT tivemos que compartir a aula.
- A atención na aula de PT lévase a cabo de forma individual ou en pequeno grupo, formado por alumnos/as que teñen características e necesidades similares. Procúrase facer coincidir as sesións coas áreas de lingua, matemáticas, ccnn e/ou ccss impartidas nese momento na aula de referencia. O ser un número elevado de alumnos/as foi difícil facer coincidir a todos os alumnos neste horario.
- A implicación dalgunhas familias pódese mellorar.
- O aumentar o alumando con NEE faise necesario mais tempo para coordinarse coas titoras deste alumnado, xa que require no solo atención nas horas coa PT se non unha planificación de aula coordinada que permita que este alumnado teña unha inclusión real na súa aula de referencia.
- Solicitouse a presenza do EOE, queda pendente a súa visita cara o curso que ven.
- O alumnado con necesidades va en aumento e non podemos dedicar o tempo que necesitan tanto de asesoramento as familias e titores como a docencia co alumando.

3. Análise dos resultados obtidos

- O desenvolvemento do curso académico foi bo a nivel xeral. Dende o DO intentamos dotar o alumnado máis necesidade dos máximos apoios.
- A comunicación e coordinación cos titores e titoras foi fluída o que repercutiu favorablemente no progreso dos nenos/as.
- Coas familias hai establecida unha sesión semanal (os martes pola tarde) para falar individualmente dos seus fillos, informarlles tanto dos seus progresos como das súas dificultades e tratar de implicalos se é preciso en tarefas e compromisos pola súa parte. Coa maioría delas houbo unha relación fluída pero no caso dalgunhas familias a resposta non foi a que esperabamos amosando falta de interese e de mentalización sobre a función educativa e orientadora.
- A coordinación cos membros do DO foi continua ao longo do curso tendo unha sesión semanal fixada no horario que se cumpriu con normalidade.

- Cos servizos externos, realizouse nunha reunión trimestral cos gabinetes e asociacións as que asisten o noso alumnado NEAE .

4. Propostas de mellora

- Aumentar os tempos individuais dos alumnos/as que o precisen.
- Fixar no horario unha hora de coordinación entre as dúas mestras de PT e a mestra de AL o martes de 16:00-17:00 horas.
- Mellorar a comunicación coas familias.
- Dotar a aula de PT de recursos materias e manipulativos para unha mellor atención á diversidade.

2. Audición e linguaxe

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ALUMNADO

Durante o curso académico 2022-23 o centro contou cunha mestra especialistas en Audición e Linguaxe concedida por atención preferente en comisión de servizos para o alumnado NEE dadas as necesidades do centro.

Partindo disto, elaboráronse os horarios tendo en conta a previsión do ano anterior e as novas incorporacións.

Leváronse a cabo as avaliacións iniciais de 20 alumnos e alumnas dos cales recibiron intervención directa 18.

CURSO	AVALIACIÓNS	INTERVENCIÓNS	ALTA
4º Ed. Infantil	2	0	0
5º Ed. Infantil	2	2	0
6º Ed. Infantil	3	3	0
1º Ed. Primaria	3	3	0
2º Ed. Primaria	5	5	3
3º Ed. Primaria	2	2	2
4º Ed. Primaria	2	2	0
6º Ed. Primaria	1	1	0

A atención centrouse, prioritariamente, no alumnado con NEAE tendo en conta a previsión feita polo Departamento de Orientación para o presente curso. Asemade, coa nova incorporación de dous alumnos procedentes do estranxeiro a mediados do 2º trimestre, destinouse unha sesión do horario para levar a cabo o programa de adquisición de linguas con estes.

Clasificadas polos cursos as necesidades atendidas foron as seguintes:

CADRO ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN DA MESTRA DE A.L

NIVE L	SESIÓNS SEMANAIS	ESPAZO	AGRUPAMENTO	CARACTRÍSTICAS/OBSERVACIÓNS
5ºEI	2 (50´)	A.E	Parella	NEAE por atraso na linguaxe nos ámbitos fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático.
6ºEI	1 (50´)	A.E	Parella	NEAE por atraso no aspecto formal: mellorar a articulación dos trazos fonéticos na fala.
6ºEI	3 (50´)	A.E	Individual	NEAE asociadas a TEA: fomentar a competencia comunicativa e a linguaxe tanto na vertente comprensiva como expresiva.
1ºEP	2 (50´)	A.E	Parella	NEAE por dificultades do aprendizaxe da lectoescritura e nos prerequisites da mesma.
1ºEP	5 (50´)	A.E e A.O	Individual	NEAE asociadas a TEA: fomentar a competencia comunicativa e a linguaxe tanto na vertente comprensiva como expresiva e a autonomía (necesidades básicas e desprazamento).
2ºEP	1 (50´)	A.E	Pequeno grupo	NEAE por atraso no aspecto formal: mellorar a articulación dos trazos fonéticos na fala. *Alta finais 2º trimestre
2ºEP	3 (50´)	A.E	Pequeno grupo	NEAE por alteracións na linguaxe nos

			e individual	ámbitos fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático.
3ºEP	2 (50´)	A.E	Parella	NEAE asociadas a TEA: fomentar o razoamento lóxico-verbal e os aspectos segmentais e suprasegmentais da linguaxe. *Alta finais 2º trimestre.
4ºEP	2 (50´)	A.E	Parella	NEAE por dificultades do aprendizaxe, expresión e comprensión oral e escrita, razoamento e vocabulario.
6ºEP	3 (50´)	A.O	Individual	NEAE asociadas a diversidade funcional motórica: comunicación e linguaxe.
2ºEP 6ºEP	1 (50´)	A.E	Parella	Grupo de adquisición de linguas.

A avaliación final de cada alumno/a permitiu determinar a súa evolución ao longo da intervención e a necesidade ou non de continuar recibindo apoio o vindeiro curso. Todos estes aspectos quedan recollidos nos informes individualizados de PT e/ou AL de cada neno/a.

A aula de AL tamén foi utilizada no 3º trimestre por unha especialista da UACO que ten unha sesión semanal cun neno de 1º de Primaria.

3.GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Partindo da avaliación inicial que se leva a cabo co alumnado, deséñase o programa de intervención individualizado atendendo aos horarios xa establecidos e iniciase a intervención co alumnado mencionado. Os obxectivos traballados con cada alumno/a estiveron enfocados en función das necesidades concretas que presentaban cada un deles e quedaron recollidos nos programas de intervención individual e nas ACS.

- En termos xerais podemos establecer que o balance final do curso foi satisfactorio, xa que a maioría do alumnado experimentou unha evolución positiva na superación das súas dificultades tanto na comunicación, coma na linguaxe e na fala.

- Tráballáronse os obxectivos fixados nos programas de intervención; co alumnado NEE, tanto da etapa de EI como de EP, promoveuse a facilitación para a inclusión nas actividades da aula.
- Estableceuse comunicación e coordinación coas titoras para a consecución dos obxectivos fixados co alumnado.
- En canto o departamento de orientación, levouse un seguimento semanal dos alumnos e alumnas facendo unha valoración xeral sobre medidas aplicadas ou a aplicar, establecendo as modificacións que se consideraron oportunas e/ou ampliar os tipos de apoios, medidas e horarios.

4.DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS DE MELLORA

Partindo dos problemas detectados ao longo deste curso académico, propóñense as seguintes propostas de mellora de cara ao vindeiro curso:

- A maior dificultade atópase na configuración dos horarios ao comezo do curso e durante o transcurso do mesmo. Nalgúns casos hai que destacar que os tempos de intervención co alumnado son insuficientes.
- Continuar mellorando a relación coas familias, tentando que se integren e participen ao máximo posible no día a día do centro e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos ou fillas.
- Continuar mellorando as relacións e as coordinacións cos docentes en relación as necesidades educativas do alumnado.
- Poder optar a material funcional/aula para favorecer o traballo relacionado coas AVDs co alumnado que o precisa.
- Axilizar as avaliacións do alumnado para a súa correspondente derivación a os SS.

D. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

INTRODUCCIÓN:

Tal e como se recolle na *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo*

Decreto 120/1998, o Departamento de Orientación contará cun plan anual de actuación no que se recollerán todas aquelas accións que se teña previsto desenvolver dende o mencionado departamento.

En dito plan, e tal e como se recolle no artigo 15º da mencionada Orde do 24 de xullo de 1998, deberanse establecer os criterios que guiarán a avaliación do mesmo, de cara á realización da memoria final de curso que, segundo o artigo citado, deberá contar polo menos cos seguintes apartados:

- . Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan.
- . Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos en dito plan.
- . Conclusións e propostas concretas de mellora.

Tendo en conta o sinalado, presentase a continuación a Memoria Final correspondente ao curso académico 2022/2023 do Departamento de Orientación do "CEIP Manuel Rodríguez Sinde", pertencente ao Concello de A Guarda, provincia de Pontevedra.

ACCIÓN DESENVOLTAS AO LONGO DO CURSO (2022/2023)

. Accións desenvoltas dende o propio Departamento de Orientación.

De acordo co modelo de orientación presentado no seu día no Plan de Orientación do Departamento de Orientación, e tendo presentes os obxectivos xerais sinalados nel, así como as accións previstas para o seu desenvolvemento, pódense sinalar, dun xeito xeral, as seguintes accións desenvoltas ao longo do curso escolar dende o Departamento de Orientación:

1) Constitución do Departamento de Orientación.

O día 20 de Setembro de 2023, procedeuse á constitución do departamento segundo sinala o artigo 4 de Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os membros do Departamento de Orientación do propio centro foron:

Belén Giménez Solla, como xefa do Departamento de Orientación, en substitución de María Begoña Alonso Alonso.

Marcolina Núñez Franco, como especialista de Pedagogía Terapéutica e Xefa de Estudos.

Nerea Costas Pereira, como mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

Ester Pérez Martínez, como mestra especialista en Audición e Linguaxe

María Monserrat Garcés Domínguez, como coordinadora de Educación Infantil.

Cristina Rodríguez Pumar, como titora do 1º nivel de Educación Primaria.

María Isabel de la Santísima Trinidad Gómez, como titora do 2º nivel de Educación Primaria.

Mercedes Sánchez García, como titora do 3º nivel de Educación Primaria.

Jennifer Otero González, como titor de 4º de Educación Primaria.

Belén Bascoy Cao, como titora de 5º de Educación Primaria.

Gloria Inés Vázquez Castro, como titora do 6º nivel de Educación Primaria.

Horario: A xefa do Departamento adicou ao "CEIP Manuel Rodríguez Sinde" 3 días semanais (martes, mércores e venres) permanecendo o resto dos días (luns e xoves) no CEIP Nicolás Gutiérrez Campo-As Solanas. Así como tamén todos os 1º e 3º martes de cada mes en horario de 16:00 a 19:00 horas.

2) Actuacións desenvoltas.

Orientación para a organización e funcionamento do centro:

- Mantivéronse reunións de coordinación con distintos centros e institucións externas.
 - Servizos Sociais do Concello de A Guarda.
 - Departamento de Orientación do "IES A Sangriña".
 - Equipo de Orientación Específico de Pontevedra.
 - Servizo de Asesoramento en Inclusión da Consellería.
 - UACO, Unidade de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar.
 - Servizo de Atención Temperá comunitario.
 - Servizos externos ao Centro (gabinetes e outras institucións/asociacións).
- Convocáronse e presidíronse as reunións ordinarias e extraordinarias do Departamento de Orientación, levantando as correspondentes actas da reunión.
- Asistiuse ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica como Xefa do Departamento de Orientación.
- Colaborouse nas revisións periódicas do PE e PXA, por medio da elaboración do Plan de Orientación e do Programa de Actividades Anuais do Departamento de Orientación.
- Elaboráronse os horarios das especialistas de PT e AL coa súa colaboración.
- Elaboración do horario de PAC.
- Elaboración de Informe de traballo de PAC solicitado desde Servizo de Inspección.
- Actualización dos expedientes dos alumnos e alumnas que atendemos dende o Departamento de Orientación.
- Seguimento do "Procedemento para a Atención á Diversidade", no que se recollen os pasos a seguir para solicitar as demandas de intervención.
- Elaboración da Memoria Final do Departamento de Orientación.
- Enquisas de datos estatísticos de Orientación: DRDadi e DRDorienta.

- Colaboración cos diferentes equipos e dinamizacións na realización de actividades do centro.
- Asesoramento na adquisición de material para o centro.

Orientación e colaboración co profesorado:

- Reunións de coordinación coas especialistas en PT e AL, nas que se realizou o seguimento do alumnado con NEAE.
- Elaboración dos horarios das profesoras especialistas de PT e AL en canto ó apoio do alumnado con NEAE.
- Actualización de información ó profesorado en canto a Aplicación de Protocolos nas distintas aulas e normativa vixente (Orde de 8 de setembro de 2021 de Atención á Diversidade)
- Elaboración e actualización de documentación anexa ó PXAD.
- Colaboración na detección das necesidades específicas de apoio educativo e no tratamento das mesmas.
- Asesoramento na elaboración das adaptacións curriculares levadas a cabo.
- Colaboración na procura de metodoloxías e materiais específicos para contribuír a facilitar certas aprendizaxes no alumnado.
- Asistencia ás sesións de avaliación e realización de asesoramento para a toma de decisións cara ao seguinte trimestre, que incluíron diferentes avaliacións psicopedagóxicas, solicitadas polos correspondentes titores/as e información aos mesmos e ás familias.
- Reunións cos titores/as que demandaron unha avaliación psicopedagóxica para recoller información do alumnado e para informarlles dos resultados.
- Asesoramento puntual a determinados mestres/as ante demandas expostas polos mesmos, sobre todo no que é a atención a determinados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- Elaboración da previsión de apoios para o curso 2023/2024.

Orientación ao alumnado:

- Aplicación de probas obxectivas con finalidade preventiva co alumnado de 1º de Educación Primaria (BOEHM) 2º de Educación Primaria (BadyG-E1) 4º de Educación Primaria (BadyG-E2) 5º de Educación Primaria (Sociograma) e 6º de Primaria (BadyG-E3 e Sociograma)
- Coordinación coas mestras de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe na atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Atención a alumnado para mediación na resolución de conflitos.

- Coordinación cos Servizos Sociais do Concello para facer o seguimento de determinados casos especiais.
- Coordinación co Servizo de Atención Temperá comunitario.
- Solicitud e Coordinación co Equipo de Orientación Específica de Pontevedra para valoración e asesoramento en orientacións metodolóxicas do alumnado nee.
- Solicitud de asesoramento da UACO.
- Realización de Avaliacións Psicopedagóxicas, consideradas necesarias polo equipo docente, de: AB (4º) BB (2º) DCR (1º) ERF (1º) IGC (2º) JWES (4º) KJEP (EI) LCR (1º) MMR (2º) RSP (1º) TMG (EI)
- Realización de Informes Escolares solicitados por especialistas do SERGAS ou por iniciativa do Departamento de Orientación con destino o SERGAS de: AB (4º) AFV (3º) CHMS (3º) DCR (1º) DAR (4º) ERFG (1º) JPA (4º) JWES (4º) KCC (6º) KJEP (EI) LCR (1º) MdS (1º) RSP (1)
- Realización de Informes do Departamento de Orientación para o alumnado de 6º destino IES.
- Realización de Informes para Becas neae do MEC.
- Informes para o Fondo Libros de alumnado nee.

Orientación ás familias:

- Información ás familias sobre a necesidade de elaboración de Adaptacións Curriculares.
- Información ás familias sobre apoios das especialistas en PT, AL ou especialista do programa PROA.
- Entrevistas coas familias sobre aspectos das Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Información ás familias sobre a necesidade de derivacións a servizos sanitarios...
- Atención e asesoramento demandadas polas familias ante distintas dúbidas en canto á educación dos seus fillos e fillas.
- Asesoramento ás familias sobre os distintos servizos que se ofrecen na comunidade.
- Reunión informativa para as familias do alumnado que inicia a súa escolaridade en 4º de Educación Infantil.
- Reunión informativa para as familias do alumnado que inicia a etapa de Educación Primaria.
- Reunión informativa para as familias do alumnado que inicia a etapa de ESO.

Dificultades atopadas por parte da Orientadora:

A dificultade principal foi o grande cantidade de solicitudes de valoración, en especial as **solicitudes de informes e aplicación de probas** e por parte dos **Servizos de Pediatría/Psicoloxía/Psiquiatría do SERGAS**.

. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

A planificación realizada a principio de curso sobre a aplicación das distintas probas obxectivas tívose que ir modificando, debido á carga de traballo e ó pouco horario dispoñible.

• **VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS EN DITO PLAN.**

Partindo dos datos aportados por parte dos membros do Departamento de Orientación, establecéronse unha serie de uns criterios de avaliación, aos que damos resposta a continuación:

• **Puxemos en marcha os diferentes Plans: Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Académica, Plan de Atención á Diversidade,...?**

Implementáronse os diferentes plans, tendo como referente a normativa vixente.

• **Actualizáronse os informes do alumnado con n.e.a.e. escolarizado no centro?**

Actualizáronse os informes que requiriron modificacións, priorizándose a realización dos informes nos casos que se consideraron máis urxentes, así como aqueles que necesitaron de derivación a servizos sanitarios.

• **Propuxéronse as medidas máis axeitadas para os alumnos/as con NEAE?**

As medidas de atención á diversidade fóronse adaptando en función das necesidades de cada momento, revisadas e acordadas polo Equipo de Orientación. Ademais, contouse coa colaboración de recursos externos que aportaron as súas orientacións e puntos de vista.

• **Conseguíuse dotar ao departamento do material suficiente e necesario para o desenvolvemento de todas as tarefas que dende o mesmo se deben levar a cabo?.**

Durante este curso o Departamento de Orientación dotouse de 2 novas probas, BOEHM e PROLEXIA, para a valoración do coñecemento de conceptos básicos e o diagnóstico da dislexia, así como as licencias de corrección on-line de Badyg E1/E2/E3, o que facilitou e axilizou a corrección de dita proba. Aínda así, débese seguir dotando o departamento de novas probas obxectivas, así como a renovación de outras das probas xa existentes no departamento, que están desactualizadas.

• **Conseguíronse solventar todas as demandas recibidas por parte do departamento? Con que grao de éxito?**

Non foi posible a atención de todas as demandas recibidas por parte do Departamento de Orientación por falta de tempo, quedando algunhas pendentes de realización para o próximo curso.

• **En que grao se pode considerar acadados os obxectivos do curso recollidos no plan de Orientación Educativa?**

Despois de analizar os obxectivos propostos con respecto ao centro, ao alumnado, ao profesorado, ás familias así como con outras institucións, e coa información recollida podemos dicir que, a nivel xeral foron acadados satisfactoriamente a meirande parte deles, quedando pendentes para o próximo curso a valoración de varios alumnos ou alumnas por falta de tempo.

• PROPOSTAS DE MELLORA.

Sabemos que a avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos, supoñendo un proceso de reflexión no que nos paremos a pensar que fixemos ben e que podemos mellorar.

Só desde unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa, en canto ó desenvolvemento das actuacións levadas a cabo, podemos poñer en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

Entre as posibles propostas de mellora podemos destacar:

- Insistir na necesidade da permanencia a tempo completo da figura da persoa orientadora, dado o alto número do alumnado con necesidade específica de apoio educativo no centro.
- Realizar unha organización axeitada e eficaz dos apoios realizados por as mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, priorizando que estes se desenvolvan dentro da aula ordinaria.
- Necesidade de sistematizar a coordinación entre titorías, equipo docente e Departamento de Orientación dos distintos grupos para compartir información e decidir criterios comúns de actuación, avaliación, promoción...
- Tentar implicar ao profesorado, tanto na etapa de EI como en EP no emprego de técnicas de traballo cooperativo na aula durante todo o curso académico, así como a aplicación xeneralizada de medidas ordinarias de atención á diversidade.
- Iniciar en todos os cursos un programa de técnicas de relaxación.
- Reforzar o proceso de adquisición da lecto–escritura, respectando os ritmos naturais do alumnado, así como insistir na especial importancia no desenvolvemento da conciencia fonolóxica nas primeiras etapas, priorizando o desenvolvemento da comprensión lectora fronte á adquisición de lectura mecánica.
- Fomentar na EP o desenvolvemento do razoamento lóxico fronte a resolución mecánica de problemas, deseñando tarefas integradas, funcionais e significativas, que desenvolvan aprendizaxes competenciais.
- Traballar para garantir un bo clima de convivencia, co deseño de actuacións preventivas encamiñadas a reducir a conflitividade no centro e nas aulas, a través de programas de educación emocional, de habilidades sociais e técnicas de resolución de conflitos.
- Programar de xeito cooperativo entre o profesorado, buscando liñas metodolóxicas comúns que permitan unha continuidade entre cursos e etapas, e que quede reflectido nos diferentes documentos de centro.
- Probas de velocidade e comprensión lectora no 1º e no 3º trimestre a todo o alumnado de EP.

- Mellora da coordinación co IES A Sangriña que facilite ó alumnado o cambio de etapa: reunións trimestrais, xornadas de convivencia, actividades compartidas...
- Formación e actualización do profesorado en atención á diversidade.

6. CONCLUSIÓNS:

Dadas as demandas existentes no centro, sería conveniente que o traballo a realizar pola Xefa do Departamento de Orientación se desenvolvese exclusivamente nun centro, para poder así atender a todas as casuísticas existentes.

E. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA, ASÍ COMO GRUPOS DE TRABAJO.

1. Dinamización da biblioteca

Dinamización da Biblioteca

Dinamizadora	Beatriz Lomba Portela
Compoñentes	Isabel Martínez Álvarez
	M ^a Montserrat Garcés Domínguez
	Marcos Mazás
	Jennifer Otero Martínez
	Iris Rodríguez

Avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron.

En relación ás actividades realizadas pola biblioteca, os obxectivos víronse cumpridos satisfactoriamente, tanto os referidos á realización de actividades de fomento da lectura e a escritura, como os relacionados coa educación documental e a consecución das competencias por parte do alumnado.

A continuación expoñemos os obxectivos que nos propuxemos a principio de curso no Plan Anual de Lectura e comentamos as accións que levamos a cabo para a súa consecución.

- .Revitalizar. A biblioteca segue a ser o motor do centro, promotora do proxecto de centro "REDESCUBRINDO A GUARDA" e de bastantes actividades de dinamización e fomento implicando a toda a comunidade educativa.
- . "Bloguear". Mediante o blogue recolleuse todo o que acontecía na biblioteca, xa sexa no referente a actividades de fomento da lectura, como formación de usuarios, búsqueda de información,... Tamén foise reflexando todo o traballo realizado no proxecto.

O tema da Guarda tivo unha boa acollida, redescubriron aspectos descoñecidos da nosa vila , personalidades, historia e lugares.

A radio na Biblio favorece o traballo dos aspectos tecnolóxicos, a busca e análise da información, así como a expresión escrita e oral á hora de gravar os programas e podcast.

Facilitouse á comunidade o acceso a unha biblioteca dixital.

.Proxecto lector. Todas as actividades realizadas teñen como finalidade conseguir obxectivos reflectidos no PLC, tales como: hora de ler, mochilas viaxeiras, proxectos de investigación, itinerarios lectores,...

. Competencias básicas. A biblioteca tomou as seguintes medidas para favorecer a adquisición das competencias clave por parte do alumnado:

- Adquisición de fondos e recursos manipulativos para ciencias e matemáticas para equilibrar as diferentes seccións da zona de consulta. (Material para traballar todas as competencias).

- Ampliáronse os xogos de mesa relacionados coas competencias matemáticas, lingüísticas, atención, razoamento,...

- Púxose a disposición de toda a comunidade educativa a zona de ordenadores de mesa e portátiles, cámara HUE, táboas, robots e mesa de luz da biblioteca tanto para fins lúdicos como académicos. (C. dixital e ciencia e tecnoloxía).

- Leváronse a cabo pequenos proxectos de investigación dentro do PDI e de outras temáticas fomentando a autonomía dos nenos e o tratamento e clasificación da información (C. para aprender a aprender).

- Festexáronse as datas máis sinaladas do calendario que forman parte da nosa historia e tradición (Conciencia e expr. culturais).

- Realizáronse actividades de formación de usuarios (C. no sentido de iniciativa e espírito emprendedor).

- Fixéronse todo tipo de actividades para o fomento da lectura e da escritura, recollidas no PLC e concretadas no Plan Anual de Lectura (C.lingüística).

.Atender á diversidade. A biblioteca convértese en fonte de recursos para alumnos con NEAE, para os especialistas dos diferentes departamentos e para aqueles nenos/as con menos posibilidades. Sinaláronse os diferentes espazos, as temáticas dos fondos con pictogramas así como os libros de letra maiúsculas para facilitar a súa localización. Mercáronse fondos e material de consulta, tic, apps e materia manipulativo de aprendizaxe.

.Formar ao equipo. A coordinadora realizou formación relacionado coa biblioteca. O equipo da biblioteca e a súa coordinadora realizaron actividades de formación e comprométense a seguir realizando os cursos que se lle oferten.

. Formar usuarios. Durante diferentes momentos do curso académico tiveron lugar actividades de formación de usuarios para alumnado e o profesorado. Queda pendente formar aos nenos/as no uso de catálogos online e una maior coordinación neste senso coa biblioteca municipal. Neste curso volveron o axudantes de 5º e 6º de primaria e notouse moito a súa colaboración.

.Educar no acceso á información (educación documental). Durante todo o curso leváronse a cabo na biblioteca pequenos proxectos de investigación: relacionados co proxecto "REDESCUBRINDO A GUARDA", relacionados co temario dos diferentes cursos, con datas sinaladas,...

.Levar a cabo as actividades propostas co fin de mellorar as competencias lectoras dos alumnos.

- 1.Utilizar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes e descubrir outros mundos tanto en sentido físico como de pensamento.
- 2.As familias estiveron implicadas en xeito, maneira aportando material e participando en poucas actividades. Para o vindeiro curso fomentárase máis a implicación nas actividades da biblioteca.

Análise das dificultades.

No PDI "REDESCUBRINDO A GUARDA" a maioría das actividades da planificación anual leváronse a cabo.

Houbo mestres que non se implicaron moito no proxecto e algún outro no asistiu á biblioteca coa súa clase.

Sinalar un grupo de axudantes que deixaron de selo ser asumir o seu compromiso.

Será preciso tamén revisar a coloración dos fondos xa que cometían erros ás hora de colocar segundo a

CDU, soamente tiñan en conta a cor do nivel lector e non o numero da CDU co desorde e dificultade da súa localización.

O horario de dinamización dos martes á tarde foi fundamental e imprescindible para a organización pero en ocasións non estivo todo equipo ao completo.

Varios mestres decidiron deixar o equipo para o vindeiro curso, será preciso completar o equipo con profesorado novo que terá que aprender a catalogar.

Queda pendente unha pequena cantidade de fondos, material manipulativo e xogos de mesa para catalogar o curso que ven así como facer un expurgo.

Análise dos resultados obtidos.

Dende Bibliosinde saen a maioría das propostas didácticas encamiñadas ao fomento da lectura e a escritura, a facilitar o acceso a información e a conseguir a integración dos procesos de ensinanza e aprendizaxe das diversas áreas do currículo.

Actividades como: os traballos de investigación, os xogos de mesa, material manipulativo, o uso de internet e da zona de consulta para busca de información, exposición de traballos, o recuncho creativo,...

axudan na adquisición da competencia no tratamento da información e competencia dixital, o sentido da iniciativa e espírito emprendedor ou competencia para aprender a aprender.

O traballo en equipo, as exposicións e postas en común, a implicación as familias, as visitas e saídas contribúen na competencia social e cívica.

A celebración de datas tradicionais e outras sinaladas no calendario escolar como: Samaín, Magosto, Nadal, Paz, Día do libro, Letras Galegas,...Ademais de festivais con música, gravacións de audios e vídeos,... e contribúen na conciencia e expresión da cultura.

Do mesmo xeito, aspectos específicos traballados dentro do proxecto documental integrado de "REDESCUBRINDO A AGUARDA" implican un grao de razoamento lóxico, de actividade e coñecemento por parte do alumnado, unha actitude de xuízo e curiosidade críticos: competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Os itinerarios lectores axeitados ao alumnado, así como os clubs de lectura e a participación en diversos obradoiros de cómic e concursos de ilustración e creación escrita favoreceu o gusto pola lectura.

Propostas de mellora.

Retomar as actividades coas familias, escritores e ilustradores así como contacontos.

Revisar as funcións dos axudantes de biblioteca (alumando de 5º e 6º) e iniciar a os de 4º no terceiro trimestre.

Teranse en conta as suxestións de títulos e material feitas nas avaliacións.

Revisar o tipo de revistas e facer unha selección mais adecuada o alumnado.

Seguiremos reuníndonos cos demais coordinadores dos equipos de dinamización do centro para consensuar as actuacións e elaborar o calendario anual de actividades do curso 202-2024. Deste xeito, evitaremos aglomeración de traballo e todos os compañeiros/as poderán organizarse en función do almanaque trazado.

A Biblioteca precisa máis persoal con ganas de aprender, sería interesante que o equipo estivera composto por mestres dos distintos niveis de infantil e primaria.

Debemos seguir a deseñar actuacións para acadar unha maior implicación de toda a comunidade educativa, sobre todo das familias. Valorarase ao comezo do curso seguinte a posibilidade de solicitar o programa Lectura e familia.

2. Dinamización das TIC (tecnoloxías da información e comunicación)


MEMORIA EQUIPO TIC 2022-23

MEMBROS DO EQUIPO TIC 2022-23

Javier Constenla Ribadeo

Ester Pérez Martínez

Coordinadora: Nerea Costas Pereira



II. AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBTIVOS QUE SE PROPUXERON

A continuación detallamos o traballo realizado nas aulas no apartado das TIC.

Porcentaxe do traballo coas TICS por curso académico.

2.1. INFANTIL E 1º, 2º, 3º E 4º DE PRIMARIA

INFANTIL	1º	2º	3º	4º		
----------	----	----	----	----	--	--

HARDWARE	<p>Acender – apagar PC e monitor.</p> <p>Inicio ao uso do teclado e o rato.</p>	<p>SI</p> <p>SI</p>	<p>Manexo do rato. Botón principal e cursor.</p> <p>Uso do teclado: maiúsculas e minúsculas.</p>	<p>SI</p> <p>SI</p>	<p>Teclado: signos de puntuación e acentos.</p>	<p>SI</p>	<p>Uso do botón secundario do rato:</p> <p>copiar e pegar.</p> <p>Acentuación (escritura de acentos gráficos co teclado)</p>	<p>si</p> <p>si</p>	<p>Uso dos accesos directos do rato: copiar e pegar (CTRL + C/V)</p>	<p>SI</p>
WINDOWS	<p>Familiarizarse co escritorio.</p> <p>Achegamento ao botón inicio.</p>	<p>SI</p> <p>SI</p>	<p>Abrir – cerrar programas e carpetas.</p> <p>Maximizar e minimizar ventás.</p>	<p>SI</p> <p>NON</p>			<p>Creación carpetas.</p> <p>Modificación do nome de arquivos.</p> <p>Cambio tamaño de ventás.</p>	<p>NON</p> <p>NON</p> <p>SI</p>	<p>Copia de arquivos dunha a outra ubicación (USB, carpeta, escritorio,...)</p>	<p>SI</p>
IMPRESS	<p>.</p>						<p>Realización de diapositivas sinxelas:</p> <p>título e imaxe.</p>	<p>SI</p>	<p>Realización de diapositiva: título, imaxe e texto.</p>	<p>SI</p>

WRITER		Escritura de palabras con maiúscula e/ou minúscula. Escritura de números.	Sí Sí	Escritura de pequenos textos con maiúsculas e minúsculas e signos de puntuación. Gardar/ gardar como	SI SÍ	Edición: Copiar e pegar. Cambio de formato de letra: tipo, tamaño, negra, cursiva, sulinado, ... Inserir imaxes e/ou obxectos.	NON SI	Numeración e viñetas. Inserción de táboas.	NON SI
	GOOGLE			Busca básica de información. Busca páxinas web.	SI SI	Busca de información por tipo (imaxe, texto, vídeo, ...)	SI	Descarga de imaxes.	SI
NAVEGADOR WEB		Abrir e cerrar. Barra de busca de google.	SI SI	Escritura de enderezo na barra de direccións.	SI	Navegación pola internet. Enviar e-mail	SI	Funcionamento de hipervínculos. Apertura en nova xanela / lapela.	NON NON

AULA VIRTUAL			Acceso e realización de actividades. Apariencia.	NO N	Inscripción en cursos. Navegación polos mesmos.	NO N	Realización de actividades. Subida de arquivos.	N O N	Participación en foros e/ou chats.	NO N
PROGRAMAS	Programas educativos	SI	Paint: realización de debuxos. Programas educativos.	NO N	Paint: inserción de formas xeométricas. Programas educativos.	N O N	Programas educativos.	SI	Programas educativos.	N O N

2.2. QUINTO DE PRIMARIA

Traballouse, ademais do realizado dentro do espazo abalar as seguintes actividades:

Normas de uso da aula ABALAR.

Toma de contacto cos netbooks abalar: acender e apagar, pantalla táctil, touchpad. Linux: aparencia, funcionamento,...

Realización de traballos de aula utilizando libre office impress.

Profundización en libre office writer e realización de traballos de con el.

Internet: Busca de información e procesamento da mesma.

Realización de actividades de reforzo e ampliación das diferentes materias.

Introdución a libre office impress.

Realización de traballos de aula empregando libre office writer.

Programas educativos.

Uso da aula virtual.

Non se traballaron:

- X Creación de contrasinais seguras.

2.3. SEXTO DE PRIMARIA

Afondar no dominio de libre office writer.

Afondar no dominio de libre office impress,

Realización de actividades de reforzo e ampliación das diferentes materias.

Programas educativos.

Uso da aula virtual.

Busca de información e procesamento da mesma.

Navegación por internet

Non se traballaron:

Preparación, realización, gravación e edición dunha entrevista.

Introdución a algún programa de debuxo e pintura.

2.4. TRABALLO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

Arranxar os ordenadores e proxectores cando deron algún erro. Aínda que puntualmente debido a avarías houbo material dixital que non funcionaron considérase que, neste apartado, o traballo se realizou correctamente.

Realizar o itinerario dos equipos do centro.

Implantación de maqueta abalar nos ordenadores da aula TIC.

Mellorouse na utilización das TIC na aula: a incorporación dos novos ordenadores facilita o uso das mesmas.

O alumnado participou activamente na gravación da radio escolar.

Asesorouse ao profesorado que o solicitou.

Fixéronse varias actualizacións o ordenador dun alumno con nee e un programa do xeito que se considerou máis idóneo.

Creáronse enquisas dixitais para a valoración do traballo dos contidos TIC.

Enquisas dixitais realizadas para a memoria final.

Mantívose actualizada a páxina web do centro como medio de comunicación coa comunidade escolar e a páxina de Facebook e instragram para estar presente nas redes sociais.

Fomentouse o uso da aplicación Abalar Móbil.

Realización a orla final de promoción do alumnado de sexto de primaria e do alumnado de sexto de infantil.

Asesorar na creación de recursos dixitais. Códigos QR, presentacións, etc.

Colocar o carro de carga e instalar e posta a punto dos ordenadores portátiles para préstamo da biblioteca.

Ofreceuse ao profesorado actividades para celebrar na aula as seguintes datas:

Axuda na realización dos vídeos e as publicacións das diferentes conmemoracións.

Montaxe da revista escolar xunto coa coordinadora da Dinamización da Lingua Galega.

2.5. OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

PÁXINA WEB DO COLEXIO

Continuouse co mantemento da mesma (subida de vídeos e fotografías, actualización do taboleiro de anuncios, ...) na procura de que resulte un referente para a comunidade educativa. Tamén se aumentou a cantidade de recursos dispoñibles na aula virtual.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Configuráronse determinados aspectos dun programa de xeito que se adaptara o mellor posible ás necesidades do alumno que o emprega.

Préstamo de aula dun portátil para mellorar a realización das tarefas cun alumno con dificultades na escritura. Por outro lado, realizouse un préstamo para el contexto familiar dun ordenador debido os baixo recursos da familia.

COLABORACIÓN CON OUTROS EQUIPOS

Colaboración co resto de equipos de dinamización en tarefas relacionadas coas TIC nas diferentes conmemoracións escolares.

ABALAR MÓBIL

Empregouse a aplicación corporativa Abalar Móbil desde a dirección do centro e parte das titorías.

ADMINISTRACIÓN

A xestión administrativa e económica lévase a cabo totalmente a través dos medios informáticos. Así mesmo os datos referentes aos historiais académicos, faltas, horarios, etc. son cargados no XADE.

OUTROS

Continuouse coa páxina de Facebook coa pretensión de chegar á comunidade educativa que adoita empregar as redes sociais con resultados positivos. Seguimos tamén co perfil na plataforma de Intragram dado o incremento de uso desta plataforma.

ANÁLISE DAS DIFICULTADES

Unha das dificultades principais radica na necesidade de gran inversión de tempo no mantemento dos equipos que se van quedando anticuados e precisan de maior mantemento. Para isto contouse coa axuda dun técnico informático e en ocasións recorreuse á UAC. O funcionamento desta última continúa a ser mellorable.

A antigüidade dos aparellos electrónico e o mellorable funcionamento da conexión a rede fai optar os mestres por opción non dixitais para a súas clases o que dificultou o uso da competencia dixital por parte dos mestres. O equipo TIC tivo que prestar axuda nestas tarefas, as veces resultando o tempo da coordinación insuficiente.

Por outro lado, segundo os resultados obtidos no plan dixital comezouse a intentar mellorar as nosas debilidades segundo os obxectivos seleccionados. Isto resulta moi complicado pola falta de tempo e formación recibida por parte da administración.

IV. ANÁLISE DOS RESULTADOS

De acordo coas enquisa realizada, o grao de cumprimento dos obxectivos propostos é o seguinte:

(Valores de referencia.- 1: nada 2:pouco, 3: regular, 4: moito)

ENQUISA		
(Valorar do 1 ao 4 sendo 1: nada e 4: moito)		
ALUMNADO	▪ As TIC favoreceron a adquisición de estratexias para a busca, selección e tratamento da información.?	▪ 3, 5
	▪ O alumnado utilizou o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación ou de expresión das propias ideas.	▪ 2, 9
	▪ Usou a aula virtual do centro ou outro medio tecnolóxico para a comunicación entre iguais?	▪ 1, 5
	▪ Usou a aula virtual para realizar actividades ou para ofrecer recursos ao alumnado?	▪ 1, 8 1
PROFESORADO	▪ Empregou as TIC como recurso na docencia a alumnado con necesidade educativas especiais?	▪ 2, 4 5
	▪ Incrementou o seu coñecemento de recursos tecnolóxicos para o uso docente?	▪ 2, 7 2
	▪ Adquiriu e/ou intercambiou experiencias, recursos, coñecementos,... a través das TIC (webs, redes sociais, cursos en rede, titoriais,...)	▪ 2, 8 1
	▪ Impulsouse a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida?	▪ 2, 0 9

COMUNIDADE EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> Aumentou o uso da páxina web do centro e as redes sociais como vía de comunicación coa comunidade escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> 3,3
	<ul style="list-style-type: none"> Incrementáronse os recursos no apartado de familias da páxina web do centro? 	<ul style="list-style-type: none"> 2,33
	<ul style="list-style-type: none"> A ANPA usou a páxina web do centro como vía de comunicación? 	<ul style="list-style-type: none"> 2,33
	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado empregou o equipamento TIC da biblioteca no recreo e fóra do horario escolar? 	<ul style="list-style-type: none"> 2,9
<ul style="list-style-type: none"> Coñece algún recurso tecnolóxico que sería positivo adquirir para o centro? 	<ul style="list-style-type: none"> PROPOSTAS DE MELLORA 	

NOTA: Responderon 11 persoas á enquisa

Do anterior cadro podemos extraer as seguintes conclusións:

Agás tres, as valoracións atópanse en valores de 2,00 ou superiores polo que se poden considerar aceptables.

Os aspectos máis negativos son a falta son:

O uso da aula virtual como media tecnolóxico xa que o seu formato non é atractivo para os mestras/es.

V. PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

- Seguir mellorando no manexo das TICS. Formar ao resto do profesorado.
- Continuar aumentando a cantidade de recursos da aula virtual do centro e o seu uso no desenvolvemento das clases.
- Fomentar o uso da aula virtual por parte do alumnado fóra de horas lectivas.
- Adquirir capacidades no uso pedagóxico de tablets e/ou smartphones, no manexo de apps educativas e na creación de actividades con estas tecnoloxías.
- Aumento de recursos que potencien a creatividade, a imaxinación e o pensamento crítico.
- Continuar coa renovación dos ordenadores máis obsoletos.

- Ser máis respectuosos e respectuosas coa orde nos equipos compartidos.
- Formación na aula virtual para os alumnos e as familias.
- Formación en ferramentas de creación e avaliación dixital.

VI. CONCLUSIONES

Neste curso continuamos asesorando os equipo docente no uso de diferentes ferramentas dixitais. A aula virtual segue sen ser un recurso aceptado nin usado. O alumnado segue sen estar preparado para o uso da mesma, moitos deles non teñen recursos para utilizar a mesma dende a súa casa.

En canto as actividades TIC a disposición do profesorado é positiva e a súa predisposición cara as novas tecnoloxías é positiva. Os novos dispositivos tiveron boa acollida e úsanse. De todos modos, faise necesario deixar plasmado a falta de formación dos mesmas así como de o uso de ferramentas útiles para o alumnado.

Por outro lado, destacar que o uso da aula TIC resulta as veces complicado xa que os equipos precisan de ser actualizados e algúns encóntranse obsoletos, tardan en arrancar e son lentos o que resulta un obstáculo a hora de realizar tarefas unha sesión concreta.

3. Contratos-Programa

3.1. PROA+

Organización e desenvolvemento do programa

Durante o curso académico 2022/2023, o programa desenvolveuse no segundo e no terceiro ciclo de Educación Primaria dende o mes de outubro ata o mes de xuño. Este programa serve para traballar co alumnado que por algún motivo precisa axuda para conseguir os obxectivos mínimos establecidos para o curso escolar. A persoa referente do programa PROA+ serve de axuda para coordinarse coa titora da aula e así traballar as dificultades persoais do alumnado da aula. Os reforzos foron distribuídos adaptándose as necesidades de cada unha das aulas.

Adxudicáronse 4 sesións a 3º de educación primaria, 4 sesións a 4º de educación primaria, 3 sesións a 5º de educación primaria e 3 sesións en 6º de educación primaria. A maioría das sesións foron destinadas ao reforzo das áreas instrumentais, lingua castelá, lingua galega e matemáticas. Excepto dúas sesións de inglés destinadas a traballar con un alumno con mobilidade reducida.

En 3º de Educación Primaria a atención foi prestada a dous alumnos e dúas alumnas, en 4º de Educación Primaria a axuda foi prestada a sete alumnos e alumnas facendo especial mención a dous alumnos con ACS nas áreas instrumentais, un repetidor e unha repetidora e dúas alumnas e un alumno que reciben reforzo nas áreas instrumentais. En 5º de Educación Primaria traballouse con dous alumnos e unha alumna e por último en 6º de Educación Primaria a atención foi prestada a tres alumnos e unha alumna destacando un alumno que ten ACS por problemas de mobilidade.

O traballo co profesorado foi moi positivo, adaptando as actividades e a miña intervención na aula as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas e adaptándonos en cada unha das situacións o que sería mellor para solucionar as súas dificultades. Traballamos en coordinación coas titoras buscando a mellor maneira de atender a todos e prestando a axuda necesaria ao alumnado do centro. Iso permitía mellorar o seu rendemento adaptándonos os diferentes métodos de traballo de cada docente e ao alumnado dependendo das dificultades que presentaban.

Este programa foi de gran axuda para o centro para mellorar a atención e a progresión do alumnado con algún tipo de dificultade académica xa que desta forma na aula asistían dúas mestras ou mestres que podían traballar en coordinación e atender de mellor forma ao alumnado da aula.

As familias estiveron en contacto co equipo docente durante o curso para coñecer a evolución académica dos seus fillos e fillas e así buscar melloras no seu rendemento académico. Tratouse con elas ao final de cada trimestre e con algunhas delas en outros momentos dependo das dificultades do alumnado.

Metodoloxía empregada.

Durante este curso traballouse en coordinación coas titoras e co profesor de inglés dos diferentes cursos para adaptarnos e centrarnos nas necesidades persoais de cada un dos alumnos e alumnas e valorando as posibles dificultades que poderían ir aparecendo ao longo do curso ao traballar os contidos.

A metodoloxía foi diferente en cada un dos cursos adaptándonos a forma de ensinar de cada unha das titoras pero en xeral foi activa e participativa por parte do alumnado facéndoo participe en todo momento. Centrámolos nas dificultades de cada un deles para mellorar o seu rendemento académico. Co alumnado con ACS o traballo era, case en todos os momentos, individual adaptándonos as tarefas e o seu nivel de coñecementos. En outras actividades pasaban a traballar co resto da aula adaptando a actividade ou os xogos ao seu nivel de coñecemento. Traballouse de forma individual e en pequeno e gran grupo dependo das actividades propostas.

Co alumnado que presentaba máis dificultades traballouse de maneira máis individual resolvendo as súas dificultades e facendo outro tipo de explicacións para a súa mellor comprensión.

Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos, atendendo aos seguintes indicadores:

- a) Porcentaxe de alumnado implicado que mellora o seu rendemento académico nas materias obxecto do reforzo (1-100) 55%
- b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na avaliación final (1-100) 50%
- c) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes co proxecto e traballo desenvolto.

En canto ao centro considérase que o grao de satisfacción foi positivo xa que a axuda dunha docente que serve de apoio en aula é positivo para todo o centro e para a mellora de cada un dos grupos. Desta maneira durante o horario semanal o profesorado tiña máis apoios en aula e os apoios dos demais docentes podían dividirse entre outros cursos dependendo das dificultades do centro.

- d) Grao de satisfacción do alumnado e familias co programa desenvolto.

O grado de satisfacción, tanto de familias como do alumnado, foi moi positivo xa que o alumnado de todos os cursos sempre se mostrou interesado en recibir axuda pola parte da profesora PROA+. Valoraban a presenza dunha segunda docente na aula para resolver dúbidas, axudar a comprender e entender mellor certos contidos ou traballar algunha actividade sen seguir o ritmo da clase, normalmente con aquel alumnado con dificultades en algunha das materias. Ademais isto axudaba a que a titora e a docente PROA+ se dividisen para traballar mellor con cada un dos alumnos e alumnas dependendo do momento e da materia e que así fose máis aproveitado a axuda.

Avaliación. Ferramentas empregadas e resultados obtidos.

A avaliación do alumnado foi activa, participativa e continua durante todo o curso escolar facendo protagonista do aprendizaxe ao alumnado. Ademais foi diferente en cada unha das aulas dependendo da metodoloxía usada por cada unha das docentes.

O método de avaliación durante o curso foi o traballo en aula visualizado tanto pola titora como pola docente PROA+ valorando as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas e prestando a mellor axuda para mellorar o rendemento académico. Tamén usaron como método de avaliación as probas tanto orais como escritos así como a revisión do caderno e o traballo en aula. Esta avaliación servía de guía para

coñecer as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas e afondar no traballo deses contidos e mellorar os seus puntos débiles.

Por último destacar que os resultados obtidos ao longo do curso foron bastante positivos en xeral, aínda que hai alumnado que durante o curso lle quedaron suspensas algunhas materias. Algúns dos alumnos e alumnas foron recuperando esas materias pero outros rematan o curso con algunha delas suspensas e incluso permanecendo un ano máis no mesmo curso escolar.

3.2. INCLÚE

Iguála-T

- Conmemoración do Día da eliminación da violencia contra as mulleres. Todos os cursos participaron nesta celebración uníndose na creación dunha instalación inspeirada na artista Elina Chauvet colocando zapatos vermellos con mensaxes positivas en distintas dependencias do recinto escolar. O alumnado tamén luciu panos do pescozo de cor violeta, cor representativa da igualdade da muller.
- Cada grupo escolleu a unha muller relevante na vida social, cultural ou deportiva da nosa vila e entrevistouna coincidindo coas datas próximas ao Día da muller. Por outra banda, na radio do centro tamén se entrevistaron a mulleres importantes para o noso pobo como poden ser bailarinas, mestras ou deportistas. Con isto realizouse unha exposición denominada "Museo da muller".
- Desenvolvéronse obradoiros ou contacontos relacionados co respecto á comunidade LGTBIQ+ en todos os grupos de infantil e primaria a cargo da Asociación Nós Mesmas.
- Dentro do Plan Director tamén houbo unha charla sobre micromachismos e violencia de xénero.
- Realizouse unha homenaxe a unha deportista local de relevancia (Estela Doiro) no pavillón do centro. Prevese que cada ano se adique un novo espazo a unha persoa relevante no deporte guardés tentando por en valor primordialmente ás mulleres destacadas neste eido.

Convíve-T

- Retomouse a conmemoración de determinadas datas sinaladas como o magosto, o samaín ou o nadal abertas a toda a comunidade educativa:
- Actividades do Samaín coa colaboración da ANPA. Realizouse unha merenda no ximnasio que foi decorado polas familias baixo a colaboración da ANPA. A continuación fixéronse baile e tempo de lecer para o alumnado. Para o alumnado máis cativo decorouse a aula de psicomotricidade e fixéronse certame de cabazas e outras actividades variadas.
- Magosto: realizouse unha degustación popular de castañas que se asaron no "patio do sol" e á que asistiron as familias que o desexaron.
- Nadal: retomouse o festival para as familias no que o alumnado amosou as súas actuacións.

- Día da infancia: o alumnado propuxo melloras para a nosa vila e estas foron recollidas nun documento que se lle achegou ao alcalde da Guarda.
- Xornadas de portas abertas para toda a comunidade educativa e o pobo da Guarda en xeral.
- Celebración do Día da paz coa creación dun debuxo humano co símbolo da paz e un acompañamento lector do alumnado de máis idade ao máis cativo.
- Ao longo do curso continuou chegando alumnado procedente do estranxeiro. Ademais dos correspondentes grupos de adquisición de linguas, este alumnado tivo a compañeiros ou compañeiras de referencia que lle axudaron na integración no grupo e, por extensión, no centro.
- Realizouse unha degustación de pratos típicos das diversas culturas que hai representadas por alumnado do centro. As familias achegaron pratos típicos que o alumnado presentou aos compañeiros e compañeiras previamente á súa degustación.
- Resolución de conflitos a través da figura da persoa mediadora: resolvéronse catro conflitos a través da mediación dunha nena ou neno do mesmo grupo.
- Xornada de convivencia no Monte Trega.

Inclúe-T

- Colocación de pictogramas en todas as dependencias e portas de acceso do centro para facilitar a aclimatación e desprazamentos polo centro a todo o alumnado en xeral pero aos nenos e nenas con TEA en particular.
- Durante o presente curso desenvolveuse no centro un PFPP centrado nos patios inclusivos e dinámicos. Ao mesmo acudiu a maioría do claustro que recibiu formación sobre os mesmos. Nas sesións de traballo preparáronse xogos e material para levar á práctica este tipo de patios no próximo curso. Non foi posible poñelos en funcionamento este curso.
- O alumnado de 4º de primaria asistiu a unha xornada de portas abertas no CEEPR San Xerome e, do mesmo xeito, o alumnado de 3º de primaria fixo o propio coas persoas da Asociación de Saúde Mental Aveláña.
- O alumnado de 4º de primaria foi convidado á proxección do documental "Maxi. A esencia de vivir" sobre a historia de superación persoal da persoa que dá título ao documental.

Emocións-T

- Tráballose o "Reino das emocións" en 1º e 2º de primaria ao longo do 3º trimestre.
- Durante as asembleas (principalmente en educación infantil e de 1º a 3º de primaria) traballáronse aspectos relativos aos sentimentos e os estados de ánimo, ben de xeito puntual ou ben de xeito diario dependendo de cada caso e das necesidades detectadas.
- En educación primaria, en sesións puntuais de música / música e danza, o alumnado expresou os sentimentos que lles espertaban distintas audicións de música clásica.

- Tamén se traballaron os sentimentos e as emocións a través de obras de arte pictóricas en 6º de primaria.
- Desde a biblioteca realizouse a busca e adquisición de bibliografía e guías para o traballo das emocións nas aulas.
- Como novidade engadiuse a actividade "Tengo un volcán" en educación infantil na que se abordou a xestión das emocións de xeito axeitado á idade.

Dificultades atopadas

A pesar de que a participación neste programa se considera positiva e supón unha importante achega económica para o centro, implica un incremento considerable na carga burocrática a realizar.

Valoración

Considérase, a nivel global e a pesar das dificultades expresadas, que a participación neste programa é positiva para o centro.

3.3. INNOVA

EDUINNOVA

Realizáronse a maioría das actividades previstas agás a xornada de formación de María Couso que se desbotou polo elevado custo da mesma.

Os grupos establecidos realizaron actividades manipulativas e vivenciadas na hora de Matemáticas divertidas coa finalidade de mellorar a competencia STEM no alumnado. Procurouse diversificar a metodoloxía e empregouse material variado entre o que se atopa o da metodoloxía OAOA. Para facilitar a atención individualizada e á diversidade, en cada grupo participante estableceuse unha hora de apoio.

De xeito similar, traballouse na procura da mellora da competencia lingüística a través da elaboración e/ou análise de textos e escritos do día a día (folletos, publicidade, etiquetas, promocións, ... e a realización de actividades variadas de tipo competencial. Tamén aquí se estableceu unha hora de apoio en cada grupo.

Para a mellora desta competencia, o alumnado do 2º ciclo asistiu a un obradoiro de cómic no cal, ademais dos elementos lingüísticos tamén puideron traballar a ilustración colaborando no desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais.

Entre outras metodoloxías, empregouse con asiduidade o xogo e a experimentación como elementos motivadores e vías de construción de aprendizaxes.

EDUEXCELENCIA

Nun primeiro momento, o alumnado de sexto, e a partir do segundo trimestre tamén as nenas e nenos de quinto de primaria elaboraron programas de radio cunha frecuencia quincenal de media.

Por outra banda, todos os grupos participaron na creación dun pequeno documental sobre a nosa vila enmarcado no PDI da biblioteca chamado "Redescubriendo A Guarda". Nel, cada grupo resumiu o investigado e aprendido sobre a nosa vila e a súa historia, costumes, festas, persoeiros destacados, etc. Tanto os programas de radio como o documental están dispoñibles na web do centro.

Dentro do coñecemento da nosa comarca, o alumnado de sexto de primaria recibiu un obradoiro da empresa Biophilia sobre a fauna e a flora do esteiro do Miño.

EDUSAÚDE

Todos os grupos do centro realizaron andainas por distintas rutas e sendeiros da localidade. En ocasións máis enfocadas ao espazo natural como puideron ser polos camiños do Trega ou pola senda litoral e a desembocadura do Miño. Noutras ocasións foron polas rúas da vila aproveitando para coñecer curiosidades da Guarda.

A proposta inicial de levar a cabo patios dinámicos non foi posible posto que o PFPP desenvolto para formarnos neste eido rematou sen tempo para levar a cabo este proxecto con certas garantías de éxito. De todos xeitos está todo preparado para comezar a desenvolvelo no próximo curso.

As aulas que estaba previstas inicialmente estableceron menús de merendas saudables que tiveron un seguimento aceptable por parte das familias. A maiores, as nenas e nenos do primeiro ciclo realizaron un almuerzo saudable que prepararon coa axuda das titoras no comedor do centro.

Todo o alumnado de 5º e 6º de primaria acudiu entre os meses de marzo e maio á piscina municipal para levar a cabo clases de natación. As faltas do alumnado nesta actividade estiveron sempre xustificadas.

Puxéronse en valor deportistas relevantes da nosa localidade entre as que se atopan xogadoras de balonmán, atletas, judokas, escaladores,... tentando sempre primar a presenza das mulleres que habitualmente teñen peores condicións en cando a retribucións, recoñecemento e difusión nos seus respectivos campos.

O alumnado do 3º ciclo recibiu charlas sobre os cambios na adolescencia, os riscos da Internet e o ciberacoso e tamén sobre os perigos das adiccións.

O persoal do GES impartiu ao profesorado unha charla sobre primeiros auxilios. Para o curso seguinte prevese repetir e estender a actividade ao alumnado.

EDUSOSTIBILIDADE

A Horta de Elsa estivo atendida ao longo do curso. Cada grupo conta cunha parcela na mesma e encargáronse de plantar, coidar e recoller diversidade de cultivos. Parte do abono obtense do composteiro dispoñible e para isto o alumnado de 5º de educación infantil encargouse de recoller semanalmente os restos orgánicos da merenda e levalos ao dito composteiro. Solicitouse a supervisión de persoal do Concello da Guarda que acudiu en dúas ocasións para valorar a evolución do mesmo e propoñer melloras.

Colocáronse en todas as aulas dos grupos cubos de reciclaxe para fomentar os 3R (reciclar, reducir e reutilizar)

Matrácala impartiu unha sesión de creación de música con material de refugallo para todo o alumnado do centro. A actividade tivo gran acollida entre o alumnado.

EDUCALIDADE

Encargouse a un arquitecto a revisión do plan de emerxencias que está redactado pero queda pendente revisar as persoas responsables do mesmo a inicio do curso 23-24. Ao longo do mes de xuño está previsto colocar a sinalización relativa as rutas de evacuación. Tamén se tivo en conta a opinión do GES da Guarda para a revisión do plan.

Dificultades atopadas

A pesar de que a participación neste programa se considera positiva e supón unha importante achega económica para o centro e a diversificación de actividades, implica un incremento considerable na carga burocrática a realizar.

Valoración

Considérase, a nivel global e a pesar das dificultades expresadas, que a participación neste programa é positiva para o centro.

4. Voz Natura

Continuamos traballando alén do coidado da natureza, con moito camiño percorrido e coa horta de Elsa xa moi encamiñada e con moita participación por parte do alumnado e do profesorado.

O noso primeiro obxectivo seguiu a ser a concienciación do alumnado da necesidade de coidar o medio ambiente sendo conscientes da responsabilidade que supón ser os protagonistas de ese cambio.

O coidado do medio físico para favorecer o desenvolvemento da vida nos nosos ecosistemas foi fundamental.

OBXECTIVOS

Obxectivos:

- . Sensibilizar ó noso alumnado no coidado e respecto pola natureza.
- . Mellorar o noso entorno: centro escolar e zonas de influencia do centro
- . Descubrir a importancia da agricultura ecolóxica
- . Coñecer a problemática que dana considerablemente o noso medio: deforestación, plantas invasoras, incendios..
- . Crear conciencia da importancia da reciclaxe e da redución do consumo de plástico nos fogares.
- . Concienciar sobre o consumo responsable tanto na escola como no fogar.
- . Detectar problemas/puntos concretos de contaminación na nosa localidade: casco urbano, roteiros e sendas, mar e praias, río...
- . Impulsar o respecto e admiración pola natureza.

Cremos que os obxectivos propostos se levaron a cabo mediante as diferentes actividades que se plantexaron o longo do curso cos diferentes niveis.

Lugar onde se levou a cabo.

No Centro continuamos cos espazos xa creados durante os cursos anteriores.

- Patio do sol: plantación de flores decorativas para embelecer a contorna.
- No pequeno xardín que hai entre a rampla e o acceso a escola continuamos co coidado das plantas
- Parcela zona sur: Nesta parcela atópase a "HORTA DE ELSA". Cada curso coidou a súa parcela, e fixo dúas plantacións: en outono e primavera.
- Actividades ao aire libre e en diferentes espazos segundo a actividade: monte Santa Trega, Castelo de Santa Cruz, praias...
- Nas aulas: obradoiros de reciclaxe, sementeiras, cultivo de setas, coidado de plantas, coidado dos vermes de seda...

Na contorna e nos montes próximos faremos as plantacións, as actividades de concienciación veciñal, limpeza de praias, recollidas de pilas, lixo....

ACTIVIDADES

Detallamos a continuación algunhas das actividades realizadas durante o presente curso.

❖ EMBELECEMENTO DO CENTRO

Coma en anos anteriores, seguimos coidando, podando, abonando e regando as plantas de interior e os xardíns exteriores do colexio. Pero tamén colocamos novas plantas e facendo novos xardíns para contribuir ó embelecemento natural do noso colexio.

✓ *Coidamos plantas:*

O equipo de Voz natura puxo en práctica este curso a proposta: "Quérelle as prantas", Consiste no apadriñamento das diferentes plantas que temos polo cole. Cada curso coida a súa planta e crea un cartel informativo co nome e os coidados necesarios.

NATUREZA NAS AULAS

. *Sementeirias*

O alumnado de 1º e 2º fixeron sementeirias para a horta.

. *Os vermes de seda*

Os nenos de 1º, 3 e 4 anos, levararon a cabo un proxecto sobre "Os vermes de seda". Tiveron un terrario na clase, aprendendo así o seu coidado, alimentación... E sobre todo a importancia de respectar as especies animais e o seu hábitat

Para poder alimentalos, este curso adquirimos unha árbore de morera.

. Plantación de diferentes plantas a partires de bulbos ou sementes

Alumnado de diferentes cursos plantou sementes de tulipán, clavel chino, xirasois...

. Obradoiros de xabón

Temos o obradoiro de xabrón co alumnado de 3º e 4º programado para o vindeiro 29 de maio.

. *Casas para paxaros e comedeiros*

Os nenos e nenas infantil pintarán e decorarán casas para paxaros e crearán comedeiros a partir de materiais da natureza. Logo os colgaremos nas árbores do patio para que poidan crear alí os seus niños.

CONSUMO RESPONSABLE

O eixo deste curso, versou no consumo responsable, polo que realizamos actividades para concienciar tanto aos nenos como as familias na importancia de mercar e utilizar só o que precisamos. Visionamos diferentes cortos polo día da auga, no día do consumidor, o dos océanos...

- . Campaña para a redución do uso da auga: o bedel manipulou as chaves de auga para reducir o seu uso nas billas.

Concienciación a partires de cortametraxes.

- . Campaña de Nadal

A decoración de Nadal foi toda con materiais de refugallo.

- . Creación de embrullos para regalos a partires de cartóns, periódicos...
- . Día dos Océanos

Participamos na campaña de Teachers for the future para o día dos océanos. Cada neno fixo a súa man e escribiu dentro o seu compromiso para o coidado dos océanos. Enviamos as mans a Madrid para a creación dun mural colectivo.

COIDADADO DA CONTORNA

Día a día nos atopamos que no camiño o cole hai lixo e desperdicios de animais, polo que traballamos cos alumnos este tema e creamos actividades de difusión para a veciñanza. Así tamén pediremos ao concello máis papeleiras e control neste aspecto.

O alumnado de 5º de infantil creou uns carteis sinalizadores.

RECICLADO

- . Continuaremos clasificando a basura xerada nas aulas e depositandoa nos tres tipos de contenedoras distribuidos polas aulas: papel e cartón, plásticos e similares, e restos orgánicos. Este curso mercamos novos contenedores debido o deterioro dos anteriores.
- . Recollida dos restos orgánicos para a compostaxe
- . Uso de materiais de refugallo e da natureza para crear xoguetes, manualidades... Pondo a disposición de todo o equipo de mestres materiais funxibles para a realización dos mesmos.
- . Creación de xardins con elementos de reciclaxe
 - O xardín de plantas aromáticas está feito con palets vellos, e plantamos sobre rodas reutilizadas.
- . Recollida de pilas usadas de todo tipo, dentro do programa Pilabot
- . Recollida de tapóns
 - Os tapóns tamén son utilizados para diferentes actividades nas aulas.
- . Obradoiro de instrumentos reciclados
 - Todo a alumnado pudo gozar e aprender no obradoiro de instrumentos reciclados da man de Matrácala.

A NATUREZA COMO RECURSO

Moitas actividades consistiron en utilizar elementos da natureza como medio para crear, manipular... Así creamos land art, pintamos con elementos da natureza ou rememoramos a tradición dos maíos.

. **"- AZUCRE + SAÚDE"**

Seguindo co consumo responsable, fixemos unha campaña para que o alumnado visulizara de xeito práctico o azucre dos alimentos.

Todo o alumnado participou no obradoiro

. **"OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN SAUDABLE"**

O longo do curso realizamos diferentes obradoiros de alimentación saudable.

. **"O RESIDUOS NOS RECREOS"**

Participamos na proposta de "Teachers for future, Spain" de 0 residuos nos recreos. Levamos a cabo pesadas de lixo sorpresa e creamos conciencia no alumnado e nas familias, visionando cortos da problemática do plástico nos océanos. Creamos un cartaz informativo para os corredoiros e un pequeno resumo de cómo reducir o lixo no día a día, que entregamos as familias.

Conseguimos reducir o lixo dende outubro con 3,6 Kg ata maio con só 2 Kg de lixo.

Con cada pesada facemos unha pequena assemblea no patio para tomar conciencia e aportar solucións.

. **XARDÍN DE PLANTAS AROMÁTICAS**

Creamos un xardín de plantas aromáticas, co que o alumnado coñecerá os beneficios e as cualidades das mesmas, ademais dos seus coidados. Utilizamos palets de refugallo para concienciar da reutilización de residuos.

. **A HORTA DE ELSA**

Cada clase encargárase dun bancal da horta, no que realizará unha plantación en inverno e outra en primavera. Dentro das tarefas serán aboar, coidar, clasificar e recolectar.

. **SAÍDAS A NATUREZA**

Durante o curso, realizaráronse saídas para facer senderismo e percorridos pola natureza con diferentes cursos. Traballando o respecto polo medio, a biodiversidade, exploración de flora e fauna...

. **LIMPEZA DE PRAIAS**

Polo día do medio ambiente, fixemos saídas a distintos tramos da costa e praia, e o Monte Trega co fin de limpar as nosas costas e monte e concienciar da importancia de manter o entorno limpo; e de xerar hábitos saudables para a natureza.

Durante todo o curso, o equipo de mestres levou a cabo un traballo de difusión das accións realizadas no blog de Voz Natura, na páxina web do centro e nas redes sociais do centro así como exposicións duns cursos a outros.

A valoración é positiva, aínda que sabemos que queda moito traballo por facer.

PROPOSTAS DE MELLORA

Maior participación por parte do alumnado e os mestres.

Utilizar materiais de refugallo para as actividades plásticas e artísticas.

5. Radio na biblio

1.- EMISORA

Durante este curso a gravación da radio desenvolveuse nun espazo habilitado no despacho do mestre de inglés. Esta dependencia non reúne as características desexadas para este labor debido, por unha parte á escaseza de espazo e por outra pola falta de illamento acústico posto que está separado da aula de AL por una parede moi fina que permite o paso do son. Estase a habilitar unha nova dependencia nun lugar que ata o de agora ocupaba material de tenis de mesa.

Para a parte técnica contouse cunha mesa de mesturas, catro micrófonos cos seus respectivos auriculares e un ordenador no que recoller en formato dixital as producións.

2.- ACTIVIDADES

Gravación de programas

O alumnado, distribuído por grupos, redactaba o contido da sección que tiña asignada ao longo dunha semana. O luns seguinte gravábase o programa coa supervisión do mestre de música. O alumnado encargouse tanto da parte da voz como da técnica nesta parte do proceso. Ao longo da semana editábase a gravación e, xeralmente o venres, emitíase.

En xaneiro decidiuse facer novas cabeceiras para cada sección para o cal, o alumnado de 6º de primaria fixo unha busca de melodías e cancións con licenza *creative commons*.

Procurouse realizar entrevistas a persoeiros relevantes da nosa contorna en relación a PDI da biblioteca e poñendo en valor a figura da muller como fomento da igualdade.

Realización de podcasts temáticos

Ao longo do curso, ademais dos programas de radio realizáronse dous podcast relacionados coas Letras Galegas.

O primeiro foi para a participación no V Concurso de podcasts radio na biblio realizado polo alumnado de 5º de primaria coa colaboración da mestra titora, da responsable da biblioteca e do responsable da radio e o segundo, no que participaron todas as clases do centro consistiu en gravar curiosidades sobre a celebración do Día das Letras Galegas.

Formación

No mes de febreiro realizouse unha formación sobre radio levada a cabo por Damián Alonso de Ponte... nas ondas! Versou sobre técnica vocal na radio e sobre aspectos técnicos para a gravación de programas. A este asistiron os grupos de 4º, 5º e 6º de primaria. Tamén houbo unha formación para profesorado:

<https://www.instagram.com/p/CpfmkevIUh-/>

Escolla do logotipo

No CEIP Manuel Rodríguez Sinde xa funcionara unha radio escolar a mediados dos anos 90 co nome de Radio Papaventos polo que se decidiu no seu momento manter esta denominación.

Este curso realizouse un concurso para a escolla dun logotipo da radio con ampla participación entre o alumnado e as familias. Tamén se realizou a resolución do concurso e a entrega de agasallos (chapas co logo para as nenas e nenos participantes e uns auriculares para a gañadora) coincidindo co Día mundial da radio. O logotipo escollido pode verse no [espazo web da radio](#).

3.- RECURSOS

Como xa se dixo, o alumnado participou nun concurso de logos. O deseño gañador dixitalizouse para facilitar o seu uso en diversos aspectos.

Creáronse cabeceiras para as distintas seccións empregando música con licenza *creative commons* e a voz do alumnado.

Todas as producións radiofónicas (13 programas e 2 podcast) están dispoñibles na web corporativa.

4.- CURRÍCULO

A través desta actividade tentouse colaborar no logro dos seguintes criterios de avaliación:

Competencia dixital

- CD1. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.
- CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais.

Lingua galega

- CA2.3. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. (OBX.3)
- CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. (OBX.6)
- CA3.6. Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. (OBX.5)

Música e danza

- CA2.4. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. (OBX.5)

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Durante a primeira etapa participou exclusivamente o alumnado de 6º de primaria e a partir do segundo trimestre incorporouse todo o alumnado de 5º de primaria.

6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO

Na radio participaron principalmente as titoras de 5º e 6º de primaria na parte de supervisión dos textos elaborados polo alumnado e o mestre de música na parte de montaxe e difusión dos programas.

Todas as titoras participaron na elaboración dun podcast de curiosidades sobre as Letras Galegas. Por outra banda parte do profesorado foi entrevistado ao longo do curso.

Tamén se entrevistaron a persoas, principalmente mulleres, relevantes para o pobo da Guarda.

7.- VISIBILIDADE. DIFUSIÓN

Ademais de estar dispoñibles na web do centro para toda a comunidade educativa, os programas emitíronse a través da megafonía do centro cunha frecuencia quincenal.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/taxonomy/term/658>

Ao podcast das Letras Galegas déuselle difusión a través dun código QR inserido en marcapáxinas que se distribuíron pola vila.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/node/1331>

F. ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Director	D. Javier Constenla Ribadeo
Xefa de estudos	Dna. Marcolina Núñez Franco
Secretario	D. Luís Alberto Alonso Vicente

A finalidade do equipo directivo foi a de xestionar todos os recursos existentes na procura do seu aproveitamento cara a acadar os obxectivos propostos. Elaborouse e tratouse de levar a cabo a Programación Xeral Anual e procurouse unha coordinación á hora de realizar as actividades propostas. Houbo unha implicación activa de toda a comunidade escolar o que facilitou o reparto de tarefas e responsabilidades coa finalidade de satisfacer as necesidades educativas do centro e conseguindo entre todas e todos un bo funcionamento e un bo clima de traballo e cooperación.

O papel directivo como dinamizador da actividade pedagóxica do centro fomenta a coordinación entre os diferentes cursos e a participación en plans e proxectos de innovación educativa, proxectos que coa colaboración do claustro poden ser postos en marcha.

Asumíronse traballos por mor da pandemia para os que non se estaba preparado nin debería corresponder aos equipos directivos (xestión de contactos estreitos, reparto de máscaras e test de autodiagnóstico, xestión de confinamentos,...)

1. Consecución dos obxectivos propostos. Avaliación dos resultados

En canto a programas de innovación educativa puxéronse en marcha os seguintes proxectos:

CONTRATOS-PROGRAMA:

PROA+

Contar cunha mestra de reforzo todo o curso foi moi beneficioso, tanto para o alumno participante, como para o resto do grupo que podía ter maior atención por parte da titora. O resto do centro tamén se beneficiou posto que este grupo precisou un menor número de apoios grazas a isto.

INCLÚE e INNOVA

Considérase positiva a participación neste programa posto que se diversificaron as actividades a realizar ao longo do curso e supuxo unha inxección económica positiva.

A parte negativa é a cantidade de burocracia que implican todos estes Contratos-Programas.

PLAMBE

Durante este curso, como queda reflectido na memoria da biblioteca, conseguiuase seguir participando no PLAMBE. A dotación económica permitiu seguir mellorando os fondos da biblioteca.

É de destacar o traballo do equipo de biblioteca e da coordinadora durante todo o curso no fomento do proxecto lector do centro e na dinamización de diferentes actividades co gallo da celebración de distintas festividades. Este ano, debido ao coronavirus, evitouse que o alumnado coincidira na biblioteca polo que se estableceron quendas para os recreos.

PROXECTO ABALAR

Seguimos sendo un centro Abalar en 5º e 6º de primaria pero os equipos están cada vez máis obsoletos e a Consellería non realiza o mantemento que debería. A pesar disto seguíronse a empregar con asiduidade.

SECCIÓN BILINGÜE

Sección bilingüe en 1º e 2º de primaria na área de plástica.

A sección bilingüe ven funcionando dende o curso 2013-2014 na área de plástica en primeiro e segundo de primaria. A valoración deste proxecto ao longo destes anos é positiva.

Grazas a isto, este curso contamos co apoio dunha auxiliar de conversa no noso centro compartida co CEIP Nicolás Gutiérrez Campo. Este recurso é moi valioso para o alumnado xa que crea situacións comunicativas reais, o que é un elemento moi enriquecedor e motivador para os nenos e nenas.

VOZ NATURA

Por quinto ano consecutivo participouse no Programa Voz Natura. Este ano as actividades centráronse no traballo da horta e no lixo da nosa contorna.

Solicitouse e foi concedida a participación neste programa para o vindeiro curso.

XEFATURA DE ESTUDOS

No referente aos horarios, dáse prioridade á atención das necesidades de apoios nas aulas, horas de biblioteca, coordinacións, dispoñendo en cada sesión cando menos dous mestres ou mestras para facer as gardas.

Por parte da Xefatura de Estudos deséñanse horarios para que a distribución de traballos nas diferentes festas e actividades complementarias do centro permitan unha adecuada atención do alumnado e unha eficaz realización das tarefas pertinentes.

SECRETARÍA

Na Xestión económica pódese dicir que o balance foi positivo, as contas a fin de ano foron revisadas e aprobadas pola Comisión Económica e o Consello Escolar, quedando un remanente de 30.956,43€ aínda que nestes, por instrucións da Consellería, se inclúen 789,50€ que nos foron ingresados no 2023 e que a Consellería indicou que debían constar nas contas de 2022.

No orzamento para o vindeiro curso fíxose un reparto equitativo para os ciclos e departamentos, e un orzamento de 1300 euros para os fondos da biblioteca así como unha previsión de gastos de funcionamento para o ano 2023.

MANTEMENTO DO CENTRO

Este curso, xunto coa ANPA, mantivéronse reunións co Concello e coa Xefatura Territorial de Educación para tratar de solucionar diversas carencias no mantemento do centro así como buscar a mellora do patio do centro que non se considera axeitada e a construción dos baños anexos ao pavillón. Conseguiuse que visitara o centro unha persoa da Unidade Técnica para ver in situ as necesidades do centro. Seguimos á espera da contestación por parte deste departamento.

Enviáronse por sede electrónica ao Concello as necesidades de mantemento existentes no centro. Segue habendo bastantes melloras reclamadas que seguen sen ser efectuadas. Fixeron unha limpeza do terreo máis próximo ao centro pero segue a ser precisa unha limpeza da maleza nos terreos que arrodean o recinto escolar. Por outra banda, os desprendementos de terra no muro próximo á entrada á Horta de Elsa seguen sen solucionarse a pesar de haber unha proposta por parte do Concello.

Solicitouse ao Concello que a persoa de mantemento non realice traballos externos aos centros educativos (os tres equipo directivos dos colexios públicos coincidimos en que fai moi bo traballo pero resulta insuficiente para atender correctamente os tres). Do mesmo xeito solicitouse que se estableza un calendario de reparto por centro.

Estase a acondicionar un espazo para a radio escolar posto que o utilizado ata agora non reúne as características aconsellables

2. Análise das dificultades

Este ano foi relativamente tranquilo con respecto aos anteriores.

A participación en diversos programas da Consellería, aínda que é positiva para o centro, repercute negativamente no incremento da burocracia que é xa de si sumamente extensa.

Realizouse un PFPP de dinamización de patios que se poñerá en marcha para o curso seguinte. Considérase positiva a súa participación pero botouse en falta unha terceira xornada de formación que é o aspecto máis interesante desta actividade. Tamén se realizou un PFPP sobre o Plan Dixital pero o desenvolvemento deste non foi valorado positivamente polo que non se continuará para o curso seguinte.

3. Análise dos resultados

Tendo en conta as dificultades salientadas e a enquisa cuberta polo profesorado, cremos que se pode considerar positivo o traballo realizado polo equipo directivo.

4. Propostas de mellora

Continuar participando nos mesmos plans.

Tentar de rematar de pintar o muro do patio de Infantil.

Continuar co proxecto de patios focalizado en integrar a todo o alumnado nos xogos do tempo de lecer.

5. Conclusións

A marcha en xeral do centro foi boa, con moito traballo e moitas achegas por parte de todo o profesorado o que implica ás veces unha sobrecarga de traballo. Trátase de solucionar as dificultades que van xurdindo e as conclusións son positivas.

G. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO POR PARTE DO PERSOAL DE SECRETARÍA E DOS MEMBROS DO EQUIPO DIRECTIVO

A atención ao público fíxose, sempre que se puido, nas horas de dedicación aos distintos cargos que figuran na táboa que se recolle a continuación. Moitas veces a atención ao público producíase fóra do horario lectivo.

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Dirección Xefatura Secretaría	Dirección Xefatura Secretaría	Dirección Secretaría	Secretaría	Dirección Secretaría
2ª				Dirección	Xefatura
3ª			Xefatura		
4ª					
5ª	Dirección				Dirección Xefatura

H. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

A continuación recóllese os cursos nos que participou o profesorado do centro:

- Elaboración de programacións coa aplicación informática PROENS para Infantil e primaria
 - Don Luis Alberto Alonso Vicente
 - Dona Belén Bascoy Cao

- Don Javier Constenla Ribadeo
- Dona Cristina Rodríguez Pumar
- Dona Mercedes Sánchez García
- PFPP V2231128 O Plan Dixital do Sinde
 - Dona Nerea Costas Pereira (coordinadora)
 - Don Javier Constenla Ribadeo
 - Dona Ester Pérez Martínez
- PFPP V2231128 O patio do Sinde en movemento
 - Dona Jennifer Otero González (coordinadora)
 - Dona María Alonso Cerqueira
 - Don Luis Alberto Alonso Vicente
 - Dona Belén Bascoy Cao
 - Don Javier Constenla Ribadeo
 - Dona Nerea Costas Pereira
 - Dona M^a Montserrat Garcés Domínguez
 - Dona Belén Giménez Solla
 - Dona María del Carmen González Barbosa
 - Dona Beatriz Lomba Portela
 - Dona Isabel Martínez Álvarez
 - Don Marcos Mazás Fuentes
 - Dona Marcolina Núñez Franco
 - Dona Ester Pérez Martínez
 - Dona Cristina Rodríguez Pumar
 - Dona Iris Rodríguez Rodríguez

- Dona Mercedes Sánchez García
- Dona M^a. Isabel de la Santísima Trinidad Gómez
- Outros cursos:
 - Dona Beatriz Lomba Portela:
 - Elaboración de programacións coa aplicacións informática PROENS para infantil e primaria.
 - Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares.
 - Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia.
 - A ensinanza Relixiosa Escolar na LOMLOE
- Ademais disto, o director asistiu a diferentes videoconferencias ou actividades ás que foi convocado ao longo do curso relacionadas con temáticas como a dixitalización do sistema educativo ou a nova lexislación de matriculación. Tamén houbo unha xornada de formación por parte do asesor Abalar da zona de Tui referente ao uso dos paneis dixitais instalados ao longo do curso nas aulas de infantil e dos catro primeiros cursos de primaria.

I.- ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE CUARTO DE PRIMARIA

Non se fixo este curso

J. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2022/2023

Curso e etapa	Área / Materia	Título, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
	Matemáticas	1PRI MATE+ Matemáticas para pensar. Serie PRACTICA. 2022	978-84-680-7894-6	Cast.

1º de educación primaria	Lingua Galega	1PRI LINGUA Construíndo mundos (1-2). Santillana. 2022	978-84-9185-532-3	Gal.
	Lingua Castelá	1PRI LENGUA Primeros Pasos PAUTA Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7160-2	Cast.
	Ciencias da Natureza	1PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-411-1	Gal.
	Ciencias Sociais	1PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-414-2	Gal.
	Lingua Inglesa	KIDS CAN! 1 Pb&ExtraFun ePk. Editorial Macmillan	9781380051660	Ing.
2º de educación primaria	Matemática	Matemáticas OAOA. Cuaderno de actividades. 2º de Primaria (Alumnado).	978-84-09-41174-0	Cast.
	Lingua Castelá	2PRI LENGUA SHContigo Mochila Ligera Lengua Castellana. Cuaderno. Santillana. 2018	978-84-680-4746-1	Cast.
	Ciencias da Natureza	2ºCIENCIAS DA NATUREZA Saber Facer Contigo Santillana. 2018	978-84-9185-036-6	Gal.
	Ciencias Sociais	2º CIENCIAS SOCIAIS Saber Facer Contigo Santillana. 2018	978-84-9185-033-5	Gal.
	Lingua Inglesa	KIDS CAN! 2 Pb&ExtraFun ePk. Editorial Macmillan	9781380051790	Ing.
3º de educación primaria	Lingua Galega	3PRI LINGUA Construíndo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-409-8	Gal.
	Lingua Castelá	3PRI LENGUA Construyendo mundos Mochila Ligera. Santillana. 2022	978-84-680-7201-2	Cast.
	Matemáticas	3PRI MATE+ Serie PARTICIPA. Santillana. 2022	978-84-680-7670-6	Cast.
	Ciencias da natureza	3PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-410-4	Gal.
	Ciencias Sociais	3PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-416-6	Gal.

	Lingua Inglesa	KIDS CAN! 3 Pb ePk KIDS CAN! 3 Ab&ExtraFun ePk. Editorial Macmillan	9781380072863 9781380052872	Ing.
	Relixión Católica	3PRI RELIGION CATOLICA Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7143-5	Cast.
4º de educación primaria	Lingua Galega	Proxecto "Saber hacer".Mochila ligera. Santillana	9788499726168	Gal.
	Lingua Castelá	Proxecto "Saber hacer".Mochila ligera. Santillana	9788468029566	Cast.
	Matemáticas	Proxecto "Saber hacer".Mochila ligera. Santillana	9788483056097	Cast.
	Ciencias Sociais	Proxecto "Saber hacer". Santillana	9788499727141	Gal.
	Ciencias Natureza	Proxecto "Saber hacer". Santillana	9788499726380	Gal.
	Lingua Inglesa	TIGER 4 Ab A Pk TIGER 4 Pb Pk Carol Read and Mark Omerod. Editorial Macmillan E.L.T. 2015	978-0-230-43118-8 978-1-380-01463-4	Ing.
5º de educación primaria	Matemáticas	5PRI MATE+ Serie PARTICIPA. Santillana. 2022	978-84-680-8510-4	Cast.
	Ciencias Natureza	5PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-407-4	Gal.
	Ciencias Sociais	5PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-415-9	Gal.
	Lingua Castelá	5PRI LENGUA Construyendo mundos Mochila Ligera. Santillana. 2022	978-84-680-7200-5	Cast.
	Lingua Galega	5PRI LINGUA Construindo mundos. Santillana. 2022	978-84-9185-412-8	Cast.

	Inglés	KIDS CAN! 5 Pb ePk KIDS CAN! 5 Ab&ExtraFun ePk Editorial Macmillan	9781380072887 9781380053411	Ing.
	Relixión Católica	3PRI RELIGION CATOLICA Construyendo mundos. Santillana. 2022	978-84-680-7145-9	Cast.
6º de educación primaria.	Matemáticas	Proxecto Saber Facer. Pilar García Atance , Magdalena Rodríguez, Carlos Pérez. Santillana	9788468030333	Cast.
	C. da Natureza	Proxecto Saber Facer. Luz Cures Vázquez e outros. Santillana-Obradoiro	9788499725871	Gal.
	Ciencias Sociais	Proxecto Saber Facer. Mar García González e outros. Santillana-Obradoiro	9788499724409	Gal.
	Lingua Castelá	Proxecto Saber Facer. Asunción Honrado Marchán e outros. Santillana.	9788468031712	Cast.
	Lingua Galega	Proxecto Saber Facer. Teresa Broseta Fandos e outros. Santillana-Obradoiro	9788499724973	Gal.
	Valores Sociais e Cívicos	Valores Sociais e Cívicos. Santillana José Luis Alzu Boñi e outros	9788468028507	Cast.
	Inglés	TIGER 6 Ab B Pk TIGER 6 Pb (ebook)Pk Carol Read and Mark Omerod.Editorial Macmillan. E.L.T.	978-0-230-43145-4 978-1-380-01465-8	Ing.

K. AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

1. Obxectivos e actividades realizadas.

No primeiro claustro do curso revisouse o Plan de evacuación e renovouse o equipo de emerxencias.

XUNTA DE AUTOPROTECCIÓN	NOME E APELIDOS
-------------------------	-----------------

DIRECTOR DO CENTRO	Don Javier Constenla Ribadeo
REPRESENTANTE DOCENTES	Don Luís Alberto Alonso Vicente
REPRESENTANTE DO PERSOAL NO DOCENTE	Dona Amalia Fernández González
REPRESENTANTE DO ANPA	Don Luís Eduardo Castro Rodríguez
XEFE DE EMERXENCIA	Don Javier Constenla Ribadeo ou cargo directivo presente no centro
XEFE DE INTERVENCIÓN	Dona Marcolina Núñez Franco SUPLENTE Don Luís Alberto Alonso Vicente
EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN	<p>TODO O CENTRO:</p> <p>Don Javier Constenla Ribadeo.</p> <p>PLANTA ALTA:</p> <p>Dona Marcolina Núñez Franco e profesor de garda.</p> <p>PLANTA BAIXA:</p> <p>Profesor/a de Apoio en educación infantil e profesor/a que estea de garda.</p> <p>SOTO:</p> <p>Don Luís Alberto Alonso Vicente.</p>

2. Atrancos atopados:

Durante o simulacro produciuse un malentendido co GES da Guarda posto que se realizou unha chamada para avisar de que se comezaba o simulacro e entenderon que se produciría unha segunda chamada.

3. Suxestións de melloras:

Revisar e enviar o plan de evacuación ao inicio de curso.

No vindeiro curso facer novamente o simulacro durante o primeiro trimestre e seguir solicitando a colaboración dos bombeiros.

Solicitar portas de seguridade nas entradas do centro en caso de que finalmente non as instalen antes do inicio do curso 23-24.

L. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA

1. Relación coa comunidade:

A relación co Concello foi fluída a pesar de que a representante non puido asistir a algunha das reunións do Consello Escolar. O mantemento por parte do Concello é mellorable posto que segue pendente o establecemento de medidas relativas ao gas radon nas estancias inferiores e no acceso á horta de Elsa. Tamén son precisas melloras no pavillón (reparación humidades e pintado). Solicitouse a instalación duns baños no mesmo tanto a eles como a Xefatura territorial mais de momento non houbo avances. Pola contra hai que salientar que está adxudicada a obra dos Camiños Escolares do Sinde.

Estase a estudar a viabilidade da naturalización do patio do sol cunha proposta de intercambio de terreos, quedando no aire tralo cambio de goberno.

Enviárase a relación de arranxos e mantementos de cara ao verán. Ao longo do curso, xunto cos outros dous equipos directivos dos centros públicos da vila, solicitouse que a persoa de mantemento non se adique a outras tarefas. Consideramos que, aínda que a súa labor é impecable, resulta insuficiente unha persoa para tres centros destas dimensións e, menos aínda, se ten que compatibilizar este traballo con outros (por exemplo atender o punto limpo). Tamén se solicitou establecer un calendario de asistencia aos centros para coñecer a dispoñibilidade do encargado de mantemento.

Participáronse na maioría de actividades ofrecidas polo Concello este curso.

No que atinxe á relación coa A.N.P.A. Citania, a única asociación escolar de nais e pais que hai na escola, dáse un diálogo continuo e a súa achega é sumamente positiva. Xestionan o comedor escolar, actividades complementarias (andainas, xornadas de convivencia, obradoiros,...) e colaboran activamente noutras celebracións (Samaín, xornada multicultural, Nadal, fin de curso,...)

Retomáronse as xornadas de portas abertas á comunidade educativa, principalmente para as familias novas no centro.

Con outras organizacións:

- Coa ONCE, asiste a o centro unha docente para traballar cun alumno un martes si e un non durante unha sesión.
- Co San Xerome: participación na xornada de convivencia "Troulada no monte" na que se recrearon certos aspectos da Festa do Monte. Tamén acudiu ás súas instalacións o alumnado de 4º de primaria para unha convivencia.
- Asociación de saúde mental "Abelaíña": o alumnado de 3º de primaria visitou a súa sede para unha xornada de portas abertas.

- Co Grupo de Emerxencias Supramunicipal: colaboraron cunhas charlas sobre primeiros auxilios para o alumnado de educación primaria e para o profesorado. Tamén estaba prevista a súa participación no simulacro de evacuación.

Cos outros centro públicos da vila: actividade conxunta do Día das letras galegas.

Asociacións deportivas: mostras do seu deporte para o alumnado (judo, hockey en liña, balonmán, petanca,...)

Club de tenis Codesal: celebración da festa de fin de curso nas súas instalacións.

2. Sistema de información ás familias:

A vía principal de comunicación coas familias foi Abalar móbil sen prexuízo de empregar notas impresas cando se considerou máis axeitado.

A inicio de curso informouse ás familias do funcionamento global do centro. Do mesmo xeito, as titoras informaron de xeito colectivo dos aspectos máis salientables do curso e do seu desenvolvemento. Algunhas titoras tamén mantiveron unha reunión individual coa familia de cada alumno/a.

Cada martes o profesorado atendía ás familias que quixesen recibir información sobre a marcha do seu fillo/a. Ao remate de curso, coa modificación do protocolo da Consellería xa se permitiu o acceso xeneralizado das familias ao centro.

Para as saídas dentro da comunidade solicitóuselles unha autorización ao comezo de curso, e ademais foron informados puntualmente da actividade a realizar, do horario, lugar e profesorado acompañante. Pedíuselles ás familias autorización para a realización de todas as saídas fóra da localidade, tanto as propostas con antelación na Programación Xeral Anual como nas que, ao longo do curso, foron xurdindo.

Das actividades extraescolares e complementarias que tiñan lugar fóra do Concello ademais de pedirlle a autorización ás familias, enviouse notificación ao Servizo de Inspección Educativa, xunto cos grupos participantes, profesorado acompañante, data, hora e lugar de celebración.

Para a saída do alumnado 5º e 6º de primaria do centro solicitouse ao comezo de curso unha autorización na que o titor ou titora legal permitía que o alumno deixase o recinto escolar sen unha persoa responsable.

O alumnado do resto de cursos era acompañado polo profesorado que impartía docencia na última sesión e entregados ás súas familias.

Dentro do horario lectivo a saída do alumnado tiña que ser requirida polo seu pai/nai ou persoa autorizada, deixando constancia nos impresos individuais na secretaría do centro.

Por parte da dirección do centro procurouse dar cumprida información de todo tipo de actividades, convocatorias, axudas... relacionadas co ámbito educativo dos seus fillos/as.

Os taboleiros de anuncios do centro expuxeron os carteis informativos tanto do centro como doutras institucións.

Procurouse ter a páxina web actualizada en todo momento, recollendo a información máis relevante no taboleiro de anuncios da primeira páxina. Tamén se informou de aspectos relevantes a través das redes sociais. Este curso continuouse coa a conta de Instagram do centro na que se publican imaxes destacadas do transcórreo do curso. Nunca se publican a través das RRSS imaxes ou outros datos persoais do alumnado.

Xestionáronse diferentes blogs (Voz natura, Bibliosinde e bitácoras de aula) a través dos cales se compartiron os resultados dos traballos do alumnado.

Outro dos medios empregados foi Abalar móbil. Cabe salientar que, en ocasións puntuais, enviouse información impresa.

Fíxose uso da aula virtual e ademais dotouse de maior cantidade de recursos.

Tamén se puxo en marcha a Radio Papaventos que emitiu 19 programas en formato podcast.

Para o vindeiro curso tentaremos continuar nesta dirección e mellorar o uso do Abalar móbil por parte das familias. Para isto tentarase facer chegar ás familias algún titorial encamiñado a que activen as notificacións da aplicación de xeito que reciban un aviso cada vez que se publica unha notificación.

M. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

No presente curso usaron o pavillón do centro, tras a solicitouse pertinente e autorización por parte da Xefatura Territorial:

- ✓ Grupo de baile e gaitas "Do lusco O fusco", os sábados de 15:00 a 18:00 horas.
- ✓ Grupo de patinaxe da Deputación, organizado polo Concello, os venres de 18:30 a 20:30 horas.
- ✓ Actividade de atletismo, organizada polo Concello, os venres de 16:00 a 18:00 horas.
- ✓ Club de Tenis O Codesal, de luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas e os sábados de 10:00 a 13:00 horas.
- ✓ Club de balonmán Atlético Guardés, para as escolas deportivas, os xoves de 16:00 a 17:00 horas e mentres estivo o seu pavillón en reformas, os martes, mércores e xoves de 16:00 a 17:15 horas e os mércores de 20:30 a 22:30 horas.
- ✓ Equipo de fútbol sala do Glasgow, os luns, martes e venres de 21:00 a 23:00 horas.

A Asociación de Nais e Pais do C.E.I.P. Manuel Rodríguez Sinde utilizou as instalacións do centro para actividades (Comedor) e tamén para facer as súas reunións. Organizaron dous obradoiros de cociña e un de manualidades de xeito puntual.

N. NECESIDADES DO CENTRO

1. Necesidades de recursos humanos

En canto a profesorado, este curso tivemos o cadro de persoal cuberto e gran parte do profesorado é definitivo no centro. Contamos cunha interinidade en 1º de Educación primaria. A segunda mestra de P.T. e a mestra de A.L. foron asignadas en Comisión de servizos e para o curso 23-24 continuarán na mesma situación. Para o curso que vén está previsto que sexa preciso cubrir con interinidades as prazas de dúas mestras que se xubilan.

Debido ao descenso da súa necesidade renunciouse á segunda coidadora no segundo trimestre.

A auxiliar de conversa continuou a estar compartida con As Solanas acudindo ao noso centro os martes e mércores desde o 1 de outubro ata o 30 de maio. A auxiliar deste curso solicitou repetir o curso seguinte e estamos á espera de que nos confirmen este feito. Este feito é moi importante e positivo para a formación do noso alumnado.

En referencia ao persoal non docente, o Concello segue asignando unha persoa de mantemento para os tres centros públicos que vai resolvendo a meirande parte das necesidades que se presentan. Non obstante, como xa se dixo en apartados anteriores, consideramos que unha persoa para tres centros resulta insuficiente, tendo en conta que noutros concellos dotan unha persoa por centro. Consideramos o traballo do persoal de mantemento é impecable.

2. Necesidades de recursos materiais

Remitírase unha ficha de solicitude de mobiliario para a biblioteca e aulas á Secretaría Xeral a través do Servizo de Inspección Educativa no mes de xullo.

Con cargo ao presuposto do PLAMBE este curso mercáronse libros de consulta e lectura.

Ao igual que en cursos pasados contamos co asesoramento e mantemento dun técnico informático que solucionou aquelas incidencias que desde o centro non se deron arranxado.

Realizáronse melloras de hardware en outros. Paulatinamente tratarase de seguir renovando os equipos informáticos das aulas.

Segue a estudarse a forma de naturalizar e revitalizar o patio do sol.

Segue a demandarse a construción duns baños anexos ao pavillón. Considérase necesaria esta actuación tanto para o alumnado do centro que emprega o pavillón ou o patio do sol, como para as persoas e rapazada que o usan en actividades alleas ao centro. Pedírase tamén a limpeza dos muros e o mantemento de todas as estruturas metálicas que presentan ferruxe.

Reparar o chan do ximnasio que está con couza e xa faltan táboas na tarima.

Seguir mantendo os xardíns do centro e os patios.

Realizar as melloras programadas con respecto á presenza de radon en determinadas aulas.

Está prevista a posta en marcha dos Camiños Escolares Seguros do Sinde.

Ñ. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBOECTIVOS PROPOSTOS AO PRINCIPIO DE CURSO NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A meirande parte dos obxectivos propostos na programación xeral anual foron acadados, tal e como se recolle nos apartados de cada ciclo ou curso e equipos de dinamización. Con todo, hai certos aspectos que poderían mellorar como son:

-Seguir traballando no Plan Lector para que contribúa a formar alumnado crítico, capaz, e que saiba usar os recursos que teñen á súa disposición co que iso supón para acadar unha das competencias básicas: aprender a aprender.

-Unha mellor coordinación vertical entre os distintos cursos, sobre todo a nivel de obxectivos e contidos establecidos no currículo.

- Mellorar a atención a todo o alumnado con necesidade específica de apoio educativo incluíndo o alumnado de educación infantil.

-Fomento do uso do galego por parte do alumnado.

Para comprobar o grao de consecución dos obxectivos máis polo miúdo, remítese ás análises puntuais de cada curso,ciclo de educación infantil e equipos de dinamizacións recollidas neste documento.

O. AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

Ao remate do curso, pasouse unha enquisa ao profesorado para avaliar o Plan de igualdade. A continuación amósanse os valores medios para cada estándar, sendo 1: Nada e 4: Moito

ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN	Puntuación media
✓ Promoveuse o coñecemento de mulleres relevantes na sociedade e da contribución da muller ao seu desenvolvemento.	3,77
✓ Tráballouse a prol da eliminación de actitudes, comentarios, accións ou roles de carácter machista.	3,85
✓ Emprégase cada vez máis unha linguaxe inclusiva tanto na fala coma na escrita por parte do profesorado e do alumnado.	3,70
✓ Realizáronse agrupacións mixtas evitando a segregación por sexos.	4,00
✓ Empregouse material didáctico carente de connotacións machistas.	3,77
✓ Prestouse atención á detección de casos de acoso ou malos tratos en	3,83

relación ao sexo, á identidade ou á orientación sexual.	
✓ Actuouse con rapidez e aplicouse o NOF e o Plan de convivencia nos casos de acoso e/ou violencia de xénero*	3,60
✓ Traballáronse os valores favorecedores dunha convivencia harmónica.	3,77
✓ O currículo inclúe a diversidade LGTBI, a corresponsabilidade e a igualdade de xéneros.	3,46
✓ Incrementouse a cantidade de bibliografía referente á igualdade.	3,50
✓ Realizáronse actividades conmemorativas (Eliminación da violencia de contra as mulleres, Día da muller traballadora e celebracións LGTBI).	3,77
✓ Procurouse unha organización de tempos e espazos que favorecese a igualdade de nenas e nenos.	3,85
PUNTUACIÓN TOTAL	44,87

* So non caso de que se produciran estes casos.

NOTA: Responderon a enquisa 13 persoas.

De acordo co establecido no Plan de igualdade, considérase que a valoración é moi positiva posto que a puntuación total supera con moito os 30 puntos e aumentou a cualificación con respecto ao curso anterior.

Propostas de mellora

Realizar algunha actividade co gallo do mes LGTBI.

Continuar traballando na mesma liña.

P. VALORACIÓN DO CURSO 2022-2023

A marcha do ano académico 2022-2023 tivo os seus atrancos recollidos con anterioridade que intentamos solucionar da mellor forma posible. A vida docente/administrativa diaria, estivo marcada pola sobrecarga de traballo ao equipo directivo e mestres en xeral.

A solicitude de axuda de fondos de libros e material escolar é un trámite que require moito traballo por parte do equipo directivo, cada vez son máis os atrancos na aplicación, e as datas de admisión e matrícula coincidentes, dificultan e sobrecargan de traballo a un centro que non conta con persoal administrativo.

O profesorado estivo implicado e comprometido co seu labor profesional e isto repercutiu no desempeño dun bo labor docente no que temos que ir mellorando día a día, mergullándonos nas

novas tecnoloxías, indagando e experimentando con novas metodoloxías e formas de aprendizaxe. Houbo unha autoaprendizaxe a marchas forzadas en canto a docencia a distancia.

O profesorado continúa avanzando no emprego das novas tecnoloxías, non hai máis que ver a cantidade de contidos subidos á nosa páxina web ou a creación de novas bitácoras. É importante destacar a da biblioteca que se mantivo moi actualizada durante todo o curso.

O emprego da PDI nas aulas, a aula virtual, o proxecto Abalar, o manexo de XADE por parte do profesorado en canto a cualificacións, informes...é moi bo, e cada vez empregase máis.

Este curso continuouse tamén co uso das redes sociais do centro como outra canle de comunicación e publicidade

Para facer unha valoración e avaliación do funcionamento do centro e a posta en marcha dos diferentes proxectos, pasouse unha enquisa na que se recolleron dificultades atopadas e propostas de mellora:

INDICADORES	PUNTUACION MEDIA (1 - 4)
FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO CENTRO	
Horarios das aulas	3,58
Horarios dos espacios comúns	3,91
Horarios de recreo.	4,00
Horarios de dinamizacións e grupos de traballo.	3,58
Horarios de avaliacións	3,64
Apoios nas aulas.	3,36
Atención ás necesidades educativas especiais.	3,64
Actividades complementarias e extraescolares.	4,00
Información recibida das diferentes actividades.	3,91
Dinamización da biblioteca	4,00
Equipo TIC	4,00
Dinamización da lingua galega	3,83
Equipo directivo.	4,00
Equipo de orientación	3,25
<u>Atrancos atopados</u>	
<ul style="list-style-type: none"> • En 1º tiñan asamblea á primaria hora na hora de especialista e en moitas ocasións perdíanse 30 minutos de clase. • Moito ruído no centro durante as horas lectivas. Pouca coordinación cos profes de apoio. • Exceso de burocracia. • A xefa do departamento de orientación non tivo practicamente contacto directo por propia 	

<p>iniciativa co alumnado NEAE. Desde o meu punto de vista, a observación directa de determinados casos en diferentes contextos é fundamental para un coñecemento máis completo.</p>	
<p><u>Propostas de mellora</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Evitar por hora de especialista na 1º sesión cando fan a assemblea. • Aula para inglés. • En Infantil o horario dos especialistas debería vir marcado despois do patio...excepcion podería estar en psicomotricidade, que esta ben a primeira hora da mañán. • Como idea, propoño cambiar a tarde dos martes pola tarde do luns. 	
<p>PROXECTOS DO CENTRO</p>	
Abalar	3,57
PROA+	3,90
Contratos-Programa	3,81
Radio na biblio	4,00
Sección bilingüe.	3,80
Proxecto de biblioteca	4,00
Voz Natura	4,00
<p><u>Atrancos atopados</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Sen resposta 	
<p><u>Propostas de mellora</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Sería convinte atopar a forma de que se escoite mellor a radio nos corredores. 	
<p>ESPAZOS E MATERIAIS DO CENTRO</p>	
Aulas.	3,33
Espacios comúns (Ximnasio, aula Tic, ...)	3,08
Patios	3,17
Equipamento das aulas, necesidades de material.	3,25
Mantemento e reparacións do centro.	3,00
<p><u>Atrancos atopados</u></p>	
<p><u>Propostas de mellora</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Reparación das humidades no pavillón e no ximnasio e novas nos patios. 	

Desta enquisa, á que responderon 12 persoas, podemos concluír que se valora positivamente a maioría dos apartados (máis de 3 puntos) e os puntos febles son o mantemento e reparacións do centro.

Realizáronse os gastos correspondentes ao proxecto VOZ NATURA cunha dotación de 500 € para gastar en materiais de xardinería. Este proxecto terá continuidade o curso seguinte.

Foi importante continuar co PLAMBE que supuxo unha dotación económica que permitiu continuar o enriquecemento da biblioteca a nivel documental e material.

Valorado positivamente polo Consello Escolar en A Guarda, a 29 de xuño de 2023.

O Director

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'J. Constenla Ribadeo', written in a cursive style.

Asdo.: Javier Constenla Ribadeo